

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5

SESION ORDINARIA DO 30 DE MARZO DE 2009

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta

Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Molares Pérez, Lucía Emilia
Muñoz Posse, Carlota
Porro Martínez, María Corina
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Veloso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día trinta de marzo do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sr. Mariño Mendoza e Sra. Maure Noia e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno en sesión ordinaria convocado por orde do día do 26 de marzo que obra en poder dos señores e señoras concelleiras. Constatamos quórum. Iniciamos sesión pública.

1.- (42).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS 29.12.08 E 26.01.09)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes á sesións ordinarias do 29 de decembro de 2008 e 26 de xaneiro de 2009.

2.- (43).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 12.03.09 MODIFICANDO RESOLUCIÓN DO 05.07.07 DE DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 12 de marzo de 2009, a Alcaldía-presidencia ditou a seguinte resolución:

"Mediante resolución de data 05.07.08, BOP 18.12.2007, esta Alcaldía acordou a estruturación das distintas áreas executivas do equipo de goberno e delegou diversas atribucións.

De conformidade co sinalado nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, resolvo:

Primeiro.- Modificar a miña resolución de data 5.07.2007 no seguinte senso:

- Á Área de Xestión Municipal, identificada no epígrafe II do apartado *Segundo* da resolución, corresponderanlle atribucións en materia de persoal, patrimonio e réxime interior.

- A Área de Economía e Facenda, identificada no epígrafe III do apartado *Segundo* da resolución que tamén xestiona, en virtude doutra modificación anterior de data 31.03.2008, Parques, Xardíns e Limpeza, recollida e xestión de RSU, adscríbeselle a xestión da contratación municipal ata o de agora desenvolvida pola Área de Xestión Municipal que leva o exercizo, por delegación, das atribucións indicadas nos números 1, 2, 3 e 4 da letra b) do epígrafe II apartado *Segundo* da resolución de data 5.07.2007.

S.Ordinaria 26.03.09

Segundo.- Notificar a presente Resolución ós concelleiros delegados afectados.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ós xefes das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que teña coñecemento da mesma."

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

3.- (44).- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2008 DO CONCELLO DE VIGO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, ASÍ COMO DO INFORME DO INTERVENTOR XERAL RELATIVO Á ESTABILIDADE ORZAMENTARIA EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16.2 DO RD 1463/2007 DO 2 DE NOVIEMBRE. EXP.TES. 101375-101385/140.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de febreiro de 2009, o interventor xeral, en cumprimento do establecido no artigo 191.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 90.1 do RD 500/90, do 20 de abril, emite informe da liquidación do orzamento do Concello correspondente ó exercizo económico de 2008.

Con data 26 de febreiro de 2009, a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, en cumprimento do preceptuado nos artigos 191.3 do TRLRFL e 90.1 do RP, aprobado polo RD 500/1990, propón a aprobación da presente liquidación pola Alcaldía-Presidencia, así como dar conta ó Pleno da Corporación.

Con data 2 de marzo de 2009, a Alcaldía-Presidencia dita a seguinte resolución:

"En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local (art. 191.3 do TRLRFL e 90.1 del RD 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda,

RESOLVO:

S.Ordinaria 26.03.09

1º.- Aprobar a liquidación do orzamento deste Concello correspondente ó exercizo 2008 cos estados que conforman os catro tomos que forman parte do expediente, que reproducen toda a documentación que obriga a orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, incorporando a esta Resolución as dúas magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade ó longo do ano 2008, co seguinte detalle:

ESTADO DO REMANENTE DE TESOURERÍA

COMPOÑENTES	IMPORTE ANO	IMPORTE ANO ANTERIOR
1.(+)Fondos líquidos	114.295.516,29	85.656.103,73
-(+)- do orzamento corrente	38.703.100,23	19.704.762,75
-(+)- de orzamentos pechados	81.887.699,40	80.940.016,56
-(+)- de operacións non orzament.	3.375.222,13	1.836.588,87
-(-)- cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	-3.723.778,02	-2.090.997,93
3.-) Obrigas pendentes de pago	63.398.442,23	40.460.920,38
-(+)- do orzamento corrente	42.105.665,12	22.406.906,10
-(+)- dos orzamentos pechados	2.459.843,05	1.192.169,15
-(+)- de operacións non orzament.	18.838.036,13	16.866.947,20
-(-)- cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	-5.102,07	-5.102,07
I. Remte. Tesourería Total (1+2-3)	171.139.317,80	145.585.553,60
II. Saldos de dubidoso cobro	77.607.750,39	73.406.444,52
III. Exceso financmto. afectado	12.971.629,52	8.699.907,01
IV. Remanente Tesourería para Gastos Xerais (I-II-III)	80.559.937,89	63.479.202,07

RESULTADO ORZAMENTARIO

COMPOÑENTES	DEREITOS RECOÑECIDOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	AXUSTES	RESULTADO PPOSTARIO
a. Operacións correntes	227.517.592,39	176.404.101,17		51.113.491,22
b. Outras op. non financeiras	7.847.791,33	28.618.544,85		-20.770.753,52
1. Total op. non financeiras (a b)	235.365.383,72	205.022.646,02		30.342.737,708
2. Activos financeiros	455.567,12	461.567,12		-6.000,00
3. Pasivos financeiros	15.540.257,62	16.755.395,73		-1.215.138,11
RESULTADO PRESUPOSTARIO EXERCIZO	251.361.208,46	222.239.608,87		29.121.599,59

AXUSTES:

4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			10.912.447,82	
---	--	--	---------------	--

5. Desviacións financiamento negativas do exercizo	2.438.822,45
6. Desviacións financiamento positivas do exercizo	8.547.777,50

RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO

33.925.092,36

2º.- De acordo ó previsto no artigo 193.4 do TRLRFL, déase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice, remitíndose copia da mesma á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma antes de finalizar o mes de marzo (art. 174.5 TRLRFL)."

No expediente figura informe emitido polo interventor xeral con data 20 de marzo de 2009 relativo á "Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria a partir dos datos das liquidacións dos orzamentos do exercizo económico de 2008".

De todo o anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O 30 de outubro de 2007, tan só catro meses logo de que se constituíse este novo goberno no Concello de Vigo, presentábamnos diante deste Pleno o primeiro orzamento deste goberno para a nosa cidade. Nese primeiro orzamento, aprobado en tempo e forma por primeira vez en toda a historia democrática desta cidade, xa quedaba ratificado o compromiso deste goberno con todos os vigueses e viguesas. Presentábamnos un orzamento que tiña un claro obxectivo: acadar unha cidade máis humana e habitable, con máis prestacións sociais, con máis atención no eido educativo, coa potenciación das actividades culturais e deportivas e cunha clara aposta pola vivenda a prezos alcanzables. Presentabamos uns orzamentos integradores cun novo modelo de cidade onde os barrios e as parroquias asumían o papel que por dereito lles correspondía, concentrando máis do 90% dos investimentos das humanizacións. Investimentos acompañados ademais pola aposta polo transporte público, polo mantemento viario, pola recuperación dos espazos verdes e de xogo da nosa cidade, pola aprendizaxe do inglés para os nosos fillos e fillas; todo isto dentro dun marco no que se contemplaba o maior orzamento da historia de Vigo xunto co maior volume de investimentos para a cidade.

Daquela o partido da oposición sementaba a dúbida, a incerteza e auguraba a incapacidade deste goberno para levar a cabo eses orzamentos e en definitiva este novo concepto de cidade. Pero a realidade é teimuda e hoxe, que é cando hai que dar conta do feito por este goberno nesta cidade no ano 2008, unha vez máis a razón

ponse da nosa banda e confirma que as promesas que lles fixemos nós ós cidadáns estanse a cumprir e que o que auguraba a oposición non eran máis que mentiras e falacias.

O orzamento definitivo para a cidade no ano 2008 situouse en 266.770.000 euros, un 10,5% máis do orzamento de 2007. Autorizáronse gastos por valor de 251.000.000 euros, un 7,3% máis do autorizado no 2007 e o compromiso de gasto no orzamento acadou a porcentaxe do 99,98% con respecto ó gasto autorizado, a maior porcentaxe acadada nesta cidade. Son cifras que amosan a capacidade de xestión deste goberno para levar a cabo os compromisos cos veciños e veciñas de Vigo.

Pero o orzamento non son só as cifras, detrás de cada número, de cada partida orzamentaria, detrás de cada gasto, de cada proposta, hai unha realidade que hoxe se confirma porque o estado de liquidación do orzamento a 31 de decembro amosa que este goberno investiu máis de 2.000.000 na humanización da zona Povisa, 1.400.000 euros na humanización da zona do Calvario, 500.000 euros en beirarrúas na avenida de Castelao, 200.000 euros na humanización da zona de Balaídos, 1.300.000 euros na humanización de Sanjurjo Badía, 350.000 euros no Mercado de Teis, 600.000 euros na humanización do barrio de Bouzas, 1.500.000 na humanización da rúa Coruña, 600.000 euros en beirarrúas no rural, 300.000 euros na alameda de Beade, 380.000 euros en parques infantís, 270.000 euros en recuperación de espazos verdes, ou 1.300.000 euros para melloras no abastecemento en parroquias como Cabral ou Candeán. En total 25.600.000 euros de investimentos na nosa cidade, acadando o investimento comprometido sobre o investimento autorizado a porcentaxe do 100%.

Non esquezamos os 9.800.000 euros para o auditorio da cidade de Vigo do que toda a cidade, agás os concelleiros do Partido Popular, sabe que se está a construír. Tampouco esquezamos os 9.000.000 para o transporte público, 2.800.000 euros para o mantemento das nosas rúas, 150.000 euros para a supresión de barreiras arquitectónicas ou 1.500.000 euros para programas de emprego; a eliminación de goteiras na lonxa, a eliminación da cuberta de amianto no parque central, o incremento no número de policía e bombeiros así como as melloras nos seus equipamentos, o incremento no número de brigadas de limpeza no rural, a calefacción nos colexios públicos, o programa “Camiño a Camiño”, a reforma dos edificios nas UBAS, as melloras dos pavillóns deportivos, a reforma do Auditorio do Concello, o Plan de Mobilidade do Casco Vello. Esta é a realidade que está detrás das

cifras do orzamento do ano 2008.

É fácil saber cal foi o resultado do orzamento para a cidade, abonda con pasear pola rúa Aragón, por Beiramar, por Beade, por Cabral, por Teis, por Maruja Mallo, por Pablo Iglesias, Bouzas, Rivera Atienza, Navia, pola zona da Pedra. Podería seguir así porque abonda con botar unha pequena ollada a cada un dos barrios da nosa cidade para comprobar que hai un antes e un claro despois. A comparación fotográfica é evidente porque os feitos están aí: humanizacións, parques, zonas de xogo, deporte, xuventude, benestar. Ese foi o noso compromiso e hoxe é xa unha realidade.

Sentímonos moi orgullosos de poder presentar un estado de liquidación do orzamento coma este porque confirma a aposta do goberno por esta cidade, eliminando distincións entre o centro e o resto da cidade e recuperando a dignidade e a atención que se merecen todos os vigueses e viguesas.

Este é o resultado do primeiro orzamento presentado por este goberno e é o primeiro paso, a primeira pedra dunha construción que queremos que sexa sólida pero tamén cálida porque é para todos os veciños e veciñas de Vigo e con ese obxectivo traballamos e seguiremos traballando.

SR. CONDE GIL: Semella que estamos nun Vigo distinto, nun mundo e nunha realidade completamente distinta. Escoitando á concelleira de Facenda vemos que ela cre a súa propia mentira, pero hai un cambio respecto do ano pasado que é de agradecer: polo menos este ano explicou algo porque o ano pasado só presentou o documento e as súas intervencións foron para replicar ó, daquela meu compañeiro, Sr. Guerra.

Á vista da liquidación que presentan, que realmente é o que estamos analizando e non as partidas orzamentarias, atopámonos con algúns datos que poden seren aceptables, aínda que tampouco son para botar foguetes nin para facer aquí ningún tipo de algarada, pero eses datos máis que aceptables poden seren froito da pegada que supuxo para a facenda local a chegada ó goberno do Partido Popular no ano 2003 e os datos así o evidencian coa aprobación do orzamento do 2005 e coas posteriores actuacións no ámbito orzamentario.

Este mesmo documento que vostedes traen a este Pleno ó noso xuízo evidencia un grave problema de xestión por parte do goberno local e os datos están aí. Non sabemos se ese grave problema de xestión ven dado polas diferencias entre os socios do bi-goberno, como tivemos oportunidade de ver esta fin de semana nos

xornais, ou quizais veña pola falla de dedicación que tivo ata o momento a Sra. Díaz -supoñemos que agora terá máis por mor da súa dedicación exclusiva- e á acumulación de tarefas e como botón de mostra o punto segundo da orde do día onde, en detrimento do Sr. López Font, que agora está ocupado noutras tarefas como defender o labor do Sr. Alcalde, as súas funcións trasladáronas á Sra. Díaz. Pero os números están aí e a xestión negativa para os intereses cidadáns vese precisamente por eses números que vostedes presentan que son bastante aburridos.

Sinalar en primeiro lugar que vemos a existencia dunha deficiente previsión do goberno municipal no seu día na aprobación do orzamento. Nese orzamento traían un montante redondeando de 231 millóns de euros entre ingresos e gastos, que tras os axustes do exercizo elevouse en máis dun 15% ata os 266 millóns de euros, o que supón 35.495.000 euros máis de modificacións levado a cabo nos créditos iniciais do orzamento. Isto evidencia que no momento de elaboración do orzamento existía algún tipo de desavinza ou problema de xestión que precisamente levou a que non se axustase máis. Entendemos que a desviación é importante.

Tamén durante o exercizo tramitáronse un total de 157 modificacións de crédito das que dúas se anulaban. En canto a estas modificacións a Base oitava do orzamento, así o sinala no informe o interventor, di que a aprobación dos créditos extraordinarios e suplementos de créditos é competencia do Pleno do Concello previa aprobación pola Xunta de Goberno Local e logo do informe da Intervención Xeral Municipal. O propio interventor no seu informe sinala que "Examinada a documentación contida nos expedientes de modificación presupostaria, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito conséntase que en ningún deles se cumpriu este novo requisito de someter o expediente á aprobación previa da Xunta de Goberno". Estas non son palabras que invente o Partido Popular, son do propio interventor no seu informe, o que non sei se evidencia unha falla de comunicación por parte da Xunta de Goberno Local ou sinxelamente que inventan normas para os orzamentos para logo non as levar a piques.

Outro dato negativo da xestión orzamentaria do goberno é o nivel de execución dos ingresos de natureza corrente do orzamento do exercizo económico correspondente ó ano 2008 que representa un 110,46% sobre as previsións definitivas que vostedes sinalaban no 2007, un 118,28%. Este índice supón unha variación de signo negativo en termos porcentuais respecto do ano anterior dun 6,61%. Se facemos a comparanza entre niveis totais de dereitos recoñecidos entre os dous anos a

variación porcentual é dun 6,12%. Aínda que no informe do interventor se sinala que existe dificultade de comparanza dos datos do 2008 cos do 2007 por devir estes dun orzamento prorrogado do ano 2005, xa me adianto seguramente ó que me ía dicir, Sra. Díaz, o certo é que o que se prorrogan son os gastos, os ingresos actualízanse todos os anos e para iso existe o correspondente Pleno no que se actualizan os tributos, taxas e prezos públicos municipais. Por iso non é certo o dato e si o feito de que de novo se evidencia a dificultade de xestión do orzamento por parte do goberno municipal.

As taxas e outros ingresos tiveron un nivel de execución inferior en case oito puntos porcentuais ó exercizo 2007, malia a devandita diminución se o capítulo tivo un relativo bo comportamento foi en gran medida por mor das multas derivadas de sancións de tráfico que acadaron un nivel de execución sobre a estimación orzamentaria do 375,73%, resultando uns dereitos recoñecidos netos de máis de once millóns de euros.

Aquí lembro que o Sr. Calviño no seu día “demonizou” ó coñecido como “multa-móbil”, demonizaba tamén a posta en funcionamento dun segundo coche destas características e o certo é que os datos están aí, se salvaron este capítulo de liquidación do orzamento foi precisamente pola existencia dunha maior recadación en canto ás multas de tráfico. Recentemente na prensa aparecía precisamente o nivel de recadación bastante importante destes vehículos postos en marcha polo meu compañeiro, Sr. Coello, co que non debía ser tan malo o sistema, primeiro porque se ve que existe un nivel importante de sanción e segundo porque, malia demonizalos o Sr. Calviño no seu día, os vehículos seguen funcionando.

Obsérvase tamén unha baixa nos Capítulos II, Impostos Directos, e Capítulo III, Taxas e Prezos Públicos, que pasou no caso do primeiro do 99,62% ó 87,29%, é dicir, 12,33 puntos porcentuais menos, e do 82,61% ó 78,77%, 3,84 puntos porcentuais menos, nos casos das Taxas e Prezos Públicos.

Deixando a un lado o capítulo de ingresos e pasando ós gastos debemos sinalar o seguinte. No referente ós créditos retidos, que di vostede que foi unha xestión fantástica, retivéronse 253 millóns de euros o que representa un 94,85%, quedando máis de trece millóns de euros en situación de dispoñible. Semella que a execución non foi tan fantástica como vostede dixo.

O nivel de execución do estado de gastos do orzamento ven dado polo índice correspondente que experimenta unha variación á baixa calculada en termos de

variación en canto a porcentaxes en relación co exercizo anterior dun 8,75%, pasando dunha execución do 86,81% no 2007, ó 83,31% no exercizo 2008.

No referente ós pagamentos realizados evidénciase novamente o fallo da xestión municipal. Así do total das obrigas recoñecidas que ascenden a 222 millóns de euros, satisfíxéronse 180 millóns de euros, quedando pendente o 19% restante, máis de 42 millóns de euros. Cremos que este é outro dato que evidencia unha grave dificultade na xestión deste orzamento por parte do goberno municipal. En comparación co exercizo anterior, é dicir o do ano 2007, en que máis da metade do exercizo se xestionou polo Partido Popular, supón pasar dunha porcentaxe de pagamentos realizados do 89,29% a tan só un 81,05%, o que ten difícil xustificación.

As desviacións orzamentarias eleváronse do 13,19% do 2007 ó 16,69% no presente exercizo. Entendemos que é outro dato que evidencia as dificultades de xestión do goberno municipal.

Outro dato a salientar é a situación a 31 de decembro de 2008 referente ós dereitos recoñecidos pendentes de cobro e ás obrigas liquidadas pendentes de pago. Respecto ós primeiros de case 82 millóns de euros e os segundos de dous millóns e medio de euros, o propio interventor no seu informe advirte e recomenda extremar as cautelas para evitaren as prescricións dos dereitos liquidados pendentes de cobro e primar a xestión encamiñada á realización efectiva de cobros e pagamentos pendentes de materializar. Parécenos que o interventor lles está dando un verdadeiro toque de atención para que coiden a súa xestión, sinal de que non é tan magnífica como vostede nos sinala.

En canto ó resultado orzamentario que é a magnitude que ó remate de cada exercizo económico debe de poñer de manifesto de acordo co seu signo o déficit ou superávit obtido polo suxeito contable, derivado exclusivamente da execución do orzamento do exercizo ó que se refire e que ven determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados durante o exercizo e as obrigas orzamentarias recoñecidas no mesmo período, ascende no exercizo do 2008 á cantidade de 33.925.092,36 euros, pero supón unha diminución respecto das cifras do exercizo do 2007 dun 23,80% que ascendera a 44.500.000 euros, acadándose deste xeito os niveis que existían no ano 2006.

O aforro neto legal é de 26.401.000 euros o que supón un empeoramento, tal e como figura no propio informe da Intervención, con respecto ó exercizo anterior de 2007 que ascendeu a 34.185.000 euros, representando un 15,99% sobre os recursos

ordinarios liquidados. A variación de 2008 respecto de 2007 é nada máis nin nada menos que do 22,77%.

Os dereitos ordinarios liquidados superaron as obrigas de igual natureza en 33.808.000 euros respectándose o principio de nivelación de masas orzamentarias e experimenta un empeoramento en relación coa nivelación do ano 2007 que tivo a cifra de 34 millóns e medio de euros.

En canto ó índice de endebedamento legal, recoñecendo que é mellor, rebaiouse do 21,56% ó 19.70%, pero é casualidade que chegan vostedes ó goberno, chegan á xestión do orzamento e prodúcese un claro estancamento neste índice. No ano 2006 o índice de endebedamento legal era do 33,03% que se rebaiou no ano 2007 ó 21,56%, ano no que gran parte do tempo estivo ó fronte da facenda local o meu compañeiro, Sr. Guerra. Dende o ano 2003 que gobernaban vostedes tamén cun bi-goberno ese nivel de endebedamento legal estaba situado no 66% e entregámosllo nun 21.56%. Entendemos polo tanto que a xestión realizada polo Partido Popular é máis que evidente e que vostedes o único que fixeron foi estancala ó non a ter descendido nin un 2%.

Outros datos que amosan a mala xestión por parte do goberno local son os que de seguido lles sinalo. Negativo é o dato da diminución do tanto por cento na execución do orzamento de gastos, 87% no 2007 a 83,31% no 2008.

Outro dato que entendemos bastante grave e importante e que amosa a falla de xestión é o período medio de pagamento total que sufriu un notable empeoramento, o que nos revela un problema na xestión do goberno municipal e nos preocupa seriamente, máxime cando vivimos esta situación de crise económica actual en España e da que Vigo desgraciadamente non se salva. Cun goberno popular reduciuse progresivamente este período medio de pagamento ata acadar no 2007 os 39,10 días e subindo no primeiro ano completo do bi-goberno a 69,15 días, 30 días máis de período medio de pagamento que é un tanto por cento importante. No caso do período medio de pagamento, só tendo en conta as obrigas dos gastos de bens correntes e servizos, así como os investimentos reais, pásase de 59,76 días no 2007 a máis de 84 días no 2008, o que evidencia un problema importante e máxime nunha época de crise como a que vivimos como dicía anteriormente.

Esta foi precisamente unha das reivindicacións que levaron ós autónomos a semana pasada a manifestarse ás portas do Congreso dos Deputados queixándose de que as administracións atrasaban os pagamentos. Precisamente vostedes son partícipes

neste atraso que evidenciamos que cada día vai para máis e supoñemos que cada ano irá a máis porque sempre que collen vostedes o goberno as cifras económicas empeoran dun ou doutro xeito. Ese atraso evidencia un problema grave para as empresas e polo tanto para os cidadáns. Tamén evidencia un problema de xestión do goberno municipal.

Outro dato que evidencia a dificultade na xestión témolo nos datos do “pendente de cobramento e pagamento no orzamento”. No ano 2007 o pendente de cobramento era dun 8,91% e no 2008 pasou a un 15%, digamos que case se dobrou. O pendente de pagamento pasou dun 10,71% no 2007, cando aínda estivo no goberno durante máis de medio ano o goberno do Partido Popular, a un 19% gobernando vostedes, case outro 50%.

No que respecta ó que vostede sinala na súa exposición de que ós catro meses tiñan un orzamento, dos investimentos, aínda que entendemos que non é propio deste documento analizar todo isto e que tiveron cumprida conta da nosa posición nese aspecto, hoxe non está a Sra. López Atrio pero entendemos que de estaren aquí presente non creo que estivese demasiado de acordo co ridículo orzamento no tema educativo, aínda que diso coido que xa falou abondo a miña compañeira, Sra. Larriba.

Presume vostede tamén, Sra. Díaz, dos investimentos en humanizacións, das promesas cumpridas... A verdade é que falar con este goberno municipal de promesas cumpridas é ciencia ficción. Xa dixen nalgún Pleno que este é o goberno das maquetas, dos proxectos, ilusións e dos poucos feitos e coido que iso está á vista de todos os cidadáns que son os que ó final teñen que xulgar.

Falou que se nós poñiamos en dúbida o auditorio e non sei que máis. A verdade é que non se ve o auditorio por ningures e de feito xa se encargaron vostedes de poñer uns valados ó redor para que non se vexa. Porque nós tamén temos as nosas informacións e o certo é que ata o momento o único que se están realizando son as catas arqueolóxicas e polo tanto ata que se determine se existen restos non se van poder continuar coas obras.

Tamén falou da reparación da lonxa, de que chovía e a tiveron que reparar. O tema é que segue chovendo ou sexa que foi unha reparación non demasiado boa, ademais fai un frío terrible e cada día hai máis colas malia o sistema de número que instalaron.

Poderíamos seguir falando de moitos temas pero ó final o resume de todo o que

dixen coido que quedou demostrado cos números e co propio informe do Sr. Interventor deste Concello: que vostedes se enfrontaron cun orzamento un ano completo pero que non o souberon xestionar e ó final os prexudicados son os cidadáns e cidadás desta cidade.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Non sei por onde empezar. Por primeira vez o Partido Popular reconece que si tivo un orzamento. Creo que xa imos avanzando. Hai uns Plenos recoñeceron que si tiñan débedas, que deixaran facturas sen pagar, pois agora por fin recoñecen que si tiveron un orzamento porque ata agora o que dicían era que non podían gobernar, que non os deixabamos gobernar, que xamais tiveran un orzamento. Pois todos acabamos de escoitar que si tiveron un orzamento. O orzamento do ano 2005 decidiuse e aprobouse polo Partido Popular.

Logo, entrando xa nas cuestións do orzamento do 2008 o Sr. Conde vai dando unha serie de datos, fala de problemas de xestión e entre outras cousas as achaca á miña falla de dedicación exclusiva. Lémbrolle que o Sr. Guerra tampouco tiña dedicación exclusiva nos tempos nos que estivo como concelleiro de Facenda e ninguén achacou a iso o seu problema de xestión. A cuestión é organizar ben o tempo.

Señores membros do Partido Popular, non se encarguen vostedes de distribuír as competencias dos concelleiros do PSOE e encárguense de distribuír as súas, entre outras cousas decidan xa dunha vez quen vai ó Porto, se a Sra. Molares ou a Sra. Porro, pero non se metan co que estamos facendo os señores do PSOE.

Comezou vostede criticando a xestión baseándose no informe da Intervención e le o que a vostede lle interesa, pero non le algo que tamén di ese informe. Vou ler eu o que figura na páxina 9 e xa lle digo que cando se comparan dous orzamentos hai que ter en conta que os datos teñen que seren homoxéneos. Eu entendo agora todas esas cifras que vostede apuntou porque non é economista, pero estou segura de que a Sra. Molares non diría nada do que dixo vostede. Vou ler o que di o Interventor: "Resultan evidentes as dificultades para a comparanza dos datos entre ambos exercizos dado que o escenario orzamentario é diferente na medida en que no ano 2007 rexía prorrogado o orzamento de 2005. As previsións de ingresos eran as correspondentes a dito ano, non acusando en consecuencia as actualizacións dos diferentes tributos e prezos públicos municipais pola vía da modificación das correspondentes ordenanzas que se aprobaron pola Corporación nos dous exercizos fiscais".

Aclaro isto. As previsións de ingresos que aparecen no ano 2007 eran as que vostedes presentaron no ano 2005, sen embargo vostedes durante o ano 2006 e 2007 estiveron aprobando ordenanzas fiscais nas que actualizaban os IPCs exactamente nun 3,5% e nun 3,9%. Polo tanto os ingresos que vostedes realmente recadaron no ano 2007 tiñan en total case un 8% máis do que vostedes estaban previndo. Polo tanto os índices de execución do ano 2007 son ingresos realmente recadados tendo en conta que vostedes subiron as taxas municipais nun 8%, pero as previsións eran as de 2005 onde vostedes non tiñan en conta ese 8%.

O interventor di que é difícil. Si, non é fácil e ademais escoitando ó Sr. Conde Gil dicindo que os datos son aburridos, entendo que non se molestara en facer a comparanza tal e como se ten que facer. A comparanza é sinxela, Sr. Conde, hai que se poñer ós datos aínda que eu entendo que vostede non é economista e quizais non sabe como o facer, pero a Sra. Molares si que sabe como o facer, sabe que cando se compran datos e se di se é mellor ou peor, sábese que temos que partir dunha serie homoxénea, con características similares.

Se no ano 2005 as previsións eran do 2005 e no 2007 se recada cun IPC do 8% haino que ter en conta e iso é o que eu tiveren en conta. Collín o 2005, actualicei esas previsións supoñendo única e exclusivamente unhas subas de IPC e dáme que o índice de execución de ingresos no 2007 tiña que seren dun 109%. Esa é a cifra que tería que saír no ano 2007 de teren vostedes un orzamento e sen ter en conta nin sequera o crecemento económico porque do teren en conta, que no ano 2006 foi do 6,41% e no 2007 do 4,33%, xa nin lle conto a execución do ingreso que lles daría. Sen embargo a nós no 2008 a execución de ingresos dános un 110,46%, mellor mesmo que a vostedes considerando só IPCs.

Polo tanto non empeoramos, Sr. Conde, melloramos e moito. Hai que comparar o que hai que comparar, non se pode dicir que como os ingresos foron os reais pero as previsións son as de 2005 no 2007 eramos uns fenómenos. Non señor, no 2007 tiveron uns ingresos superiores ós previstos porque estaban previndo os ingresos do 2005, de seren así estarían vostedes peor do que estamos nós.

Así vai comparando cousa por cousa cun orzamento prorrogado que non é comparable e a Sra. Molares sábeo ben e quizais por iso lle pasou a pelota a vostede e por iso está defendendo vostede esta intervención.

Hai distintas formas de facer a comparanza, pódese facer comparando IPCs ou comparar con outros orzamentos de seu que non eran prorrogados. Vostede acaba de

dicir que hai un orzamento do ano 2005 feito por vostedes que non é prorrogado. Comparamos o orzamento do 2008 co orzamento de seu do ano 2005 que non é prorrogado.

Para a comparanza eu utilicei os datos de gasto comprometido, este dato de gasto comprometido utilízase porque os gastos de execución que utiliza vostede, o que os economistas chamamos a fase "O", é o gasto unha vez que se presentou a factura. Cal é o nivel de gasto unha vez que se presentan as facturas dos gastos neste Concello? Todo o mundo sabe que cando hai investimentos como temos aquí por valor de dous millóns de euros, este investimento non se termina en todo o ano pero si se adxudica a obra todo o ano e polo tanto os economistas o que facemos moitas veces é non comparar en termos de facturas, senón en termos de adxudicacións e así se executou o orzamento se se adxudicaron as obras.

Vostedes utilizan esas "O"? Pois collamos as facturas. Eu utilicei os datos de antes da obra porque ó final é o que importa e así poden ir á rúa Coruña e verán que se está facendo, se van cara Bouzas verán que xa está rematada e se se moven por Vigo as verán, se van ó auditorio tamén, eu vexo os guindastres pero debe ser que vostedes van mirando cara o chan e non ven máis aló do seu embigo e dos seus pés. Todo o mundo sabe que están os guindastres alí.

Se collemos os datos vemos que no 2008 nós sós, o Partido Socialista tivo un 83,31% en termos de execución, en termos de "O", fíxense que malos xestores somos. Sr. Conde Gil, sabe cal era o estado de execución do Partido Popular no ano 2005? Dígollo eu: un 81,75%. Ese foi o estado de execución do seu orzamento, o orzamento que vostedes propuxeron e votaron. Nós somos moi malos porque temos un estado de execución dun 83,31% pero se logo imos ó detalle do que realmente importa, os capítulos de investimentos e de transferencias de Capital, nós temos un 43.85 e un 56 e vostedes teñen un 52 e un 24; nós temos un 90 e vostedes un 70. Esa é a realidade e o que hai que comparar.

Se queren non me quedo co 2005 e voume ó 2006. Nese ano vostedes xa tiñan o orzamento prorrogado e non tiñan investimentos novos, o único que tiñan que executar era o que prometeran o ano pasado e o que lles quedara pendente, pois o seu estado de execución do ano 2006 foi do 80,45%, foi aínda peor que o de seu propio orzamento. Di que somos malos xestores? Seremos malos xestores pero xa de vostedes nin falo.

Se imos ós Capítulos VI e VII de transferencias e de investimentos os seus estados de

execución son do 41 máis o 21. Peores datos que os do ano anterior cando non tiñan máis proxectos de investimentos e o único que tiñan que facer era levar a cabo os investimentos do ano anterior. Di que somos malos xestores? Entón que serán vostedes.

Podemos seguir así porque cos ingresos pasa exactamente o mesmo cando comparamos o que hai que comparar. Dixo que no ano 2008 tivemos menos ingresos dos previstos. Cando comparamos de verdade o que hai que comparar se ve onde está a calidade da xestión. Nós, ingresos sobre dereitos recoñecidos un 84,60% e vostedes un 81,73%.

Di que hai pendentes de pagamento. Si, exactamente un 94,22%, pero vostedes tiñan pendente de pagamento un 93,54%, polo tanto máis.

Confúndense vostedes cando tentan presentar unha mala calidade de xestión baseándose en datos que non son comparables. Dio o propio interventor e vostede esqueceu dicilo aquí. Os datos non son comparables. Pódense comparar pero para iso hai que se poñer cos números e cos datos.

Falou de que empeoramos as datas de pagamento e de cobramento. Eu quero que vaia ó propio informe de Intervención do ano 2008, páxina 8, onde se di todo o que está pendente de cobramento en cada un dos capítulos. Non sei se vostede sabe ler e interpretar o cadro número 9, pero de se fixar na parte de “pendente de cobramento” a maior cantidade pertence o Capítulo IX “Pasivos financeiros” que é o préstamo. Isto quere dicir que decidimos non facer o préstamo ata finalizar o ano co obxecto de aforrarnos os intereses. Polo tanto a 31 de decembro aínda non ingresáramos na conta o préstamo porque había tesourería suficiente e non necesitabamos recorrer a ese préstamo, polo tanto atrasamos un ano que entrara aquí un préstamo que presupostamos o 1 de xaneiro. Sabiamos que iamos necesitar estes cartos pero como transcorreu o ano e tiñamos tesourería suficiente ata o 31 de decembro, decidimos non o ingresar e así ven que hai 15 millóns de euros que están sen ingresar: son os do préstamo.

Claro que se vostede calcula canto supón isto en días é unha variación de vinte días, son 15 millóns durante 365 días que calculado como media nos dá vinte días. Réstelle eses 50 días e verá canto lle dá: os mesmos días de cobramento que tiñan vostedes, exactamente igual, sinxelamente polo feito de non querer ingresar o préstamo aínda como calquera xestión de calquera casa porque eu canto máis tarde lle pago ó banco é mellor. É unha mala xestión non estar pagando intereses ó banco

durante un ano? Iso é o que decidimos e aí é onde se amosa a capacidade de xestión.

Se imos ós índices pendentes de pagamento pasa exactamente o mesmo. Vaia á páxina 20 do informe da Intervención e verá que aparece detallado exactamente que capítulos están sen pagar, verase entón que están sen pagar no Capítulo II 19 millóns, e tamén o Capítulo VII "Transferencias de Capital". O que pasou no Capítulo II foi que recoñecemos todas as débedas que vostedes deixaron nos contratos, actualizamos todos os IPCs dos contratos coa data máis tarde posible, o 31 de decembro, pero actualizamos o que vostedes deixaron tres anos sen actualizar.

O Capítulo VII: o auditorio. Os 5 millóns de cambio da addenda que se fixo ó financiamento do auditorio que nos vai vir este ano máis os pagos. Polo tanto, calculado iso en termos dos días, o pagamento por FCC e o auditorio dános tamén polo pazo de congresos 20 días máis os recoñecementos de atrasos 6 días, polo tanto résteo e dános exactamente os mesmos días de pagamento e de cobramento.

Sr. Conde, non intente polo tanto falar de mala capacidade de xestión, intente entender os datos, realizar datos homoxéneos, mostrar a realidade, compare este co seu orzamento e verá que o noso vai dar moito maior índice de execución, maior índice de capacidade recadatoria, mellora na capacidade de cobramento e na de pagamento. Non vaia por aí dicindo falsidades e mentiras comparando o que non é comparable porque non é certo.

SR. CONDE GIL: Tiven a oportunidade do dicir unha vez nun debate e volvo dicirlló, Sra. Díaz: semella que estamos nunha clase maxistral pola súa banda, cousa que lle agradezo pero coido que non o necesito.

Direille máis, afortunadamente tiven a posibilidade de estudar a carreira que me deu a gana e optei polo Dereito e a verdade é que quizais a vostedes lles faría un pouco de falla saberen interpretar os temas xurídicos para non meteren a pata como pasou no caso da ETEA, da interpretación do convenio que asinaron e que agora os está levando a certos desencontros que esta fin de semana puidemos ver entre os socios do bi-goberno.

Afortunadamente eu estudei o que me deu a gana e estou moi orgulloso de seren avogado, de seren licenciado en dereito e non teño necesidade en ningún caso de seren economista. Vostede está un pouco obsesionada coa Sra. Molares que efectivamente é economista e tamén parece que lle molestou que interviñese eu.

Dixo que non nos metamos en como organizan e distribúen as súas competencias, pois faga un pouco de reflexión e faga o mesmo. Eu son o responsable desta área, a Sra. Molares intervén cando así o decidimos e eu cando así o decidimos tamén. É unha cuestión que nos atinxe exclusivamente a nós e non a vostedes.

De todos os xeitos volvemos ó mesmo. Vostede non me respondeu, nin rebateu os datos que lle sinaliei, sinxelamente dedicouse a maquillalos. Un día dixen que o Sr. Alcalde podería ter o Óscar ó mellor maquillaxe e agora tamén llo tería que dar a vostede porque se está dedicando a iso.

Di que nós non recoñecéramos ata este día que tivemos un orzamento. Como que non? Quen non recoñeceu que tivemos un orzamento no 2005? Non tivemos logo a oportunidade de teren outros orzamentos precisamente pola irresponsabilidade do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego que non foron quen de apoiar ó daquela goberno municipal e así deixar que houbera unha xestión.

Fala vostede das subas dos impostos municipais. Hai que ter un pouco de memoria e eu atreveríame a dicir que non ter a cara lavada política, máxime vostedes que foron os que máis subiron os impostos neste exercizo malia o que digan; subiron un 4,2%. Non lle quero dicir cal é o IPC real pero se precisamente existe unha carga fiscal importante, malia o que diga vostede nos medios de comunicación, a verdade é que a maior presión fiscal existe con vostedes, poden comparalo con quen sexa, con Salamanca, Oviedo, Madrid ou con quen queiran, tampouco son termos comparables unhas cidades con outras por diversas características que non veñen ó caso.

Falou das facturas, pois de elas vai falar logo a miña compañeira e non teñen demasiado para sacar a cabeza, deberían facer un pouco como o avestruz e agachala. Nós estamos orgullosos da nosa xestión no anterior mandato e non temos nada que agachar. Se non foron vostedes quen daquela de facer oposición alá vostedes, iso correspondía a outro momento. Vostede vive ancorada no pasado, noutro Pleno falábanos doutros temas que non veñen ó caso que sinxelamente lle fan estar ancorada en tempos pasados e non vivir o presente que está radiografado nos indicadores que lle dixen a vostede antes.

O certo é que existe un grave problema de xestión deste goberno municipal, un grave problema tamén en canto a lles dicir ós cidadáns a realidade do que sucede, viven instalados na mentira, en facer proxectos planos, en dicir cousas que ó final non se cumpren e diso xa teremos ocasión de falar no seu momento, en non

contestar ós datos ós que eu lle facía referencia. Eses datos están aí e os cidadáns poderán ter acceso a eles porque supoñemos que non os meterán nun caixón e o deixarán ó escurantismo, supoñemos que os colgarán na páxina web.

Pouco máis que dicir xa que vostede di que eu non entendo. Ese é o seu problema. Eu interpreto o que vexo, o que vexo está aí e é unha realidade que non pode vostede nin cambiar nin disimular. Tamén son unha realidade os varios avisos que ó longo do informe lles fai o propio interventor por incumprimentos en canto ás formas, ó fondo e ós problemas cos que se pode atopar a xestión municipal precisamente por falla desa mesma xestión.

Sinto que lle molestara que interviñera eu en troques doutro compañeiro pero como lle dicía ó principio, nós somos quen distribuimos as nosas propias competencias e non vostedes.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Eu vexo, Sr. Conde Gil, que o que a vostede lle molesta é que a ETEA estea aberta por fin, esa é a realidade: a ETEA está aberta e todos os vigueses e viguesas poden ir pasear por alí. O que lle molesta é que acadáramos 15 millóns de euros para esta cidade no canto de que vostedes cando estaban en Zona Franca vendérona por 30 millóns e non vou dicir para onde. Nós acadamos que a ETEA estea por fin aberta e que lle demos a esta cidade 15 millóns de euros.

Non vou entrar en se recoñeceron antes ou despois que tiveron un orzamento. Tamén nos din que a culpa foi nosa por non lles dar a oportunidade de teren outro orzamento, claro, como o iamos facer coa xestión que fixeron? Calquera lles diría que non con un millón e pico de euros en humanizacións, con ningunha proposta, loxicamente vendo o que fixeron, destinando unicamente as súas humanizacións ó centro, esquecendo ó resto da cidade, nada de investimentos en ningunha parroquia, ningún parque infantil, ningún parque verde; loxicamente calquera lles diría que non. Fala de presión fiscal, di que nós somos os que tivemos maior presión fiscal. Dígolle exactamente que o IPC do ano pasado foi de 2,4, o deste ano 4,2, en total un 6,8 foi o que subiron os impostos. Eu lémbrolle a vostedes dous anos: ano 2007 un 3,9, ano 2006 un 3,5; dáme case un 8%. Polo tanto a presión fiscal de seu foi superior á nosa. De novo volve dicir que conxelaron os impostos. Eu pódolle ler unha carta asinada pola Sra. Porro dirixida ós veciños, pero iso si, era época electoral. Nesa carta a Sra. Porro dicíalles ós veciños: “Só tivemos a oportunidade de contar cun orzamento ó longo deste mandato e non o fixemos a custa de subas de impostos conxelados no

transcorrer dos anos..." Isto díxoo a Sra. Porro. Actualizacións do IPC do 3,5 e do 3,9% para a Sra. Porro eran impostos conxelados, pero cando é o Partido Socialista quen fai unha actualización de 2,4 e do 4,2 iso é suba da presión fiscal. O Concello de Madrid está subindo un 5%; está subindo o IBI case un 20%. Iso é o que está facendo o seu partido onde goberna e por iso os veciños dixeron que aquí non querían ó Partido Popular porque iso é o que está facendo o Partido Popular.

Logo di que o Partido Socialista non fixo oposición. Por outra banda nos di que non os deixamos votar un orzamento. Entón, fixemos ou non oposición?

Vostede está interpretando os datos. Todo o que eu lle puxen aquí son os datos oficiais, os datos contables. Todo o que eu lle estiven lendo son os datos da contabilidade, non é ningunha maquillaxe. Se vostede lle pide ó ordenador de Contabilidade o orzamento de gastos sáelle isto guste ou non. Sae que no 2008 a porcentaxe é dun 83,31%, sae tamén que no ano 2005 a porcentaxe un 81,75%, no 2006 sae un 80,45%, porcentaxe por embaixo do que está saíndo este ano. O que pasa é que non lle gusta pero esta é a realidade e os datos están colgados na páxina web, colgamos os datos do 2007 e do 2008. Podemos colgar se queren os datos do 2005 e do 2006, non teño problema, hai transparencia total.

Estes son os datos oficiais, non é ningunha maquillaxe, ningunha interpretación, é o que figura nas contas oficiais do Concello. Estas contas xa están dadas e xa se remitiron ó Tribunal de Contas. As contas que vostedes deron foron que no ano 2006 executaron un orzamento nun 80,45% e no 2005 nun 81,75%. Esa é a realidade, Sr. Conde, gústelle ou non e eu non o ataco por faceren unha ou outra carreira.

A realidade é que fixemos unha mellor xestión, mellor do que se fixo nunca e os datos están aí. Se vostede non se quere acoller ós datos, móvase pola cidade, por calquera barrio, vaia Bouzas, Lavadores, Cabral; vaia ó auditorio e se non quere ir, aquí ten a foto. Xa que vostede non o ve, aquí lle presento a foto do auditorio pero teña en conta que as casas se comezan polos cimentos, que eu saiba non se comezan polos tellados.

4.- (45).- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO CEIP "EIJO GARAY" A CEIP "ILLAS CÍES".
EXPTE. 10352/332.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 4 de febreiro de 2009, a directora do CEIP Dr.

Eijo Garay de Vigo, como presidenta do Consello Escolar do citado colexio, solicita a conformidade para levar a cabo a proposta aprobada polo citado Consello consistente no cambio de nome do centro polo do "CEIP Illas Cíes".

Con data 20 do mesmo mes a xefa do negociado de Base de Datos informa que non existe ningún contribuínte coa denominación "CEIP Illas Cíes".

Visto o anterior, o xefe do Servizo de Educación, coa conformidade da concelleira delegada, con data 25 de febreiro de 2009, formula a proposta que se contén na parte dispositiva.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de marzo de 2009, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(No momento da votación está ausente a Sra. Iglesias Bueno)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Prestar conformidade para que CEIP "DR. EIJO-GARAY" - Vigo, pase a denominarse Centro de Educación Infantil e Primaria "ILLAS CÍES", consonte coa solicitude da dirección do centro.

5.- (46).- SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO COMO CAMIÑO PÚBLICO DO CAMIÑO DA LARANXEIRA NA PARROQUIA DE VALLADARES. DESESTIMADO. EXPTE. 18317/240.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 2 de marzo de 2009 polo xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 do 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAP).
- L30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracions Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).

S.Ordinaria 26.03.09

- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

1.- Da. Teresa Guisande Davila e Da. Margarita Guisande Davila, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do Concello en data 03.04.2008 solicitan a ALTA como vía pública municipal, dun camiño co que dan fronte ás súas propiedades sitas no núm. 18 e 20 do Camiño Laranxo, Valladares, ó servir de acceso a distintas propiedades, sendo unha superficie da que xa non dispoñen e pola que estan aboando o IBI.

2.- Ó escrito achegan fotocopia dunha certificación do arquitecto de Patrimonio de data 03.04.2007 na que sinala que non consta dito camiño como público no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario do 4 de maio de 1993.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- O Patrimonio das entidades locais de Galicia estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertencen por calquera título (art. 263 da LALG).

Os bens de dominio público veñen regulados no noso ordenamento xurídico, tanto na normativa xurídica de réxime local como en normas de dereito privado e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local dispón no art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados a uso ou servizo público. A Lei 5/97 do 22 de xullo da Administración Local de Galicia no art. 263, concreta como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no RD 1.372/86 do 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (art. 2 , 3 e 5).

2.- O Inventario de bens e dereitos configúrase como un medio do que dispoñen as Entidades Públicas para garantir a protección e defensa do seu patrimonio e do interese xeral ó que serve. Neste senso teñen a obriga da formación dun inventario onde se rexistren todos os bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición, como se recolle no art. 32.1da LPAP, na LALG no seu art. 278, e no art. 17 do RBEL, onde se prevé que o inventario dos bens inmoebles comprenderá as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (art. 20 g) e o título en virtude do que se atribúa a Entidade (art. 20.j)

Os datos do inventario virán referendados polos documentos, en especial os títulos de dominio, actas de deslinde e valoración, planos e fotografías, documentación a archivar separadamente da demais documentación municipal (art. 30 RBEL).

3.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello aprobouse definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, e con referencia ó 31 de decembro de 1991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1992, e tendo sido sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses puideran manifestar os administrados.

É de salientar que durante ese período de información pública non consta que se formulase ningunha alegación en relación á NON inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas do camiño agora solicitado, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal.

O acordo plenario da aprobación definitiva que deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

4.- Resultando polo tanto o inventario municipal un rexistro administrativo onde se reflicten os bens e dereitos integrantes do patrimonio municipal, a incorporación a dito patrimonio de novas vías, require da concorrencia dunha titularidade pública e afectación do inmovible o uso público.

Neste senso, o RBEL ven sinalar no seu art. 3.2 que “Sen prexuízo da vinculación do solo o seu destino urbanístico dende a probación dos plans, a afectación dos inmovibles ó uso público producirase, en todo caso, no momento da cesión do dereito á administración actuante consonte a lexislación urbanística.”

Conseguentemente, a planificación urbanística das entidades locais, no exercizo das súas competencias previsto no art. 25.2.d LRBRL, para a ordenación, xestión e execución urbanística no seu territorio, resulta o medio de ordenación axeitado para a fixación dos novos viais, no que o PXOM constitúe o instrumento básico na estruturación integral do territorio, contendo as determinacións de carácter xeral, entre outras os sistemas xerais de comunicacións ou o trazado e características da rede viaria pública, que trala súa execución, recepción e adquisición polo Concello, consonte a normativa urbanística, incorporaranse á relación de vías públicas municipais.

5.- A teor do exposto, non procede acceder á alta inventarial no Epígrafe I Inmovibles-Viais do camiño interesado, non constando a titularidade municipal nin a afectación ó uso público, debendo estar neste caso, no que atinxe á infraestrutura viaria, o previsto no planeamento urbanístico e o que da súa execución resulte, os efectos da incorporación ó Patrimonio municipal de novas vías públicas e conseguinte reflexo no Inventario deste Concello.

6.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, o Pleno Municipal, conforme ó disposto no art.34 do RBEL.”

Polo anteriormente exposto o xefe de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de marzo, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a solicitude de Da. Teresa Guisande Davila e Da. Margarita Guisande Davila, para a catalogación como público no Inventario Municipal de Bens e Dereitos dun ramal do camiño Laranxeira á altura do nº 18, na parroquia de Valladares, no termo municipal de Vigo.

6.- (47).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADÁ E O OCIO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 75607/210.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe-proposta emitido con data 9 de marzo pola técnica de administración xeral Sra. Garcinuño Barreiro, coa conformidade do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes:

"I. ANTECEDENTES DE FEITO:

1.- En cumprimento da orde da Alcaldía do 01.10.2008, elabórase pola Concellería de Mobilidade o proxecto de ordenanza municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo. En sesión extraordinaria e urxente do 15.12.2008, a Xunta de Goberno Local aprobou o devandito proxecto.

2.- Previo ditame favorable da Comisión Informativa de Mobilidade realizada o 22.12.2008, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 29.12.2008, acordou aprobar inicialmente a ordenanza municipal, abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

3.- Publicouse anuncio da aprobación inicial plenaria e máis texto completo da ordenanza no BOP nº 10, do 16.01.2009, na prensa local do 23.01.2009 (Faro de Vigo e máis Atlántico Diario), así como estivo exposto no taboleiro de editos do Concello de Vigo.

4.- Durante o período de información pública, presentáronse un total de dúas alegacións segundo resulta da certificación expedida polo Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local en data 02.03.2009.

S.Ordinaria 26.03.09

- 1ª alegación: Presentada en data 17.02.2009, con doc. nº 90.021.916, por don Samuel Pousada Soaje, con DNI 78735860-Y, actuando en calidade de presidente da Asociación de Pontevedra de Empresarios de Salas de Espectáculos e Discotecas.
- 2ª alegación: Presentada en data 20.02.2009, con doc. nº 90.024.017, por don Luís Espada Recarey, Valedor do Cidadán. Atendendo aos principios de colaboración e cooperación coa institución do Valedor, a Concellería de Mobilidade consensuou previamente devandita alegación co Valedor.

II. NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución Española do 27.12.1978.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.
- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.
- Lei 2/1996, do 8 de maio, sobre drogas de Galicia.
- Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.
- Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.
- Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 13/2006, do 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia.

III.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO EXPT Nº 75607/210/2008:

ALEGACIÓN Nº 1.

ALEGANTE: Don Samuel Pousada Soaje, con DNI 78735860-Y, actuando en calidade de Presidente da Asociación de Pontevedra de Empresarios de Salas de Espectáculos e Discotecas.

DATA REXISTRO: 17.02.2009.

Nº DOCUMENTO: 90.021.916.

CONTIDO E VALORACIÓN:

A.- Solicitan a modificación do art. 5 da OM no senso de establecer unha prohibición absoluta de venda e consumo de alcohol na vía pública agás terrazas autorizadas. No seu defecto, solicitan que o Concello habilite varios espazos concretos onde celebrar o botellón. Asemade, manifestan que a declaración dunha zona como protexida por parte da Xunta de Goberno Local resultará un procedemento lento e complexo.

A utilización masiva dos espazos públicos como lugares de diversión xuvenil para o encontro e o ocio, mediante o coñecido "botellón", constitúe un fenómeno social de

moda que, en moitos casos, non en todos, é fonte de diferente problemática que incide no normal desenvolvemento da convivencia cidadá.

A Ordenanza Municipal (OM), aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, de igual xeito que outras ordenanzas municipais (Bilbao, Pontevedra, Coruña...), considera que estas concentracións de persoas son unha expresión do dereito fundamental de reunión establecido no artigo 21 da CE.

O Tribunal Constitucional lembra na STC 42/2000, do 14 de febreiro, que o dereito de reunión non é un dereito absoluto e ilimitado, senón que, de igual xeito que outros dereitos fundamentais, ten límites. Nesta liña, a exposición de motivos da OM establece que o dereito de reunión ten o seu límite no respecto doutros dereitos constitucionais como son o dereito á intimidade persoal e familiar (art. 18 CE), o dereito á liberdade de circulación (art. 19 CE), o dereito á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores (art. 43 CE), o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45 CE) e mailo dereito a una vivenda digna e adecuada, libre de ruídos (art. 47 CE).

Considerando que a Lei 2/1996, do 8 de maio, sobre drogas de Galicia, non prohibe o consumo de alcohol na vía pública, a OM establece un sistema para prohibir a permanencia e concentración de persoas en espazos abertos do termo municipal de Vigo que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, cando alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá. Así as cousas, a OM garante o exercizo do dereito fundamental de reunión, no obstante, limítalo cando se vulneren outros dereitos constitucionais. Será un órgano colexiado, tal é a Xunta de Goberno Local, quen determine, con celeridade e motivadamente, ao abeiro do disposto no art. 6, cando as actividades ás que se refire o art. 5.1) da ordenanza alteran gravemente a convivencia cidadá.

Considerando os fundamentos expostos e partindo da consideración de que non existe normativa autonómica ou estatal que prohiba o consumo de alcohol na vía pública, o Concello de Vigo opta no exercizo da súa potestade regulamentaria por limitar o dereito fundamental de reunión naqueles supostos onde se constate a vulneración doutros dereitos constitucionais.

B.- Solicitan nova redacción do art. 20 da OM no senso de que as infraccións administrativas se sancionen, en todo caso, con multa ao infractor acompañada da imposición de medidas reeducadoras ou traballos en beneficio da comunidade. Non comparten que dita multa poida ser substituída, sempre que medie o consentimento previo do interesado ou dos seus representantes legais, pola participación do infractor en cursos ou sesións formativas que puideran impartirse sobre convivencia cidadá e civismo así como a realización de traballos en beneficio da comunidade.

A ordenanza municipal, lonxe de se converter nunha normativa represora de determinadas condutas, aínda cando non poida obviarse que toda disposición de carácter xeral, sen o seu correspondente réxime sancionador, ante o eventual incumprimento dos seus preceptos, é un texto baleiro e sen virtualidade práctica, ven inspirada na conciencia de arbitrar, antes que nada, accións preventivas, en aras de acadar que a cidadanía, dende a súa máis temperá idade, asuman como un valor esixible e esixente, o respecto ás normas da pacífica convivencia cidadá.

Dende esta dobre dimensión, preventiva antes e correctiva despois, pode afirmarse que a finalidade da OM é incidir naqueles ámbitos da realidade cidadá diaria que se manifesta fundamentalmente na vía pública, cuxa repercusión pode xerar unha alteración da convivencia cidadá. Interesa especialmente concienciar á cidadanía, especialmente á mocidade, que o ocio debe ser compatible co exercizo doutros dereitos constitucionais.

A norma que estamos a aprobar non ten unha finalidade recadadora. As sancións están orientadas fundamentalmente á reeducación de acordo cos principios constitucionais establecidos no art. 25.2 da CE. Este é o fundamento da redacción do artigo 20 da ordenanza municipal.

Considerando os fundamentos expostos,

PROPONSE:

Desestimar na súa totalidade a alegación presentada o 17.02.2009, con nº de doc. 90.021.916, por don Samuel Pousada Soaje, en calidade de Presidente da Asociación de Pontevedra de Empresarios de Salas de Espectáculos e Discotecas.

ALEGACIÓN Nº 2.

ALEGANTE: Don Luís Espada Recarey, Valedor do Cidadán.
DATA REXISTRO: 20.02.2009.
Nº DOC: 90.024.017.

A.- Solicita engadir ao marco normativo ao que se alude no artigo 2 da OM a alusión a outros textos legais tales como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (art. 24), o Decreto 150/1999, do 7 de maio, sobre protección acústica de Galicia e a Lei 13/2006, do 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia.

Resulta pertinente dita suxestión, non obstante, a alusión ao Decreto 150/1999, do 7 de maio, sobre protección acústica de Galicia, atópase xa incluída na redacción do art. 2 ao aludirse ás disposicións regulamentarias que desenvolven a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia

B.- Considerando que o artigo 5.8) da O.M ten o seguinte teor literal:

“Ao abeiro do disposto no art. 10 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia, o Concello poderá acordar de maneira singularizada, por razóns de orden público, impoñer aos establecementos comerciais tipo tendas de conveniencia que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas, a prohibición de expender este tipo de bebidas dende as 22:00 horas ata as 09:00 do día seguinte, con independencia do réxime de apertura que lles sexa de aplicación. A imposición desta prohibición comunicarase á Dirección Xeral competente en materia de comercio”

Solicita que dita prohibición se aplique de igual xeito ás estacións de servizo e gasoleiras sitas no casco urbano.

Considérase pertinente a súa estimación. Non obstante, os establecementos anexos ás estacións de servizo e gasoleiras, onde ás veces se venden bebidas alcohólicas, teñen a consideración de establecementos comerciais estando comprendidos no

ámbito do art. 10 da Lei 13/2006, do 27 de decembro.

C.- Manifesta que se ben é certo que o artigo 9 da OM establece que o réxime sancionador se rexe polos principios contidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora, é desexable, para garantía dos dereitos da cidadanía, aludir expresamente ao dereito dos presuntos infractores a presentar alegacións durante a tramitación do procedemento sancionador.

Considérase pertinente a estimación desta suxestión, polo que se engade un novo artigo 10 regulamentando os dereitos po presunto responsable. Dito artigo ten seguinte teor literal:

“Ao abeiro do disposto no artigo 135 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o procedemento sancionador garantirá ao presunto responsable os seguintes dereitos:

- A ser notificado dos feitos que se lle imputen, das infraccións que tales feitos poidan constituír e das sancións que, no seu caso, se lles puideran impoñer, así como da identidade do instrutor, da autoridade competente para impoñer a sanción e da norma que atribúa tal competencia.
- A formular alegacións e utilizar os medios de defensa admitidos polo Ordenamento Xurídico que resulten procedentes.
- Os demais dereitos recoñecidos polo artigo 35 da Lei 30/1992.”

Deste xeito o anterior artigo 10 pasa ao artigo 11, o 11 ao 12 e así sucesivamente.

D.- Recoller a responsabilidade directa e solidaria dos representantes legais, pais ou titores, polas infraccións administrativas cometidas polos menores de idade.

Considérase pertinente a estimación desta suxestión, polo que se engade un novo parágrafo no artigo 14 co seguinte teor literal:

“Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais, nais, titores ou gardadores polas accións cometidas polos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.”

E.- O artigo 19 da OM (agora 20) establece que a imposición das sancións previstas na ordenanza terá en conta o principio de proporcionalidade e, en todo caso, unha serie de criterios de graduación, tales como a gravidade e transcendencia da infracción, a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a reincidencia, a reiteración e a capacidade económica da persoa infractora. Manifesta que resultaría procedente engadir un novo criterio “beneficio obtido”.

Considérase pertinente a estimación desta suxestión.

F.- Proponse como nova redacción do artigo 20 (agora 21) a seguinte:

“ARTIGO 21.- SUBSTITUCIÓN DAS MULTAS.

As sancións económicas impostas pola comisión de infraccións graves ou leves en aplicación desta ordenanza poderán ser substituídas:

- 1) Se o infractor acepta a realización de traballos ou actividades en beneficio da comunidade que se establezan, de selo caso, polo Concello. En ningún caso, as prestacións en beneficio da comunidade, poderán consistir en tarefas propias do persoal municipal.
- 2) Se o infractor participa en cursos ou sesións formativas que puideran impartirse sobre convivencia cidadá e civismo ou sobre consumo de alcohol e os seus efectos nocivos para a saúde que determine o Concello.

Estas medidas poderán ser adoptadas sempre que medie o consentimento previo do interesado ou dos seus representantes legais. Non obstante, no caso de inasistencia aos cursos, sesións formativas, traballos ou actividades en beneficio da comunidade ou incumprimento do compromiso polo infractor, procederá executar a correspondente sanción pecuniaria.”

Considérase pertinente a estimación desta suxestión.

G.- O artigo 23 (agora 24) da OM ten o seguinte teor literal: “O importe das sancións económicas obtidas por aplicación desta ordenanza, quedará afecto e deberá destinarse integramente a mellorar nas súas diversas formas, o espazo urbano como lugar de encontro de convivencia.”

Manifesta que é desexable que o importe económico destas sancións tamén se destine a financiar campañas municipais formativas, educativas e informativas, especialmente dirixidas á xuventude, para concienciar á cidadanía sobre os efectos nocivos que o consumo abusivo do alcohol e outras drogas teñen na saúde.

Considérase pertinente a estimación desta suxestión posto que casa coa proposta de asociar a protección da saúde pública como un dos obxectivos desta ordenanza.

Considerando os fundamentos expostos,

PROPONSE:

Estimar na súa totalidade a alegación presentada o 20.02.2009, con nº de doc. 90024017, por don Luís Espada Recarey, Valedor do Cidadán.

IV.- MODIFICACIÓNS DE OFICIO:

Segundo o previsto no artigo 11 da OM, o exercizo da potestade sancionadora corresponde á Xunta de Goberno Local ao abeiro do artigo 127.1.L) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, agás que consonte á normativa sectorial se atribúa a outro órgano.

Na sesión ordinaria do 16.07.2007, a Xunta de Goberno Local delegou a imposición das sancións previstas na lexislación vixente nos concelleiros delegados das áreas competentes. Así as cousas, en función da Resolución da Alcaldía do 05.07.2007, considérase competente para impoñer as sancións derivadas da presente ordenanza

S.Ordinaria 26.03.09

á Concellería de Medio Ambiente (Resolución 05.07.2007: puntos VII.a.9.10 e 22; b.2.)

Polo exposto, aclárase este punto na nova redacción do artigo 11 da OM quedando redactado do seguinte xeito:

“O exercizo da potestade sancionadora corresponde á Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.L) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e por delegación desta á Concellería de Medio Ambiente.”

V. COMPETENCIA MUNICIPAL:

Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d).

De acordo co disposto no art. 49 da LRBRL 7/1985, estase a seguir o seguinte procedemento para a aprobación da ordenanza: Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP entrando en vigor na data disposta na disposición final segunda, aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”

Visto o anterior, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 23 de marzo de 2009, ditamina favorablemente a devandita proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Traemos hoxe a aprobación definitiva a ordenanza reguladora da convivencia cidadá e ocio no termo municipal de Vigo.

É bo comezar por indicar que o obxecto desta ordenanza é regulamentar a utilización dos espazos públicos pola cidadanía evitando usos excluíntes e abusivos de ditos espazos que alteren gravemente a convivencia cidadá. Preservarase o espazo público como un lugar de convivencia e civismo onde todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, ocio, encontro e recreo con pleno respecto á dignidade e ós dereitos dos demais.

Empezo por iso porque hoxe se trata fundamentalmente de estudar as alegacións presentadas durante o período de exposición pública. Hai dous grupos de alegacións. Unha alegación é a presentada polo presidente da Asociación de salas de

espectáculos e discotecas de Pontevedra que en principio se desbota totalmente no informe. Das dúas principais propostas desta alegación unha é solicitar a prohibición absoluta da venda de alcol na vía pública. As razóns obvias para rexeitar esta alegación é que todos sabemos que a actual Lei do 8 de maio de 96 sobre drogas de Galicia non prohibe o consumo de alcol na vía pública. A ordenanza o que pretende é establecer un sistema para prohibir a permanencia de concentracións de persoas en espazos abertos de Vigo nos que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades cando se altere a convivencia cidadá.

Tratamos de garantir o dereito fundamental de reunión e limitámolo cando se vulneren outros dereitos constitucionais. Vai ser un órgano colexiado, o órgano de xestión deste Concello, a Xunta de Goberno Local, quen determine dun xeito motivado e por suposto áxil e con celeridade cando esas actividades que alteren a convivencia cidadá teñan que seren contempladas para declarar zonas protexidas. É dicir, que non habendo normativa autonómica ou estatal que prohiba ata hoxe o consumo de alcol na vía pública, o Concello de Vigo trata de limitar o dereito fundamental de reunión naqueles casos nos que se vulneren outros dereitos constitucionais.

Obviamente esperamos que a nova Xunta de Galicia colla a testemuña deixada polo anterior goberno para que, na futura lei que vai tratar a prohibición das drogas e outros trastornos adictivos en Galicia, sexan consecuentes, segan na vía iniciada e dean ese importante paso que contribuirá enormemente ó dereito á saúde e a que os concellos teñamos moitas máis armas para loitar tamén por ese dereito que é unha das nosas grandes preocupacións.

A outra alegación presentada polo presidente da Asociación de Empresarios de Salas de Espectáculos e Discotecas di que non comparten que a multa que se poida poñer por incumprir a ordenanza poida seren substituída por cursos ou sesións formativas que se puideran impartir sobre convivencia cidadá e civismo ou a realización de traballos en beneficio da comunidade.

Por suposto non aceptamos tampouco esta alegación porque a nosa preocupación fundamental é procurar accións preventivas en aras de acadar que a cidadanía asuma o respecto ás normas da pacífica convivencia cidadá como un valor positivo en si mesmo e non temos ningunha vontade recadadora. Con medidas deste tipo orientadas á reeducación de acordo cos principios constitucionais, cando empecemos a poñer multas ou sancións por incumprimento da ordenanza non queremos escoitar

o consabido lema da vontade recadadora porque nada hai tan lonxe da realidade. Sinxelamente pretendemos accións preventivas para que a nosa cidade sexa un exemplo de convivencia e de calidade de vida. Proponse polo tanto a este Pleno rexeitar estas alegacións.

En canto ó segundo grupo de alegacións está presentado polo Valedor do Cidadá que como todos saben el e o seu equipo son auténticos expertos en todos estes temas. Polo tanto é unha honra para esta Concellería o estudo desta ordenanza e as alegacións que eles presentaron dun xeito colectivo e coordinado para acadar a mellor ordenanza posible, o que indica que realmente non estamos en nada equivocados.

Destas propostas que teñen fundamentalmente un significado técnico, aceptamos algunhas propostas bastante significativas aínda que, repito, hai unha comunidade entre o que é esta proposta e o formulado polo equipo e polo propio Valedor do Cidadán que nos enche de satisfacción. Pero dicir que entre as melloras que incluímos está que “aludamos expresamente ó dereito dos presuntos infractores a presentar alegacións”. É dicir, deixamos claro na propia ordenanza, aínda que non sería estritamente necesario, que os presuntos responsables teñen todos os dereitos para alegar a calquera actuación que se faga para aplicar esta ordenanza.

Non quero salientar as que teñen máis carácter técnico que cousa aínda que contribuen a mellorar a ordenanza, pero tamén propón que o importe das sancións económicas obtido coa aplicación da ordenanza, ademais de se dedicar a mellorar o espazo urbano como lugar de encontro que era o que se contemplaba na ordenanza, inclúa tamén que o importe económico desas sancións se poida destinar a financiar campañas educativas, formativas e informativas especialmente dirixidas á xuventude para os concienciar dos efectos nocivos que o consumo abusivo de alcol e de outras drogas teñen na saúde.

Entendemos isto como unha proposta claramente positiva porque casa coa nosa proposta xa comentada dende o primeiro intre de asociar a protección da saúde pública como un dos obxectivos desta ordenanza.

É por isto polo que non aceptamos as alegacións presentadas polo presidente da Asociación de Discotecas e Salas de Espectáculos de Pontevedra e consideramos que as propostas presentadas polo Valedor do Cidadán son positivas e por iso se inclúen xa no texto definitivo.

Unha vez aprobada esta ordenanza definitivamente procuraremos axilizar os trámites

para que sexa publicada no Boletín Oficial da Provincia o máis axiña para que en quince días poidámonos poñer en marcha. Xa estamos preparando os expedientes para iren resolvendo aquelas zonas nas que realmente esta alteración da convivencia cidadá é máis grave e imos empezar, como xa saben todos, coa rúa Loriga. Esperamos que a seguinte fin de semana a partir de que estea en vigor esta ordenanza poidamos tomar as medidas oportunas para facer de Vigo ese modelo de convivencia e de calidade de vida que todos ansiamos.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Con base no informe-proposta da técnica da administración xeral da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade do 9 de marzo de 2009, transcrito na parte expositiva deste acordo, desestimar integramente a alegación presentada en data 17.02.2009, con doc. nº 90.021.916, por don Samuel Pousada Soaje, con DNI 78735860-Y, actuando en calidade de Presidente da Asociación de Pontevedra de Empresarios de Salas de Espectáculos e Discotecas.

Segundo.- Con base no informe-proposta da técnica de administración xeral da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade do 9 de marzo de 2009, transcrito na parte expositiva deste acordo, estimar as alegacións presentadas en data 20.02.2009, con doc. nº 90.024.017, por don Luís Espada Recarey, Valedor do Ciudadán.

Terceiro.- Con base no informe-proposta da técnica de administración xeral da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade, transcrito na parte expositiva deste acordo, aprobar as modificacións de oficio que se propoñen no devandito informe.

Cuarto.- Aprobar definitivamente a ordenanza municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio exp. nº 75607/210/2008, co texto que se transcribe ao final deste acordo, no que se incorporan as correccións derivadas da estimación das alegacións presentadas e as propostas de oficio.

Quinto.- Ó abeiro do disposto nos artigos 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicar este acordo e o texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, entrando en vigor aos quince días hábiles desta publicación.

Sexto.- Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 107.3, 109 e

concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRXPAC 30/1992, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADÁ E O OCIO DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXP. Nº 75607/210/2008.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A utilización masiva dos espazos públicos como lugares de diversión xuvenil para o encontro e o ocio, mediante o coñecido “botellón”, constitúe un fenómeno social de moda que, en moitos casos, é fonte de diferente problemática que incide no normal desenvolvemento da convivencia cidadá.

Estas concentracións de persoas son a causa dunha contaminación múltiple xa que producen ruídos de elevada intensidade e un cúmulo de residuos, e ata contaminación visual en lugares históricos. Estes comportamentos impiden que outras persoas poidan transitar libremente polas rúas e demais espazos públicos, gozando das zonas de espallamento. Asemade, en ocasións chegan producirse graves danos en bens públicos ou privados, sendo ás veces de indubidable valor histórico.

Polo exposto, estas concentracións, expresión do dereito fundamental de reunión establecido no artigo 21 da Constitución Española (CE), deben ter o seu límite no respecto doutros dereitos constitucionais como son o dereito á intimidade persoal e familiar (art. 18 CE), o dereito á liberdade de circulación (art. 19 CE), o dereito á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores (art. 43 CE), o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45 CE) e mailo dereito a una vivenda digna e adecuada, libre de ruídos (art. 47 CE).

Cada día é máis demandada polos distintos colectivos e veciños das zonas afectadas, a intervención municipal para solventar as consecuencias prexudiciais que veñen padecendo. Corresponde á Administración Municipal no exercizo das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais lexislación sectorial aplicable, evitar comportamentos incívicos que se produzan en prexuízo grave da cidadanía, cando esta non teña o deber xurídico de soportalos. Nesta liña, estímase pertinente regulamentar a actividade dos usuarios dos espazos

públicos, evitando unha utilización excluínte e abusiva dos mesmos que perturbe a normal convivencia cidadá.

Partindo da premisa de que a Administración Pública debe servir con obxectividade ós intereses xerais, tal e como establecen os artigos 103.1 da CE e 3.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC), a fundamentación legal para a elaboración desta ordenanza é a seguinte:

Os Concellos poden intervir a actividade da cidadanía a través da emisión de ordenanzas municipais no exercizo da súa potestade regulamentaria segundo establecen os arts. 4.1.a) e 84.1.a) da LRBRL.

Ao abeiro do disposto no art. 1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, os Concellos, no exercizo da súa función de policía, poderán intervir a actuación dos seus administrados, cando exista perturbación ou perigo de perturbación grave da tranquilidade, seguridade, salubridade ou moralidade cidadás, co fin de restablecelas ou conservalas.

En canto á potestade de establecer infraccións e sancións mediante ordenanza municipal, existe cobertura legal no Título XI da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local que modifica a LRBRL 7/1985, cuxo art. 139 establece que “para a axeitada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, os entes locais poderán, en defecto de normativa sectorial específica, establecer os tipos de infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas correspondentes ordenanzas, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 140 e 141”.

Esta previsión configura cobertura legal suficiente para cumprir a reserva legal do mandato de tipificación e dar resposta completa ao artigo 25 da CE.

TITULO I DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO DA ORDENANZA.

Esta ordenanza é de aplicación en todo o termo municipal de Vigo e ten o seu fundamento na defensa do dereito á intimidade persoal e familiar, no dereito á liberdade de circulación, no dereito á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores, no dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e no dereito ao descanso, tranquilidade da veciñanza e inviolabilidade do domicilio.

ARTIGO 2.- MARCO LEGAL.

O marco normativo dentro do que se desenvolve esta ordenanza ven establecido por:

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Constitución Española do 27.12.1978.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e

- do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións regulamentarias.
 - Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
 - Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.
 - Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.
 - Lei 2/1996, do 8 de maio, sobre drogas de Galicia.
 - Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.
 - Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.
 - Lei 10/1998, de 21 do abril, de residuos.
 - Lei 10/2008, de 3 do novembro, de residuos de Galicia.
 - Lei 13/2006, de 27 do decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia.
 - Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e demais disposicións regulamentarias.
 - Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia e demais disposicións regulamentarias.

ARTIGO 3.- OBXECTO DA ORDENANZA.

O obxecto da presente ordenanza é regulamentar a utilización dos espazos públicos pola cidadanía, evitando usos excluídos e abusivos de ditos espazos que alteren gravemente a convivencia cidadá. Preservarase o espazo público como un lugar de convivencia e civismo, onde todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, ocio, encontro e recreo, con pleno respecto á dignidade e aos dereitos dos demais.

ARTIGO 4.- EXCLUSIÓNS.

Sen prexuízo do cumprimento das normas aplicables en materia de orden público e de seguridade cidadá, así como as relativas a espectáculos públicos e actividades recreativas, quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- 1.- A permanenza durante o horario establecido regulamentariamente de persoas en espazos abertos destinados a terrazas e veladores de establecementos públicos sometidos á normativa aplicable en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.
- 2.- A permanencia de persoas en espazos abertos do termo municipal destinados á celebración de festas e feiras locais, verbenas populares, así como manifestacións de carácter relixioso, político, sindical, docente, turístico, cultural ou análogo.
- 3.- O exercizo dos dereitos de reunión e manifestación, debidamente comunicados conforme á lexislación vixente.

ARTIGO 5.- ACTIVIDADES PROHIBIDAS.

- 1.- Prohíbese a permanencia e concentración de persoas en espazos abertos do termo municipal que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, cando alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá, considerada como tal nos termos desta ordenanza.

Enténdese por espazo aberto toda vía pública, zona ou área ao aire libre de dominio público ou patrimonial das Administracións Públicas.

2.- Nos establecementos públicos de consumo inmediato de bebidas tales como discotecas, pubs, bares, café-bares, etc, as bebidas deberán consumirse no interior de ditos establecementos, quedando prohibido o consumo das mesmas na vía pública, agás terrazas autorizadas de acordo coa ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo na sesión ordinaria do 28.04.2008.

Os titulares dos establecementos públicos que permitan a consumición das bebidas que expenden fóra do seu establecemento e dos lugares autorizados, serán considerados responsables, por cooperación necesaria, das molestias que se puidesen producir e como tal seralles de aplicación o réxime sancionador establecido na ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

3.- Prohíbese nas vías públicas a distribución e subministración de bebidas, aínda dende vehículos automóbiles, caravanas, barracas ou similares, ben a título oneroso ou gratuíto, agás supostos autorizados expresamente polo Concello.

4.- Prohíbese a venda, distribución ou subministración de bebidas alcohólicas nos establecementos públicos que carezan de autorización a tal fin.

5.- Ao abeiro do disposto no art. 13.1 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de drogas de Galicia, non se permite a venda ou subministración de bebidas alcohólicas a menores de 16 anos, ou no caso de bebidas alcohólicas de máis de 18 grados centesimais aos menores de 18 anos.

6.- Ao abeiro do disposto no art. 13.2 e 3 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de drogas de Galicia, non se poderá vender ou subministrar bebidas alcohólicas en:

- Locais e centros preferentemente destinados a menores de 18 anos.
- Centros culturais.
- Centros educativos que imparten educación primaria e educación secundaria ou outras ensinanzas de nivel equivalente.
- Instalacións deportivas.
- Centros sanitarios.

Non se permitirá a venda ou subministración de bebidas cunha graduación alcohólica de máis de 18 grados en:

- Centros de educación superior e universitaria.
- Dependencias das administracións públicas.

7.- Ao abeiro do disposto no art. 13.4 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de drogas de Galicia, a venda ou subministración de alcohol por medio de máquinas automáticas só poderá realizarse en lugares pechados, debendo constar na superficie frontal da máquina a prohibición do seu uso por menores de 18 anos.

8.- Ao abeiro do disposto no art. 10 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia, o Concello poderá acordar de maneira singularizada, por razóns de orden público, impoñer aos establecementos comerciais que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas, a prohibición de expender este tipo de bebidas dende as 22:00 horas ata as 09:00 do día seguinte, con independencia do réxime de apertura que lles sexa de aplicación. A imposición desta prohibición comunicárase á Dirección Xeral competente en materia de comercio.

ARTIGO 6.- ZONAS PROTEXIDAS.

1.- Corresponde ao Concello, por acordo da Xunta de Goberno Local, determinar cando as actividades ás que se refire o art. 5.1) da presente ordenanza alteran gravemente a convivencia cidadá.

Considerarase alterada gravemente a convivencia cidadá, cando concorran varias das seguintes circunstancias:

- a) Alto número de persoas concentradas nos espazos abertos. O elevado número de persoas estará en relación coa superficie do espazo e mailo número de vivendas existentes no entorno.
- b) As concentracións terán carácter continuado no tempo, non considerándose as concentracións de persoas ocasionais ou puntuais.
- c) Existencia de reiteradas queixas cidadás, denunciando as molestias derivadas de ditas concentracións.
- d) Existencia de actos vandálicos producidos na zona que ocasionasen danos en bens públicos ou privados.
- e) Informes municipais constatando a contaminación derivada da masiva concentración de persoas (contaminación acústica, problemas hixiénico-sanitarios ou situacións de insalubridade).

2.- A Xunta de Goberno Local declarará como zonas protexidas, os espazos abertos onde as concentracións reiteradas de persoas alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá segundo o establecido no apartado anterior.

3.- Unha vez declaradas, as zonas protexidas serán sinalizadas verticalmente, quedando prohibido nas mesmas, a permanencia e concentración de persoas consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades.

TÍTULO II MEDIDAS PREVENTIVAS

ARTIGO 7.- DE INFORMACIÓN, EDUCACIÓN E ORIENTACIÓN.

O Concello desenvolverá políticas de fomento da convivencia e o civismo co fin de acadar que as condutas e actitudes da cidadanía se adecúen aos estándares mínimos de convivencia co obxectivo de garantir o civismo e de mellorar a calidade de vida no espazo público da nosa cidade.

O Concello facilitará á cidadanía asesoramento e orientación sobre a prevención do consumo abusivo de alcohol e outras substancias e, no seu caso, do tratamento de situacións de adicción e dos problemas derivados do seu consumo.

Con tal fin promoverá e impulsará campañas informativas, especialmente dirixidas á xuventude, para concienciar á cidadanía sobre os nocivos efectos do consumo abusivo de alcohol e outras substancias, a fin de modificar hábitos e actitudes en relación co seu consumo. Asemade, dentro das accións de prevención, o Concello fomentará o diálogo con organizacións xuvenís, organizacións de pais e nais e organizacións veciñais.

O Concello, dende o Plan Municipal de Drogas, promoverá actuacións de sensibilización, educativas e formativas que potenciarán entre os nenos e mocidade, e a poboación en xeral, o valor da saúde no ámbito individual e social.

ARTIGO 8.- OCIO ALTERNATIVO.

O Concello elaborará un plan de actividades lúdico-culturais e deportivas co obxecto fundamental de ofrecer aos mozos e mozas da cidade de Vigo unha alternativa ao ocio como medida de prevención no consumo abusivo de alcohol e demais drogas.

TÍTULO III RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 9.- PRINCIPIOS XERAIS.

O réxime sancionador desta ordenanza réxese polos principios contidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

ARTIGO 10.- DEREITOS DO PRESUNTO RESPONSABLE.

Ao abeiro do disposto no artigo 135 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o procedemento sancionador garantirá ao presunto responsable os seguintes dereitos:

- A ser notificado dos feitos que se lle imputen, das infraccións que tales feitos poidan constituír e das sancións que, no seu caso, se lles puideran impoñer, así como da identidade do instrutor, da autoridade competente para impoñer a sanción e da norma que atribúa tal competencia.
- A formular alegacións e utilizar os medios de defensa admitidos polo Ordenamento Xurídico que resulten procedentes.
- Os demais dereitos recoñecidos polo artigo 35 da Lei 30/1992.

ARTIGO 11.-COMPETENCIA PARA SANCIONAR.

O exercizo da potestade sancionadora corresponde á Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.L) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e por delegación desta á Concellería de Medio Ambiente.

ARTIGO 12.- POLICÍA ADMINISTRATIVA.

Na súa condición de policía administrativa, a policía local, de acordo co disposto nos artigos 8.1.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, e 53.1.d) da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, é a encargada de velar polo cumprimento desta ordenanza, denunciando, cando proceda, as condutas que sexan contrarias á mesma.

ARTIGO 13.- PRESUNCIÓN DE VERACIDADE.

Nos procedementos sancionadores que se instrúan por aplicación desta ordenanza, os feitos constatados polos axentes da autoridade terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que poidan aportar os interesados.

Aos efectos de poder incoar o correspondente procedemento sancionador, os axentes da autoridade requirirán á persoa presuntamente responsable para que se identifique. De non se conseguir a identificación da persoa que cometera a presunta infracción, os axentes da autoridade poderán requirila para que, ao obxecto de incoar o correspondente procedemento sancionador, os acompañe ás dependencias próximas que contén con medios adecuados para realizar as dilixencias de identificación, a estes únicos efectos e polo tempo imprescindible, informando á persoa infractora dos motivos do requirimento de acompañamento.

ARTIGO 14.- RESPONSABILIDADES.

De acordo cos principios que rexen a potestade sancionadora, só poderán ser sancionados por feitos que constitúan infraccións ao disposto na presente ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas que resulten responsables dos mesmos, aínda a título de simple inobservancia.

No suposto de accións cometidas por menores de idade, os pais, as nais ou as persoas que resulten legalmente responsables dos mesmos, serán responsables civís subsidiarios dos danos e prexuízos que se deriven das accións dos menores.

Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais, nais, titores ou gardadores polas accións cometidas polos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

ARTIGO 15.- DAS INFRACCIÓNS.

As infraccións administrativas contra a presente ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves. Esta clasificación establécese atendendo aos criterios establecidos no art. 140 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de modernización do goberno local.

ARTIGO 16.- INFRACCIÓNS MOI GRAVES.

Constitúen infraccións moi graves:

- 1.- As accións ou omisións constitutivas de condutas obstrucionistas ás tarefas de control, investigación ou sanción dos axentes da autoridade e poderes públicos no exercizo das súas funcións competenciais para o cumprimento da presente ordenanza.
- 2.- O incumprimento das ordes ou requirimentos específicos formulados polas autoridades municipais ou seus axentes en directa aplicación do disposto nesta ordenanza.
- 3.- O impedimento do uso dun servizo ou espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- 4.- O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento dun servizo público.
- 5.- Os actos de deterioro grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo público.
- 6.- Os actos de deterioro grave e relevante dos espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.
- 7.- Distribuír ou subministrar bebidas na vía pública, aínda desde vehículos automóbiles, caravanas, barracas ou similares, ben a título oneroso ou gratuíto, agás supostos autorizados expresamente polo Concello.
- 8.- A comisión no termo dun ano de mais dunha falta grave cando a primeira delas se declarara firme en vía administrativa.

ARTIGO 17.- INFRACCIÓNS GRAVES.

Constitúen infraccións graves:

- 1.- As concentracións de persoas en espazos abertos do termo municipal, declarados como zonas protexidas, que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, cando alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá.
- 2.- A mera obstrución ao normal funcionamento dun servizo público.
- 3.- A realización de actos que ocasionan danos ou estragos ao mobiliario ou equipamento urbano impedindo o seu uso, xa sexa provisional ou definitivamente.
- 4.- A práctica de xogos nos espazos abertos que implicaran un risco relevante para a seguridade de persoas ou bens, e, especialmente, a circulación temeraria con patíns ou monopatíns por beirarrúas ou lugares destinados aos peóns. Nestes casos, os axentes da autoridade informarán, en primeiro lugar, a estas persoas de que ditas prácticas están prohibidas. Se a persoa persistira na súa actitude, procederase a realizar a denuncia correspondente e intervirase cautelarmente o xogo, monopatín, patín ou similar con que se producise a conduta.

5.- A comisión no termo dun ano de mais dunha falta leve cando a primeira delas se declarara firme en vía administrativa.

ARTIGO 18.- INFRACCIÓNS LEVES.

Constitúen infraccións leves:

1.- Realización de actos que ocasionen danos ou estragos no mobiliario ou equipamento urbano pero non impiden o seu uso, tales como pintadas, graffitis, rezalos, etc.

2.- Utilización dos espazos públicos ou dos seus elementos para usos distintos da súa finalidade, tales como bañarse ou lavarse nas fontes públicas, estanques ou similares; acampar nas vías ou espazos públicos, acción que inclúe a instalación nestes espazos de tendas de acampada, vehículos auto-caravanas, caravanas ou similares salvo nos lugares expresamente autorizados; etc.

3.- Realizar necesidades fisiolóxicas nos espazos públicos agás nas instalacións destinadas especialmente á realización das mesmas.

4.- Obstruír o acceso aos portais veciñais ou á entrada de garaxes públicos ou privados de xeito que se impida a súa normal utilización.

5.- Timbrar indiscriminadamente nos portais dos edificios de xeito que se impida o descanso nocturno.

6.- Golpear o mobiliario urbano ou os residuos existentes na vía pública producindo unha notable afección acústica que, resulte inadmisibile, a xuízo da policía local.

ARTIGO 19.- DAS SANCIÓNS.

Polas infraccións previstas nesta ordenanza imporanse as seguintes sancións:

- | | |
|-----------------------------|-------------------------------|
| 1.- Infraccións leves: | multa de 300 € ata 750 €. |
| 2.- Infraccións graves: | multa de 751 € ata 1.500 €. |
| 3.- Infraccións moi graves: | multa de 1.501 € ata 3.000 €. |

ARTIGO 20.- DA GRADUACIÓN NA IMPOSICIÓN DAS SANCIÓNS.

A imposición das sancións previstas nesta ordenanza terá en conta o principio de proporcionalidade e, en todo caso, os seguintes criterios de graduación:

- 1.- A gravidade e transcendencia da infracción.
- 2.- A existencia de intencionalidade.
- 3.- A natureza dos prexuízos causados.
- 4.- A reincidencia.
- 5.- A reiteración.
- 6.- A capacidade económica da persoa infractora.
- 7.- Beneficio obtido.

Enténdese que existe reincidencia, cando se cometa no prazo dun ano mais dunha

infracción administrativa da mesma natureza e tivese sido declarada por resolución firme en vía administrativa.

Existe reiteración cando a persoa responsable xa ten sido sancionada por infracción desta ordenanza ou cando estanse a instruír outros procedementos sancionadores por infracción desta ordenanza.

ARTIGO 21.- SUBSTITUCIÓN DAS MULTAS.

As sancións económicas impostas pola comisión de infraccións graves ou leves en aplicación desta ordenanza poderán ser substituídas:

1.- Se o infractor acepta a realización de traballos ou actividades en beneficio da comunidade que se establezan, de selo caso, polo Concello. En ningún caso, as prestacións en beneficio da comunidade, poderán consistir en tarefas propias do persoal municipal.

2.- Se o infractor participa en cursos ou sesións formativas que puideran impartirse sobre convivencia cidadá e civismo ou sobre consumo de alcohol e os seus efectos nocivos para a saúde que determine o Concello.

Estas medidas poderán ser adoptadas sempre que medie o consentimento previo do interesado ou dos seus representantes legais. Non obstante, no caso de inasistencia aos cursos, sesións formativas, traballos ou actividades en beneficio da comunidade, ou incumprimento do compromiso polo infractor, procederá executar a correspondente sanción pecuniaria.

ARTIGO 22.- REPARACIÓN DOS DANOS.

As sancións contidas neste título enténdense sen prexuízo de que o Concello poida reclamar, polas vías legais que sexan de aplicación, as indemnizacións polos danos sufridos polo seu patrimonio como consecuencia de actos vandálicos cometidos con ocasión de actividades regulamentadas nesta ordenanza.

ARTIGO 23.- PRESCRICIÓN DAS INFRACCIÓNS E DAS SANCIÓNNS.

As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses da súa comisión.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse a partir do día no que se tivese cometido a mesma e interrómtese dende o intre no que o procedemento se dirixa contra o presunto infractor.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

ARTIGO 24.- DESTINO MULTAS.

O importe económico das sancións obtidas por aplicación desta ordenanza, quedará afecto e deberá destinarse integramente a mellorar nas súas diversas formas, o espazo urbano como lugar de encontro de convivencia ou ben a financiar campañas municipais formativas, educativas e informativas, especialmente dirixidas á xuventude, para concienciar á cidadanía sobre os efectos nocivos que o consumo abusivo do alcohol e outras drogas teñen na saúde.

ARTIGO 25.-APRECIACIÓN DELITO OU FALTA.

Cando as condutas a que se refire esta ordenanza puideran constituír infracción penal, remitiranse ao ministerio fiscal ou á autoridade xudicial que corresponda, os antecedentes necesarios das actuacións practicadas.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Quedan derrogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.

No que non estea previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na normativa estatal, autonómica ou local que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA.

A Alcaldía Presidencia do Concello de Vigo queda facultada para ditar cantas instrucións resulten precisas para a adecuada interpretación e aplicación desta ordenanza.

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil:

Sinalar o que xa dicíamos no seu día. Entendemos que xa temos normativa suficiente pero que o goberno local non é quen da facer cumprir. É unha ordenanza que se trata dun brinde ó sol, toda a competencia tena a Xunta de Goberno Local. É a ordenanza de “Juan Palomo” e coido que a traen aquí porque non lles queda máis remedio pero o máis importante que é a fixación das zonas, lévana vostedes á Xunta de Goberno Local co que entendemos que a postura máis lóxica e coherente é precisamente a abstención que é o que fixemos neste Pleno.

7.- (48).- PROPOSTA DE CUMPRIMENTO DA ORDE DO 16.05.08 DA CPTOPT SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PXOM DE VIGO. EXPTE. 7266/411.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe de data 4 de marzo de 2009, emitido polo arquitecto municipal, director da Área de Planeamento, a técnica de administración xeral e mailo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo:

"Este informe emítase en relación coa documentación redactada pola empresa CONSULTORA GALEGA S.L, entregado en datas 16/01/2009 e 25/02/2009, xustificativa do cumprimento das observacións formuladas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia na Orde do 16 de maio de 2008 pola que se outorgou a aprobación definitiva parcial ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo.

No presente informe se describen as modificacións introducidas na documentación que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello de Vigo o día 29 de decembro de 2007, para dar cumprimento ás observacións formuladas pola CPTOPT na Orde do 16 de maio de 2008, que na súa parte dispositiva conclúía:

"(...) Aprobar definitivamente de forma parcial o plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo, deixando en suspenso as áreas, determinacións e documentos obxecto de reparos no apartado II anterior, en todo canto se refira ás deficiencias que se expresan no devandito apartado.

- O Concello deberá introducir nos documentos referidos anteriormente e en aqueles outros non citados (como listados, gráficos ou cadros da memoria do PXOM) nos que resulte preciso para evitar contradicións, as modificacións necesarias para emendar as deficiencias que respecto deles se expresaron no apartado II anterior.

- Unha vez corrixidos os citados documentos, e tras a súa aprobación polo Concello, serán elevados a esta Consellería para a súa aprobación definitiva e incorporación ao PXOM (...)".

A comprobación do axeitado cumprimento das observacións formuladas será competencia da propia Consellería que as formulou, Consellería que, por outra banda, ten coñecemento do desenvolvemento dos traballos que se veñen realizando con ese obxectivo a través de contactos da Xerencia Municipal de Urbanismo coa Dirección Xeral de Urbanismo.

Os servizos técnicos e xurídicos municipais da Xerencia de Urbanismo xa emitiron en data 8 de maio de 2006 o informe sobre a "conformidade do plan coa lexislación vixente e da calidade técnica da ordenación proxectada" esixido no art. 85.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA). Así mesmo o 16 de abril de 2007 redactouse un segundo informe en relación coa documentación corrixida presentada por "Consultora Galega SL" en marzo de 2007 para dar cumprimento á Orde da CPTOPT da Xunta de Galicia do 19 de xaneiro de 2007, como complemento do informe do Sr. Secretario Xeral do Pleno do 11 de abril de 2007.

Finalmente, o 20 de decembro de 2007, emitiuse informe sobre a documentación corrixida pola Orde da CPTOPT do 19 de xaneiro de 2007 e do informe da Consellería de Medio Ambiente do 10 de setembro de 2007, así como pola incorporación dun novo estudo xustificativo sobre a posibilidade de introdución dunha maior reserva de vivendas de protección nos ámbitos de solo urbano non consolidado e urbanizable, cunha reserva variable concretada en cada ámbito ou sector, sen alterar o seu equilibrio económico-financeiro.

Como antecedentes damos por reproducido integramente o sinalado nesos informes anteriores, en todo aquilo que non se vise afectado pola última documentación que agora se informa.

ESTRUTURA DO INFORME:

- I. ANTECEDENTES
- II. DESCRICIÓN DA DOCUMENTACIÓN CORRIXIDA
- III. MEDIDAS ADOPTADAS PARA CUMPRIMENTO DA ORDE DO 16/05/2008
- IV. PROCEDEMENTO

I.- ANTECEDENTES.-

Como continuación da relación de antecedentes xa detallada no anterior informe do 20/12/2007 deben salientarse os seguintes:

En data 29/12/2007 o Pleno do Concello outorgou unha nova aprobación provisional ao proxecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo na versión corrixida en novembro de 2007.

No 08/01/2008 o Concello de Vigo remitiu o expediente á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para resolución da súa aprobación definitiva.

O 28/03/2008 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible declarou a inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo aos trámites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006 sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente (resolución publicada no DOG do 14/05/2008).

No 30/04/2008 o Concello remitiu a documentación corrixida á Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente.

No 16/05/2008 a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia aprobou definitivamente de xeito parcial o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo (publicación no DOG nº 106, do 3 de xuño de 2008).

En data 30/05/2008 o Concello notificou á empresa redactora do PXOM, Consultora Galega SL, a resolución de aprobación definitiva parcial e a necesidade de introducir na documentación as modificacións necesarias para evitar as contradicións e emendar as deficiencias que se citan no apartado II da Orde, encargando a elaboración da documentación necesaria.

En datas 10/07/2008 e 06/08/2008 publicouse no BOP a resolución e a normativa do PXOM aprobado definitivamente de xeito parcial, en cumprimento do artigo 92 da LOUGA.

No 06/11/2008 a Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes remitiu ao Concello de Vigo o documento completo do PXOM dilixenciado coa aprobación parcial da Consellería de data 16/05/2008.

Mediante decreto resolución do 13 de xaneiro de 2009 adxudicouse á empresa Consultora Galega, SL, a redacción da Ordenación Detallada para o ámbito de intervención de Alfageme (A-3-21) para a súa incorporación ao PXOM.

En datas 16/01/2009 e 25/02/2009 o representante da mercantil "Consultora Galega SL" presentou no rexistro da Xerencia de Urbanismo a documentación corrixida, que supervisada inicialmente no seu contido polos servizos técnicos municipais de planeamento é o obxecto deste informe.

II. DESCRICIÓN DA DOCUMENTACIÓN CORRIXIDA

II.1 A nova documentación presentada ten o seguinte título: "*ANEXO XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS FORMULADAS POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES DA XUNTA DE GALICIA ATENDENDO Á ORDE DO 16 DE MAIO DE 2008 SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO (PONTEVEDRA)*", con data DECEMBRO DE 2008, e clave de versión **V.5**, baixo a autoría de entidade mercantil "CONSULTORA GALEGA", co mesmo equipo que figurou na aprobación provisional, e planos asinados polo director do equipo D. Juan Zumárraga, arquitecto.

II.2. A documentación presentada en data 25/02/2009, unha vez corrixida a presentada inicialmente o 16/01/2009, está integrada polos seguintes documentos:

CAIXA 1, na que se incorporan os volumes que se relacionan:

* MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS DA ORDE do 16 de maio de 2008 da CPTOPT RELATIVAS A:

- (1) CUALIFICACIÓN DE SISTEMAS XERAIS
- (2) CLASIFICACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL
- (3) ÁMBITOS QUE DEBEN INCLUIRSE NA CATEGORÍA DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO
- (4) CUESTIÓNS RELACIONADAS COA NORMATIVA DO PLAN
- (5) INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO EN MATERIA DE COSTAS)
- (6) ERROS MATERIAIS DETECTADOS
- (7) INFRAESTRUTURAS DE ÍNDOLE SUPRAMUNICIPAL: VARIANTE TRAZADO. "TRAMO PORRIÑO-VIGO".

ANEXO A: LÍMITES DE SOSTIBILIDADE E ESTÁNDARES RESULTANTES
RESUMO DE MAGNITUDES:

- ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

- EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS
- APARCAMENTOS
- COEFICIENTES E VALORES DE REPERCUSIÓN POR USOS, ÁMBITOS E SECTORES
- VIVENDA ACOLLIDA A ALGÚN RÉXIME DE PROTECCIÓN PÚBLICA
- RESUMO DE MAGNITUDES

* ÁREAS DE ORDENACIÓN PORMENORIZADA, AOP, volume refundido de todas as corrixidas trala Orde:

- AOP-01 ORDENANZA 16 PRIVADA MODERNA
- AOP-09 ORDENANZA 16 SAN GREGORIO
- AOP-10 ORDENANZA 16 CASTRO CASTRIÑO
- AOP-11 ORDENANZA 16 TOMÁS ALONSO 91 111
- AOP-14 ORDENANZA 16 CORUXO COSTA
- AOP-21 ORDENANZA 16 CORDELERÍAS MAR
- AOP-23 ORDENANZA 16 ROMIL

* ÁREA DE ORDENACIÓN DETALLADA, AOD, ALFAGEME, A-3-21, Volume coa nova incorporada trala Orde,

* ESTUDIO DO MEDIO RURAL E MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL [Memoria (cun novo capítulo xustificativo), Planos, Fichas gráficas e paramétricas corrixidos]:

- NR-01 FRAGOSELO (CORUXO)
- NR-02 CHANS (BEMBRIVE)
- NR-03 SAN CIBRAO (BEMBRIVE)
- NR-04 MIRAFLORES (BEMBRIVE)
- NR-05 XESTOSO (BEMBRIVE)
- NR-07 CIDÁNS (ZAMÁNS)
- NR-08 IGREXA (ZAMÁNS)
- NR-09 MARCOSENDE (ZAMÁNS)
- NR-10 VILARIÑO (ZAMÁNS)
- NR-11 VILAVERDE (ZAMÁNS)

* PLANOS

CAIXA 2, de planos a escala 1/5.000 para substituír, serie 1, de clasificación de solo e categorías de solo rústico:

- Planos núms. 2, 3, 5, 6, 9, 11, 12, 15, 17, 19, 20, 21, 22.

CAIXA 3, de planos a escala 1/1.000 para substituír, serie 2, de ordenación pormenorizada dos solos urbanos e de núcleo rural,

- Planos núms. 1-Q, 2-Q, 3-Q, 2-N, 2-O, 3-N, 8-K, 8-N, 9-I, 10-I, 10-J, 12-O, 13-P, 13-Q, 13-R, 14-O, 14-P, 14-Q, 14-R, 15-O, 15-P, 15-Q, 15-R, 16-P, 16-Q, 16-R, 17-P, 17-Q, 18-Q, 19-G, 20-G, 20-H, 23-O, 23-P, 24-P, 24-Q, 25-O, 25-P, 25-Q, 25-R, 26-P, 26-Q, 26-R, 27-Q.

Encadernación de planos a escala 1/2.000 para substituír, serie 2, de ordenación pormenorizada dos solos urbanos e de núcleo rural.(mesmos planos que na caixa 3).

III. PROPOSTA DE CUMPRIMENTO DA ORDE DA CPTOPT DE 16/05/2008.

Como xa se indicou en anteriores informes, a pretensión de subsanación das deficiencias que se citan na Orde da CPTOPT do 16/05/2008 deberá ser valorada pola propia Consellería que as formulou cando analice o documento, previamente á súa aprobación definitiva completa.

No documento denominado “MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS DA ORDE DO 16 DE MAIO DE 2008 DA CPTOPT”, dase reposta puntual a cada unha das observacións formuladas na Orde, seguindo a mesma secuencia que naquela.

Ó abeiro do establecido no apartado a do artigo 85º da LOUGA, a Administración Autonómica aprobou definitivamente o PXOM de xeito parcial ó entender que a salvo das deficiencias detectadas, o planeamento ten a suficiente coherencia como para ser aplicado de xeito parcial. Á vista das observacións e obxeccións realizadas, o Concello está obrigado a realizar unha proposta de subsanación das mesmas e á remisión do documento corrixido á Consellería competente para a súa aprobación definitiva.

A metodoloxía seguida consiste, en primeiro termo, en transcribir textualmente a observación da Orde, para a continuación xustificar e dar conta da modificación introducida e dos cambios que supón na documentación, cambios que figuran na propia Memoria Xustificativa ou nos Anexos Documentais que se acompañan nesta entrega.

As observacións que motivaron a aprobación parcial do PXOM, divídense naquelas que implican unha mera transposición material das solucións concretas contidas na Orde e, por outra parte, outras nas que se outorga un certo grao de discrecionalidade ao Concello, sempre e cando exista unha clara xustificación da proposta de corrección.

Seguindo sistematicamente as observacións da Orde, se propoñen as seguintes adoptadas foron as seguintes:

III.1. CUALIFICACIÓN DE SISTEMAS XERAIS.

A nova subestación eléctrica de Teis localízase nos planos corrixidos: plano nº 3 da serie 1-escala 1/5000, e plano nº 3-Q da serie 2 -escalas 1/1000 e 1/2000. Tamén na Ficha do ámbito de solo urbano non consolidado A-5-10 PUGARIÑO faise unha referencia explícita á localización da subestación.

O sistema xeral portuario delimitouse correctamente, emendando así os erros apreciados pola Consellería na franxa de terreos que van desde a EDAR de Teis ata o límite da zona de servizos portuarios (plano nº 3 da serie 1-escala 1/5000, e plano nº 1-Q da serie 2-escalas 1/1000 e 1/2000).

III.2. CLASIFICACIÓN DE NÚCLEO RURAL.

Para dar cumprimento á observación formulada en relación coa clasificación e delimitación de solos dos núcleos rurais que se contiña no documento do PXOM aprobado provisionalmente o 29/12/2007, o traballo realizado consistiu na realización do maior estudo requirido pola Orde da Consellería, ao abeiro do artigo 13.2. da LOUGA.

Para o estudo da formación e evolución dos asentamentos utilizouse a cartografía histórica existente no Concello de Vigo e, como elemento fundamental, a fotografía aérea do voo do exército americano de 1956 que permite considerar máis obxectivamente como asentamentos tradicionais aqueles que figuran en dito documento.

Igualmente, consultouse o nomenclátor oficial do censo de poboación e vivenda, así como os traballos do xeógrafo Xosé Manoel Souto "Vigo, Proxecto e realidade do medio periurbano", mailo "Informe sobre a división territorial do Municipio de Vigo", dos anos 1993 e 1994.

O estudo completouse co traballo de campo encamiñado a detectar e coñecer as tipoloxías edificatorias e construtivas propias de cada núcleo.

Con toda esta información, corrixiuse e completouse o documento de caracterización dos núcleos rurais que figurara en anteriores aprobacións inicial e provisional do PXOM, e as fichas e planos de cada un dos núcleos delimitados.

O procedemento seguido consistiu en identificar os asentamentos tradicionais do núcleo, que figuran no fotoplano do voo do exército americano e trazar o círculo máximo de 50 metros á fin de efectuar unha primeira predelimitación do núcleo estrito, respecto da cal calculouse a ocupación e comprobouse o cumprimento do mínimo do 50% esixido polo artigo 13 da LOUGA, cos criterios habitualmente aceptados pola Xunta de Galicia nos expedientes de delimitación de núcleos rurais tramitados en municipios sen planeamento, segundo a disposición adicional 2ª, parágrafo 2 da LOUGA.

Deste primeiro análise, o novo traballo de campo e a consulta do voo americano desclasificouse como Solo de Núcleo Rural o NR-06 CARRASCAL (Zamáns), clasificando todo o ámbito como solo rústico de protección forestal.

A partir da delimitación estrita do núcleo e comprobada a súa ocupación, estudáronse as áreas de expansión en función das expectativas de desenvolvemento de cada núcleo, da natureza dos terreos situados na franxa de 200 metros paralela á delimitación, os seus valores naturais, paisaxísticos, forestais ou de protección de augas, tendo sempre como referencia as anteriores delimitacións de núcleo contidas no Plan Xeral anterior, e as recomendacións da Orde da Consellería en cada caso.

Preséntase un novo tomo do "Análise do Modelo de asentamento poboacional" que se incorpora ó Plan xeral para substituír o anterior, e ao que se lle engade un novo, terceiro, capítulo de "Análise detallada dos asentamentos" que incorpora o novo estudo realizado pormenorizadamente núcleo a núcleo.

No cadro da páxina seguinte reflíctense os resultados globais da corrección levada a cabo na delimitación de núcleos como consecuencia da Orde da Consellería.

NUCLEO	DENOMINACIÓN	PARROQUIA	SUP.PXOMI	SUP.PROPOSTA	NUCLEO	NETA	PARCELA MEDIA	MÁX. VIVENDAS	Nº VIVENDAS	CONSOLIDACION	ÁREA EXPANSION	SRP
NR-01	FRAGOSELO	CORUXO	209.719, 00	202.687,14	113.887, 33	96.804, 23	600	260	104	64, 45 %	88.799, 79	7.031, 86
NR-02	CHANS	BEMBRIBE	150.628, 00	119.070, 31	60.543, 68	51.642, 11	600	54	44	51, 12 %	58.526, 63	31557, 69
NR-03	SAN CIBRAO	BEMBRIBE	91.118, 00	87.196, 15	64.962, 26	55.217, 92	600	73	49	53, 24 %	22.233, 88	3.921, 85
NR-04	MIRAFLORES	BEMBRIBE	166.842,00	162.012, 24	63.324, 33	53.825, 65	600	72	45	50, 16 %	98.687, 95	24.829, 76
NR-05	XESTOSO	BEMBRIBE	277.121, 00	256.938, 64	111.496, 26	53.825, 65	600	140	86	54, 44 %	145.442, 38	20.182, 36
NR-06	CARRASCAL	ZAMÁNS	120.968, 00	---	---	---	---	---	---	---	---	120.968, 00
NR-07	CIDÁNS	ZAMÁNS	215.468, 00	162.056, 38	105.497, 90	89.673, 21	1.000	61	58	64, 67 %	56.558, 48	53.411, 62
NR-08	IGREXA	ZAMÁNS	206.529, 00	185.694, 24	67.370, 03	57.264, 52	600	74	51	53, 43 %	98.314, 21	40844, 76
NR-09	MARCOSENDE	ZAMÁNS	254.604, 00	233.362, 62	65.771, 36	55.905, 65	600	80	60	64, 39 %	167.861, 25	21.241, 38
NR-10	VILARIÑO	ZAMÁNS	57.636, 65	57.636, 65	14.378, 52	12.221, 74	800	14	14	91, 63 %	43.258, 10	0, 00
NR-11	VILAVERDE	ZAMÁNS	106.373, 95	106.374, 10	59.980, 00	50.983, 00	800	47	42	85, 90 %	54.394, 10	-0, 15
TOTAIS			1.877.007, 60	1.553.018, 41	727.211, 67						834.076, 77	323.989, 13

A conclusión, neste punto é que, con relación ao documento con aprobación provisional de decembro de 2007, e como principal consecuencia das observacións formuladas pola Xunta, é que 323.989,13 m² de solo que estaban incluídos en solo de núcleo rural, pasaron a considerarse solos rústicos de protección, en distintas categorías.

Esta corrección trasládase tamén aos planos de ordenación das series 1 e 2 (escalas 1/5000, 1/1.000 e 1/2.000), ás fichas normativas de cada núcleo e á Normativa urbanística do capítulo 10.4 de Ordenanza de NR de edificación en núcleo rural, coa referencia aos graos 1º e 2º (edificación en núcleo ou en área de expansión).

III.3. ÁMBITOS QUE DEBEN INCLUIRSE EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO.

Da relación de ámbitos que a Consellería estimou que deberían inicialmente pasar de Solo urbano Consolidado a Solo Urbano non consolidado porque o PXOM prevía "*a cesión de solo para equipamentos ou espazos libres destinados a uso e dominio público, ou implica a apertura de novo viario, co que a nova ordenación difire substancialmente da que realmente existe, polo que conforme ao artigo 12 da LOUG, deben incluírse na categoría de solo urbano non consolidado*", na nova Memoria Xustificativa arguméntase pormenorizadamente cada un deles, matizando cales son os deberes de cesión ou urbanización caso a caso, corrixindo, cando foi necesario, e en definitiva intentando xustificar e/ou subsanar as observacións feitas.

De todas estas xustificacións deuse conta nas reunións cos servizos técnicos da Consellería, na intención da maior coordinación.

Na proposta de correccións e subsanacións que se está a informar (páxinas 14 a 32 do Anexo Xustificativo), se conclúe o seguinte:

- A AOP-01 PRIVADA MODERNA xustifica a súa condición de Solo Urbano Consolidado corrixindo a información que se citaba na anterior documentación e demostrando que non se precisan procesos de cesión, equidistribución nin urbanización integral.
- A AOP-9 SAN GREGORIO xustifícase en que a ordenación que se propón, aínda que cambia o uso industrial do plan anterior por residencial), non é substancialmente diferente da ordenación existente no contorno, e mantense en Solo Urbano Consolidado.
- A AOP-10 CASTRO CASTRIÑO reconece a condición de soar e xa que logo de Solo Urbano Consolidado que xa tiña o ámbito, aínda que a través dun convenio coa propiedade se obteña unha dotación cultural.
- Na AOP-11 TOMAS A. ALONSO 91-111 o documento xustifica a condición de soar e o carácter complementario das cesións, que non precisan dun proceso integral de urbanización nin de equidistribución. Mantense en Solo Urbano Consolidado.
- A AOP-14 CORUXO COSTA trátase como unha solución de ordenación singular para dar resposta á integración da edificación máis apropiada nun soar con acceso rodado e todos os servizos, que non precisa de ningún deber de cesión, equidistribución nin urbanización integral, polo que continua considerándose Solo

Urbano Consolidado.

- A AOP-21 CORDELERIAS MAR xustifícase no documento como unha ordenación pormenorizada dunha couzada de edificación pechada xa iniciada parcialmente por planeamentos anteriores, polo que a ordenación non é substancialmente diferente da existente no contorno. Atópase totalmente rodeada por viais completamente urbanizados, coa condición de solar. Por estas razóns a proposta é mantela como Solo Urbano Consolidado.

- A AOP-23 ROMIL situada no núcleo central consolidado da cidade xustifícase nunha ordenación detallada para mellor encaixe da edificación entre as situacións de contorno, con cesións parciais e obras de completamento da urbanización existente, que non supoñen unha execución integral. No documento mantense en Solo Urbano Consolidado.

- Con relación á AOP-25 ALFAGEME realizáronse distintos estudos xustificativos e posibilidades de solución das observacións formuladas pola Consellería e, consultados os servizos da Dirección Xeral de Urbanismo, concluíuse en que a ordenación detallada que se pretende dende o PXOM supón, ademais dun cambio de uso industrial por residencial e terciario comercial intensivo cun importante incremento de edificabilidade, unha ordenación substancialmente diferente da existente na parcela e no contorno lindeiro de Bouzas, que require dunha urbanización integral, e a cesión dunha superficie de equipamento. Unha vez que non se xustifica a súa condición de solo urbano consolidado, delimitouse como ámbito de planeamento remitido APR A-3-21 ALFAGEME, coa ordenación detallada (AOD) nun documento específico que se incorpora agora á documentación do PXOM.

A ordenación detallada deste ámbito non difire da ordenación pormenorizada que xa figurou na documentación anterior e que foi aprobada provisionalmente como Solo Urbano Consolidado.

III.4. CUESTIÓN RELACIONADAS COA NORMATIVA DO PLAN.

En canto á observación relativa ás ordenanzas 3 (punto 7 do artigo 9.3.11.) e 4 (punto 7 do artigo 9.4.10) precísase a necesidade de tramitación e aprobación dun Estudo de Detalle para solución de ocultación de medianeiras lindeiras sen superación do dereito edificatorio da ordenanza.

Esta corrección implica tamén a corrección do art. 9.3.14 porque fai relación ao punto que agora se incorpora.

Igualmente o punto 7 do art. 9.4.10. redáctase con idéntico texto que o punto 7 do art. 9.3.11 tal como se transcribiu anteriormente, e o art. 9.4.13, como o 9.3.14.

O artigo 12.0.11, sobre condicións xerais de usos e edificacións existentes, corrixiuse para remitilo ás disposicións transitorias 4ª e 5ª da LOUGA, como esixía a Orde.

No artigo 10.4.4., en atención da Orde, suprimiuse a posibilidade de consideración dos "pasos" de accesos a parcelas a efectos de obtención da condición de soar dos terreos, esixindo, con carácter xeral un acceso de seis (6) metros dende un viario público.

No artigo 9.10.9, igualmente, tamén se suprimiu a referencia a ditos "pasos" , remitindo con carácter xeral, no seu caso, á normalización de predios prevista no artigo 122 da LOUGA.

Todas estas correccións figuran explicadas nos documentos co texto substituído e a substituír, o que permitirá a súa publicación para a entrada en vigor no caso de aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia.

III.5. OBSERVACIÓNS RELATIVAS A INFORMES DE LEXISLACIÓN DE CARÁCTER SECTORIAL (punto II.2.2. da Orde).-

Efectuouse unha comprobación xeral da Cartografía do Plan, podendo observar que en xeral, e coas dificultades que nalgúns casos supón a simultaneidade e/ou superposición de liñas e sistemas de representación, a liña de ribeira do mar, o deslinde público marítimo terrestre e a zona de servidume de protección correspóndese co facilitado pola Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, en formato dixital, e que se lle deu traslado ao equipo redactor. En todo caso, como se sinala na orde, o PXOM non é o documento que practica o deslinde, e este prevalecerá en calquera caso sobre os datos que figuren no PXOM.

En canto aos terreos que foron desafectados pola OM do 06/06/2003 da zona de servizo portuario e pasaron a competencia de costas, efectuouse a corrección na cartografía, no plano nº 2 da serie 1 (escala 1/5000) e no plano 3-N da serie 2 (escalas 1/2000 e 1/1000), pasando a ser considerados como SRPC (solo rústico de protección de costas).

Igualmente corrixiuse a clasificación de solo, como SRPC ós terreos citados na Orde no tramo litoral do Monte da Guía, nos planos 2 da serie 1 (1/5000) e nos planos 2-N, 2-O e 3-N da serie 2 (1/2000 e 1/1000), e na zona de Teis entre a depuradora e o límite do termo municipal, nos planos 3 da serie 1 (1/5000) e 1-Q da serie 2 (1/2000 e 1/1000).

III.6. CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS DETECTADOS POLA ORDE DE 16/05/2008.- (Punto II.3.2. da Orde)

En relación coas referencias a convenios urbanísticos finalmente non incorporados ao PXOM e que seguían figurando na documentación, retiráronse os mesmos, aportándose os seguintes documentos corrixiados:

A) Fichas dos ámbitos APR-A-8-39 ALVAREZ CABRAL, S-51-R CABO ESTAI SUR, S-23-R PARROCHA.

B) Corrección nas Memorias das AOP-05 RENFE e AOP-20 PITIEIRA.

En todas elas eliminando a referencia a convenios.

III.7. INFRAESTRUTURAS DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL: VARIANTE DO TRAZADO "TRAMO PORRIÑO-VIGO" (Punto II.4 da Orde).

No tocante a este vial, a documentación límitase a dar cumprimento ao ordenado

pola Consellería, no senso de incorporar ao PXOM o trazado do estudo informativo da "Variante de trazado Tramo Porriño-Vigo" aprobado definitivamente por resolución do Secretario de Estado de Infraestruturas do Ministerio de Fomento do 20/10/2007 (BOE do 25/10/2007).

Esta incorporación, sobrevida ao Plan unha vez xa superadas as fases de aprobación inicial e provisional, en virtude da lexislación de estradas (artigo 33.3 do Regulamento xeral de estradas, Decreto 1812/1994, do 2 de setembro), provoca un axuste na ordenación que afecta a todo o seu trazado dende que aparece en superficie no termo municipal de Vigo, ata o seu enlace coa A-55.

Nos tramos que o vial atravesa solos urbanos debuxouse estritamente a aliñación do vial e a súas liñas de afección.

Nos tramos que atravesa solo rústico, modificouse a clasificación a SRPI (solo rústico de protección de infraestruturas), ao abeiro do artigo 32.c) da LOUGA.

O ámbito do sector de solo urbanizable delimitado S-73-I/T BARUXANS (sector en marcha segundo a documentación do PXOM aprobado provisionalmente), optouse igualmente por clasificalo como SRPI, ao abeiro dos artigos 15 e 32.c) da LOUGA, dada a importante afección superficial que supón a infraestrutura sobre ese ámbito, que imposibilita a adscrición ou inclusión como sistema xeral dentro do sector.

No en tanto, a concreción final do Proxecto da Variante permitirá no seu caso a Modificación puntual do Plan xeral, para dotar dunha clasificación máis axustada e unha ordenación máis precisa aos terreos non necesarios para a infraestrutura, actualmente en fase de proxecto.

III.8. MODIFICACIÓNS NOS CADROS E LISTAXES XERAIS/CUMPRIMENTO DE ESTÁNDARES LEGAIS.-

No apartado III da Orde do 16/05/2009, na resolución da Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda especificábase:

"O Concello deberá introducir nos documentos referidos anteriormente e naqueles outros non citados (como listados, gráficos ou cadros da memoria do PXOM) nos que resulte preciso para evitar contradicións, as modificacións necesarias para emendar as deficiencias que respecto deles se expresaron no apartado II anterior."

Para dar cumprimento a este apartado da resolución, o equipo redactor presenta os seguintes cadros e listaxes xerais corrixidos unha vez introducidas no cómputo xeral do Plan as superficies e demais características derivadas das modificacións introducidas no Anexo A desta documentación elaborada para dar cumprimento á orde de aprobación definitiva parcial:

1. CADROS XUSTIFICATIVOS DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 47.2 DA LOUGA, POR DISTRITOS:

CADRO DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES (Cadro que substitúe ao que figura na páxina 210 da Memoria Xustificativa anterior). Neste cadro pódese observar a modificación introducida no distrito 3 por efecto da incorporación da nova APR A-3-21

ALFAGEME, que produce un incremento de zonas verdes esixibles de 7.711 m², que se absorben co exceso con relación ao mínimo esixible das zonas verdes previstas a nivel do distrito.

CADRO DE EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS E DOTACIÓNS (Cadro que substitúe ao que figura na páxina 210 da Memoria Xustificativa anterior). Neste cadro pódese observar a modificación introducida no distrito 3 por efecto da incorporación da nova APR A-3-21 ALFAGEME, que produce un incremento de equipamentos esixibles segundo o artigo 47.2.b) da LOUGA, de 4.284 m², que se absorben co exceso do distrito, ademais de coa previsión, na ficha da APR A-3-21 ALFAGEME, dunha superficie de 2.000 m² de reserva para equipamento.

CADRO DE DOTACIÓN DE APARCAMENTOS (Cadro que substitúe ao que figura na páxina 211 da Memoria Xustificativa anterior). Neste cadro pódese observar a modificación introducida no distrito 3 por efecto da incorporación da nova APR A-3-21 ALFAGEME, que produce un incremento de prazas de aparcamento esixibles de 214, que se absorben co exceso de prazas de aparcamento previstas a nivel de distrito, que superan en 91 o mínimo esixible segundo o artigo 47.3.c) da LOUGA.

2. XUSTIFICACIÓN DE ESTÁNDARES POR DISTRITOS:

Entre a documentación aportada figuran as seguintes listaxes corrixidas:

ANEXO AO APARTADO 6.4.6 LISTADO DE RESUMO XERAL POR DISTRITOS DE SOLO URBANO E SECTORES DE SOLO URBANIZABLE (Listado de 15 páxinas, que substitúe ao que figura na Memoria Xustificativa anterior entre as páxinas 213 e 215 do documento). Nel pode comprobarse a inclusión da nova APR A-3-21 ALFAGEME, e a exclusión do sector S-73-I/T BARUXANS, que desaparece do listado de sectores de solo urbanizable delimitado.

3. XUSTIFICACIÓN DOS VALORES DE REPERCUSIÓN POR USOS E ÁMBITOS

ANEXO: CADRO DE COEFICIENTES E VALORES DE REPERCUSIÓN POR USOS, ÁMBITOS E SECTORES (táboa de 7 páxinas numeradas dende a 1/7 á 7/7, que substituirá ao que figuraba entre as páxinas 325 e 326 da Memoria Xustificativa anterior, no artigo 6.1.2. da Memoria Xustificativa). Pódese, igualmente, observar a inclusión da APR A-3-21 ALFAGEME e a supresión da S-73-I/T BARUXANS.

En canto á APR A-3-21 ALFAGEME os valores de repercusión considerados para os usos de vivenda colectiva libre (1.252 €/m²c), vivenda colectiva protexida (387 €/m²c) e terciario xeral (631€/m²c), obtivéronse por aplicación dos mesmos valores base, coeficientes de distrito e factores correctores que o resto e ámbitos do Plan Xeral, xustificados no punto 3.6.2. da Memoria Xustificativa e no estudo económico.

4. VIVENDA ACOLLIDA A ALGÚN RÉXIME DE PROTECCIÓN PÚBLICA (VPA).-

CADRO DE RESERVA DE VIVENDA SOMETIDA A RÉXIMES DE PROTECCIÓN PÚBLICA. (Cadro por sectores e distritos onde se aprecian os efectos da inclusión do ámbito do APR A-3-21 ALFAGEME no distrito 3, e a supresión da S-73-I/T BARUXANS nos sectores de solo urbanizable. En conxunto o número de vivendas totais nestes solos pasa de 113.128 a 113.268 (incremento de 140 vivendas), e o número de vivendas de

protección pasa de 55.998 a 56.023 (incremento de 25). Con estes datos, a porcentaxe de vivendas de protección no Solo Urbano non Consolidado pasa do 41,83% ao 41,77%, a porcentaxe no Solo Urbanizable pasa do 55,13% ao 55,8%, e en total do Plan pásase do 46,63% ao 46,60%.

Este cadro substituirá aos que figuran nas páxinas 216 e 217.

LISTADO DE VIVENDA ACOLLIDA Á ALGÚN RÉXIME DE PROTECCIÓN PÚBLICA

No Anexo A da documentación figura unha listaxe de todos os ámbitos do PXOM, tanto de Solo Urbano Non Consolidado, como sectores de Solo Urbanizable e a súa porcentaxe de edificabilidade residencial de protección. Esta listaxe modifica ás que figuran no Anexo ao tomo 1 do PXOM aprobado definitivamente de forma parcial, e titulado "*Estudo sobre a posibilidade de introdución da reserva do 40% de vivenda protexida en todos os ámbitos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable, garantindo a súa rendibilidade e equilibrio*".

No que compete ao novo ámbito delimitado APR A-3-21 ALFAGEME, a porcentaxe de edificabilidade residencial protexida calculouse coa mesma metodoloxía empregada para o resto dos ámbitos no estudo anterior: partindo do produto inmobiliario apropiable, deducindo os gastos, calculouse a porcentaxe necesaria de vivenda protexida para que o valor residual de solo resultara semellante aos ámbitos lindeiros.

5. RESUMO DE MAGNITUDES.

No Anexo A figura o cadro resume de magnitudes totais do PXOM, que substitúe ao que figura no capítulo 5 da Memoria Xustificativa, na páxina 319 e que nos aporta a medición das distintas clase de solo corrixido tralas modificacións que se operan neste documento.

Neste cadro pódese observar a moi pequena diminución de solo clasificado de solo urbano e solo urbanizable (que baixan un 0,03% e un 0,11%), a maior diminución de solo de núcleo rural (que descende un 0,30%) e o incremento de solo rústico, que pasa do 39,17 ao 39,61% (incremento dun 0,44%).

Ademais dos cadros que se citan, debe entenderse que o resto de cifras xerais e cadros que figuran na documentación anterior do PXOM se ven alterados polas modificacións introducidas nesta documentación na súa medida, sendo por outra parte suficientemente xustificativos os presentados.

III.9 ANEXO B. INCORPORACIÓN DE FICHAS DE PLANEAMENTO.

Co documento, no Anexo B, incorpóranse todas as fichas de planeamento corrixidas que se ven afectadas polas observacións da orde da CPTOPT de aprobación definitiva parcial, e que substituirán, no seu caso, ás anteriores:

- Ficha da APR A-5-10 PUGARIÑO, con referencia á subestación de Teis.
- Ficha da APR A-3-21 ALFAGEME, de nova incorporación.
- Ficha da APR-A-3-89 ÁLVAREZ CABRAL, suprimindo referencia a convenio.
- Ficha da S-51-R CABO ESTAI SUR, suprimindo referencia a convenio.
- Ficha da S-23-R PARROCHA, suprimindo referencia a convenio.

IV. 10 ANEXO C. LISTAXE DE PLANOS.

No Anexo C, da Memoria Xustificativa que se informa, figura o listado de todos os planos que agora se aportan para substituír aos das documentacións anteriores:

PLANOS DA SERIE 1 (escala 1/5.000):

Planos núms. 2, 3, 5, 6, 9, 11, 12, 15, 17, 19, 20, 21, 22.

PLANOS DA SERIE 2 (escala 1/1.000 e 1/2.000):

Planos núms. 1-Q, 2-Q, 3-Q, 2-N, 2-O, 3-N, 8-K, 8-N, 9-I, 10-I, 10-J, 12-O, 13-P, 13-Q, 13-R, 14-O, 14-P, 14-Q, 14-R, 15-O, 15-P, 15-Q, 15-R, 16-P, 16-Q, 16-R, 17-P, 17-Q, 18-Q, 19-G, 20-G, 20-H, 23-O, 23-P, 24-P, 24-Q, 25-O, 25-P, 25-Q, 25-R, 26-P, 26-Q, 26-R, 27-Q.

IV.- PROCEDEMENTO

VI.1.- No apartado. "VIII" do informe sobre a calidade e legalidade do proxecto de PXOM emitido polos servizos técnicos e xurídicos municipais no 08/05/2006 -ao que nos remitimos integramente- describiuse en detalle o procedemento de aprobación do PXOM, así como os requisitos de eficacia e vixencia, réxime de incompatibilidades, etc.

As modificacións operadas no proxecto do PXOM trala súa aprobación definitiva parcial en data 16/05/2008, motivadas principalmente polos requirimentos de subsanación formulados pola CPTOPT da Xunta de Galicia na propia Orde, aconsellan por motivos evidentes de seguridade xurídica que a nova documentación resultante de ditas modificacións sexa obxecto dunha aprobación polo Pleno municipal, pese a que non exista unha previsión expresa na LRBRL en canto á atribución da competencia para coñecer da proposta de corrección. Polo tanto corresponde ao Pleno da Corporación a competencia para efectuar a aprobación (art. 123.1.i) LRBRL), precisando o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (art. 123.2 LRBRL).

Tras dita aprobación elevarase de novo o documento á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a súa aprobación definitiva.

O Plan xeral entenderase aprobado definitivamente se transcorren tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro da CPTOPT sen que esta comunicase a resolución, sempre que conteña os documentos e as determinacións preceptivas.

VI.2.- No referente á cuestión relativa á apertura dun segundo período de información pública antes da aprobación definitiva do PXOM, remitímonos ao afirmado sobre o particular polo Secretario da Xerencia de Urbanismo nos seus respectivos informes do 11/07/2007 e 11/08/2007, así como ao ditame do prof. Dr. Luciano Parejo Alfonso de outubro de 2007 e ao informe do Secretario xeral do Pleno do 20/12/2007, todos eles integrados neste expediente administrativo e nos que se conclúe a innecesariedade de dito trámite. Non obstante, da propia aprobación parcial do instrumento de planeamento, se deduce que as correccións que se están a someter a aprobación non alteran o modelo territorial e urbanístico proposto polo Concello no documento que foi obxecto de aprobación provisional por dous veces.

Polo tanto, enténdese que non concorre o suposto previsto no artigo 85.6 da LOUGA."

Con data 4 de marzo de 2009, a **Xerente municipal de Urbanismo** formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figuran informes do **interventor xeral**, de data 06.03.09 e máis do **secretario xeral do Pleno** de data 09.03.09.

O **Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo**, en sesión do 20 de marzo de 2009, por maioría, ditamina favorablemente a proposta da Xerente de Urbanismo citada anteriormente.

DEBATE.- SR. MARIÑO MENDOZA: O 1% do PXOM de Vigo que traemos hoxe para validar neste Pleno se podería dividir en catro apartados. Primeiro estarían as oito áreas de ordenación pormenorizada que son: Privada Moderna, San Gregorio, Castro Castriño, Tomás Alonso 99-111, Coruxo Costa, Cordelerías Mar, Romil e Alfageme. Todos estes ámbitos tiñan a clasificación de solo urbano consolidado mentres que a Xunta de Galicia consideraba que se deberían clasificar como non consolidado. No novo texto incluíronse correccións de forma en grafías e unha mellor xustificación en practicamente todos eles coa salvidade do ámbito de Alfageme, que os nosos técnicos entendían e nós corroboramos, que non é posible xustificar legalmente esta clasificación de solo para este ámbito e polo tanto pasa ter unha clasificación de solo urbano non consolidado e, ó igual que o restante número de ámbitos do Plan Xeral de solo urbano non consolidado, contará co 10% de cesión ó Concello de Vigo e o 23% de vivenda protexida. Para obter estes valores se tiveron en conta os mesmos criterios de beneficios e cargas que para o resto dos ámbitos do Plan Xeral. Quero que quede moi claro que ó día de hoxe o Plan Xeral proponlle unhas plusvalías moi inferiores á proposta que nós recolleemos no Plan Xeral que é a que o Partido Popular tramitou no seu día.

Deixar claro tamén que en ningún momento o Plan Xeral tivo un convenio polo que a empresa tivese a obriga de quedarse nesta cidade e tampouco en ningún momento houbo ningún tipo de compromiso no Plan Xeral porque ademais sería ilegal que ese compromiso existise.

Deixar claro tamén a nosa preocupación polos postos de traballo desta empresa e polos de todas as demais que están na cidade. A nosa vontade é que todas as empresas que están na cidade se queden e que se manteñan todos os postos de traballo, pero é completamente ilegal vincular a un convenio urbanístico a obriga

S.Ordinaria 26.03.09

dunha empresa a trasladarse e manter os postos de traballo.

O punto número dous serían os once núcleos rurais que contemplaba o Plan Xeral. O que se fixo foi adecuar a clasificación do solo á lexislación vixente, tamén a área de expansión e os núcleos que contén o Plan, clasificándoos como rústicos especialmente protexidos. Esa é a diferenza dos núcleos que se delimitaron agora no Plan e os anteriores, tal e como o solicita a Xunta de Galicia polos seus valores naturais, paisaxísticos, forestais e de protección de augas. Elaborouse unha análise moito máis detallada do modelo de asentamento de poboación, da súa formación, da súa evolución e das súas peculiaridades urbanísticas, morfolóxicas e do seu grao de consolidación e expectativas de desenvolvemento.

O punto número tres trata do cumprimento dos informes de lexislación de carácter sectorial. O que se fixo foron pequenos axustes nas delimitacións do dominio público marítimo-terrestre e a servidume de protección de costas. Tamén a incorporación do trazado definitivo da variable da autovía Vigo-O Porriño.

Por último están as correccións técnicas de menor grao en cuestións como a reserva de terreos para unha nova subestación eléctrica nas proximidades do cemiterio de Teis que non estaba debuxada correctamente no seu día. Ademais se inclúe unha correcta grafía do sistema xeral portuario nas proximidades da EDAR de Teis, entre outras cuestións de carácter menor, nalgunhas ordenanzas.

SR. FIGUEROA VILA: Hoxe traen vostedes a confirmación do que nós vimos denunciando durante os últimos meses dende a aprobación provisional por parte deste Concello do Plan Xeral, do fracaso do Plan Xeral vixente. Irei explicando os detalles do que vostedes traen hoxe aquí e os cidadáns verán como entran en contradicións permanentes, que non existe rigor nin coherencia por parte do equipo de goberno á hora de tratar este asunto.

Xa dixemos na aprobación provisional que o Plan de Vigo non se ía desenvolver. Isto é algo evidente e a día de hoxe todo aquel panorama que nos anunciaba o Sr. Alcalde de guindastres por toda a cidade non está, os debe mirar el só, seguramente nas súas fantasías sobre proxectos faraónicos é onde están eses guindastres por toda a cidade, só el os ve en construcións que case están por rematar. Pero a verdade é que as persoas normais non vemos nin eses guindastres, nin a construción de edificios.

Falaban vostedes tamén da construción de non sei cantas vivendas protexidas, sesenta ou setenta mil. O Sr. Alcalde tamén dicía que neste mandato ían construír

6.000 vivendas protexidas, pero a día de hoxe, cando estamos preto do ecuador deste mandato, as licenzas dadas por este Concello, polo goberno bi-partito BNG-PSOE para vivendas protexidas son cero, non é unha, nin dous, nin tres, podería haber algunha pero non, son cero. Todo iso amosa que este Plan Xeral está fracasando.

Falábanos tamén de solo industrial, de que inmediatamente ían poñer ó dispor dos empresarios solo industrial. Que nós saibamos a día de hoxe a posta a disposición de solo industrial tamén se chama cero. É máis, mesmo teño por aquí algún recorte de prensa onde se dicía que tamén inmediatamente Citroën tería solo industrial ó carón da súa factoría para a súa ampliación. Esperemos que non se confirmen todos os datos que se están dando pero o Concello non puxo ó dispor de Citroën nin un só metro cadrado de solo industrial porque por desgracia Citroën tampouco o necesita nestes momentos.

Falouse tamén dun plan sectorial de vivenda. É moi curioso que mentres o Alcalde en Vigo dicía que o Plan Xeral podía contemplar 70 ou 90.000 vivendas protexidas, a Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia analizando que en Vigo non se poñía nin un metro cadrado a disposición para vivenda protexida, elaborou un plan sectorial de vivenda que os técnicos dicían que se tería que modificar o Plan Xeral da nosa cidade. Isto evidencia tamén un fracaso do Plan Xeral agora mesmo en vigor.

Todo isto unido ó prexuízo que nós anunciamos claramente que se ía producir nas parroquias, no rural de Vigo; anunciabamos que os pequenos propietarios ían seren castigados por unha decisión demagóxica para xustificar o boicot do Partido Socialista con aquel Plan Xeral cando estaba na oposición. Ó chegaren ó goberno tiveron que variar e introduciron medidas demagóxicas que nos levan ratificar que este Plan prexudica ós pequenos propietarios, prexudica claramente ó rural da nosa cidade e que en canto á vivenda protexida, dependendo da zona se introduce unha ou outra porcentaxe. Todo isto evidencia o fracaso do Plan Xeral.

A maiores vostedes traen este documento que nós denunciemos un día nunha rolda de prensa onde dixemos que dende o 15 de maio vostedes tiñan unha orde da Xunta de Galicia para rectificar ou corrixir unha serie de cuestións. Esta orde viña dende a Dirección Xeral de Urbanismo que foi nefasta para esta cidade, foi partidista e utilizou o poder para, segundo quen gobernase nesta cidade, tomar unha ou outra decisión. Menos mal que os cidadáns poñen sempre a cada quen no seu sitio e neste caso, por sorte para a cidadanía galega e viguesa, dentro duns días van ter que

presentar a súa renuncia, cousa que a este grupo lle parece algo acertado. Creo que o director xeral de Urbanismo foi nefasto para esta cidade, unha persoa que ademais enganou permanentemente ós técnicos municipais durante unha etapa de goberno do Partido Popular na cidade de Vigo. Ó final obtivo o resultado que merecía.

Logo de que nós denunciáramos nunha rolda de prensa que o equipo de goberno da cidade de Vigo dende a orde da Xunta de Galicia tiña totalmente paralizado o documento, inmediatamente convocouse nunha ponte festiva unha reunión do Consello da Xerencia de Urbanismo para tratar este asunto. Por iso nos sorprende que por parte do concelleiro de Urbanismo se poida dicir que eu tiña coñecemento deste documento dunha maneira verbal. Non sei como alguén pode dicir tal barbaridade. Loxicamente nós temos información e sabemos que o documento estaba na Xerencia de Urbanismo para a súa tramitación, pero ninguén dese grupo pode asegurar ós cidadáns que alguén do noso grupo tivera coñecemento deste documento. Semella que logo da denuncia do Partido Popular lles entrou a présa e convocaron esa precipitada reunión do Consello da Xerencia de Urbanismo, dun mércores para un venres de ponte festiva. En calquera caso non nos preocupa esta cuestión se non é porque estas presas traen contradicións nos documentos que agora mesmo se van aprobar e isto si parécenos grave.

O documento basicamente contén as correccións que a Xunta de Galicia ordenaba pero temos que facer varias salvidades. Con respecto ás áreas de ordenación pormenorizada que eran Privada Moderna, San Gregorio, Castro Castriño, Tomás Alonso, Coruxo Costa, Cordelerías Mar e Romil, estas sete áreas déixanse máis ou menos como estaban coa situación de solo urbano consolidado, pero hai unha oitava, Alfageme, onde o goberno fai unha modificación. Gustaríanos saber por que se utiliza unha vara de medir para algunhas áreas de ordenación pormenorizada e outra completamente distinta para outras. En calquera caso vou deixar este tema para o final porque nos parece de vital importancia e sobre todo para que os veciños e veciñas de Vigo poidan analizar como entende o goberno o urbanismo da nosa cidade.

En canto ós once núcleos rurais que había, dez sofren unha serie de modificacións. Redúcense as súas superficies, cousa que nos parece que prexudica dunha maneira clara ós veciños do noso rural, das nosas parroquias porque estes núcleos pasan a clasificarse como solo rústico especialmente protexido. En Fragoselo-Coruxo redúcense 113.000 metros de superficie, en Chans-Bembrive uns 3.000 metros, en

Miraflores-Bembrive uns 20.000 metros, en Xestoso-Bembrive uns 20.000 metros máis, desaparece totalmente o núcleo rural de Carrascal-Zamáns, de 120.000 metros pasa a cero; en Cidáns-Zamáns tamén se reduce uns 30.000 m², en Igrexa-Zamáns se reduce tamén, igual que en Marcosendo, Vilariño e Vilaverde. Isto parécenos un claro ataque e prexuízo para as nosas parroquias e sobre todo para zonas importantes do rural de Vigo como son Bembrive, Zamáns e Fragoselo-Coruxo. Parécenos que aquí o goberno non fai unha defensa dos intereses dos veciños, dos pequenos propietarios, dos máis humildes e necesitados pero si defende outras posturas que ó mellor serían de menos interese para a cidade de Vigo.

Logo hai outro tema de vital importancia que é a autovía Vigo-O Porriño. Falarei logo tamén deste tema porque nos parece importante e sobre todo polas contradicións do goberno e polo que se dixo aquí na aprobación provisional do Plan Xeral cando alguén da súa parte me tachou de ignorante, algo típico deste goberno BNG-Partido Socialista. Semella que nas súas bancada hai persoas que teñen moitos máis coñecementos que os do PP que falamos, que teñen unha mellor situación a todos os niveis ou iso é o que din, pero logo resulta que erran moito máis porque a prepotencia, a arrogancia e a chularía política en moitos casos leva ás persoas a discriminar ou subvalorizar ós que falamos, a outras persoas máis humildes e normais, que están cos pés máis apegados ó chan. Seguramente outros están na lúa, no ceo; igual están por riba do ben e do mal, pero nós que estamos apegados á realidade denunciámos aquí o que os veciños nos trasladan ou o que coidamos normal, coherente e de seres normais. Semella que comeza haber diferenciacións, uns están por riba do ben e do mal e outros, como demostrarei logo co tema da autovía Vigo-O Porriño, estamos máis na realidade.

Con respecto á autovía Vigo-O Porriño hai temas moi curiosos. Vou ler textualmente o que dicía eu no Pleno do Plan Xeral e o que contestaba a concelleira de Urbanismo. Isto é bo para que a veciñanza poida aclarar quen mentiu ou enganou, quen dicía a verdade e quen estaba manipulando á opinión pública. Eu nese Pleno dicía o seguinte: "...están enganando ós veciños de Bembrive. Saben que hai un estudo informativo aprobado en marcha e resulta que agora ese vial o seguen mantendo no Plan Xeral por onde estaba, na conexión do centro comercial Gran Vía? Sábeno todos vostedes e ese vial non aparece reflectido no documento. Se o estudo informativo está aprobado saben que segundo Fomento, alomenos mentres non diga o contrario, ese vial pasará por Bembrive. Vostedes esqueceron esa situación e mantéñena

doutro xeito. Que pasará cando Fomento nos diga que ese vial ten que entrar na cidade pola zona de Bembrive? Que evidentemente haberá que modificar novamente o planeamento nesa zona". Iso era o que dicía eu.

O que dicía a concelleira de Urbanismo era o seguinte: "O Sr. Figueroa non ten tanta información como teño eu (estaba por riba de min). É lóxico, para algo son a concelleira de Urbanismo nestes intres. Fala da autovía Vigo-O Porriño e o que non sabe, Sr. Figueroa, pero eu llo vou remitir a el persoalmente o luns 31 que vou vir traballar (estaba dicindo que o 31, Fin de Ano, ía vir traballar. Mesmo era máis traballadora ca min. Estaba por riba de min e traballaba máis ca min) a petición que lle remitimos a Fomento para que teña en conta que o trazado que fan na autovía Vigo-O Porriño pode prexudicar algúns ámbitos de Vigo e polo tanto lle pedimos que o rectifiquen. Voulo remitir para que teñan información e así cando fale saiba tamén do que fala".

Pois logo de case un ano e medio que non está aquí, aínda que me merece todos os respectos, creo que enganou e mentiu ós veciños, non lles dixo a verdade, manipulounos e por riba subvalorizoume ou mesmo tachoume de ignorante, dicíame que como ela era concelleira de Urbanismo tiña máis coñecemento ca min e que precisamente por iso no tema da autovía Vigo-O Porriño lle ían facer caso a ela.

Resulta que o tempo pon a cada quen no seu sitio porque agora a Dirección Xeral de Urbanismo lle di ó Concello de Vigo na Orde do 16 de maio que ten que corrixir a entrada da autovía Vigo-O Porriño porque ten que transcourir por Bembrive. É dicir, esta é unha corrección que se leva a cabo na proposta que hoxe se trae aquí. Gustaríanos aclaralo porque hai un plano que traen hoxe a aprobación onde aparece a autovía que viña reflectida no Plan Xeral e a autovía que agora din dende a Xunta de Galicia que ten que pasar por Bembrive. Parécenos que é un plano actualizado onde se contemplan as dúas entradas das dúas autovías. Supoño que será un erro que terán que corrixir.

En calquera caso este tema preocúpame menos, o que me preocupa é o engano ós veciños de Vigo. O estudo informativo do Ministerio de Fomento aprobouse por unanimidade no Pleno do 12 de setembro de 2005 e na sesión plenaria do 29 de decembro de 2007 aprobouse provisionalmente o Plan Xeral e fíxose referencia a ese estudo informativo de Resolución do 20 de setembro do ano 2007 da Secretaría de Estado de Infraestruturas pola que se aproba este expediente de información pública e agora vostedes teñen que corrixir e rectificar o que dixo a daquela señora

concelleira de Urbanismo.

O máis grave é que esta autovía Vigo-O Porriño afecta a unha parte do planeamento en fase de execución que é o Plan Parcial de Baruxáns. Parécenos moi grave que sabendo todo isto vostedes daquela enganaran ós veciños. Agora teñen que incluír dentro desta proposta a decisión de que a autovía Vigo-O Porriño teña que pasar por Bembrive. Seguramente logo volverán rectificar, manipular dicindo que non pasa por aí senón que xa están en conversas co Ministerio de Fomento.

En calquera caso o que si está claro é que a día de hoxe a proposta que aparece reflectida neste documento que vai para aprobación xeral é que a autovía Vigo-O Porriño terá que se conformar como estaba proxectada nese estudo informativo do 20 de setembro do ano 2007.

Con respecto a Alfageme é un tema do que se dixeron tantas cousas nas últimas datas que é bo aclararlllo ós cidadáns. Dise que baixo ningún concepto se pode chegar a acordos, aconsellar ou orientar dentro das decisións urbanísticas. Voulle ler polo tanto a ficha de ordenación 16AOP25, a que ven a aprobación a este Pleno: “Son obxectivos e criterios xerais informados do presente Plan Xeral. Apartado c) Procurar a solución para que os sectores industriais, tradicionais básicos de Vigo se poidan seguir desenvolvendo, xerando solo e as condicións que permitan o seu desenvolvemento sen atrancos, isto é, procedendo á súa relocalización nalgún dos novos e modernos polígonos industriais previstos polo PXOM. Nestas industrias sitúase a emblemática fábrica de Alfageme que inicialmente se clasificara como solo industrial pero, á vista da disposición de todos os conserveiros a trasladar ó sector ó solo industrial de Valladares para conformar un novo, moderno e ben concibido sector alimentario, sometido ás máis estritas medidas medio ambientais e polo mesmo ofrecendo unha imaxe potente de calidade do que son sinais de identidade viguesa, procedeuse á súa recualificación para o que a razón das circunstancias que concorren no lugar, tales como a necesidade de conservar o primitivo edificio fabril catalogado polo PXOM para a súa rehabilitación, así como os xardíns da finca situada diante da fachada de mediodía e tamén a previsión do espazo necesario para localizar alí un museo da conserva, a ordenación pormenorizada propón a edificabilidade necesaria para sufragar os custos de traslado da industria ó contorno industrial de Matamá-Valladares na parte da finca non sometida a catalogación e á reutilización do edificio catalogado previa a súa rehabilitación. Rehabilitación que contemplará a previsión de 2.000 m² para o museo da conserva que se concederá

para esta función ó Concello". Isto é o que o Sr. Alcalde ven dicindo decote de que non se pode chegar a ningún acordo. Na ficha si o contempla.

Pero agora vou ler algo sobre outro dos ámbitos que hoxe veñen aquí: o de Cordelerías Mar. Resulta que todos saben que neste asunto se fixo unha recualificación para pagar 2.000 millóns das antigas pesetas ós traballadores. Resulta que esa condición si está incluída dentro do convenio urbanístico e tamén se aprobou provisionalmente. Hoxe ven aquí, aínda que sexa como documentación, pero si que aparece o convenio de Cordelerías Mar. O Sr. Alcalde di que nos convenios non se pode chegar a acordos, pero algúns si que os firma. Sr. Alcalde, hoxe vai aprobar o que lle vou ler e mire a gravidade que ten cara ás súas argumentacións xurídicas.

Este é un convenio que se asinou en 2003 entre D. Lois Pérez Castrillo, D. Matías Movilla García, D. Antonio Fernández Domínguez e D. Julio Montenegro e di o seguinte: "Antecedentes: Primeiro. As fincas que a continuación se describen polo prezo aprazado ou a determinar en función da edificabilidade global sobre a rasante que corresponde ás devanditas fincas tras a prevista revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo ou a modificación puntual deste que para a recualificación urbanística deste ámbito se opere". O convenio di que se lle dará a edificabilidade necesaria, pero non só isto porque se só dixera isto sería unha cuestión menor, pero di moito máis.

No apartado 3.1: "En calquera solicitude que se formule para a recualificación dos terreos ocupados polo Grupo Mar terase en conta polo Concello o acordo entre o propietario dos terreos e os representantes sindicais do colectivo de traballadores. 3.2. As plusvalías obtidas pola recualificación dos terreos deben ir dirixidas ó pagamento da débeda que o Grupo de empresas Mar ten contraída cos antigos traballadores do Grupo, aproximadamente unhas trescentas familias, e cunha contía de 2.000 millóns de pesetas nos termos que resulte do anterior acordo".

É dicir, é imposible dicirlle a Alfageme que se vai facer unha recualificación pero que a empresa ten que quedar en Vigo. Segundo o Alcalde é imposible obrigar a unha empresa a que en troques de darlle unha recualificación manteña os postos de traballo e a empresa na cidade de Vigo; pero segundo o mesmo Alcalde si se pode ratificar hoxe un convenio que di que para uns traballadores que están nunha situación social mala se van dar unhas plusvalías e imos pagarlles 2.000 millóns das antigas pesetas e a operación necesaria para acadar eses 2.000 millóns dependerá da recualificación e das plusvalías que conceda o goberno.

Isto está aquí, son dous casos que veñen hoxe ó Pleno: Cordelerías Mar, empresa contra a que non temos nada e digo iso por se alguén pode pensar que por se tratar da UXT que é próxima ó Partido Socialista, o Partido Popular critica o tema. Daquela xa estivemos de acordo e seguimos estando de acordo, o que nos parece grave son as distintas varas de medir do Sr. Alcalde e do seu equipo de goberno. Que diga na ficha o que di e que logo diga que non se poden poñer condicións á recualificación para obrigar á empresa a que quede na cidade de Vigo, sen embargo á outra empresa que se lle diga que si.

Estes dous expedientes veñen no documento que hoxe se vai aprobar, ven a ficha e o convenio aprobado para ratificación. A nosa pregunta é: para Cordelerías Mar se poden poñer unha serie de condicións distintas ás de outra empresa tamén importante para a nosa cidade? Nós non entramos no fondo do tema. Dixemos no seu día que se se lle daba unha recualificación a Alfageme tería que ser coa única condición de manter a empresa e os postos de traballo na cidade de Vigo. Vostedes o único que están conseguindo é que non se manteñan os postos de traballo na cidade que esa empresa marche de Vigo. Parécenos que non se pode tratar a uns dunha maneira e a outros doutra.

Para que non caiba ningunha dúbida repito que nós estamos de acordo co convenio de Cordelerías Mar, pero nos parece unha contradición que se poida utilizar un criterio técnico e xurídico cunhas determinacións para uns e para outros outras totalmente distintas.

Gustaríanos tamén que nos aclararan o tema da autovía Vigo-O Porriño porque cremos que é grave que se diga nun Pleno unha cousa, que agora vostedes se vexan obrigados pola Orde da Xunta de Galicia a incluír ese trazado por onde marca o Ministerio de Fomento e inda por riba que nos planos que nos traen para aprobación se contemplan os dous trazados, o que aparecía no Plan anterior aprobado que chegaba ó centro comercial da Salgueira-Gran Vía e tamén o que pasa por Bembrive. En canto ós núcleos rurais coido que xa fixemos a nosa denuncia. Parécenos que vostedes prexudican dunha maneira clara ós pequenos propietarios, ós veciños e veciñas do rural e os deixan nunha situación de indefensión que non merecen. Pagaba a pena pelexar un pouco máis. Se vostedes tiñan tanta sintonía, ó igual que aquí fan esta diferenciación pensamos que tamén os pequenos propietarios e os veciños das nosas parroquias, sobre todo os das parroquias de Coruxo, Bembrive e Zamáns, merecían un pouco máis de apoio por parte do bi-goberno BNG-Partido

Socialista.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Tráense hoxe para aprobación as correccións que solicita a Consellería de Política Territorial sobre o 1% que quedaba por aprobar do Plan Xeral. Como todos e todas saben este Plan iniciouse cun alcalde nacionalista na Alcaldía e co consenso de todos os grupos políticos, incluído evidentemente o Partido Popular. Dende que se iniciaron todos os trámites transcorreron sete longos anos que deron orixe a múltiples avatares. Así un grupo que estaba en contra no anterior mandato neste ponse a favor e o grupo do Partido Popular que desenvolveu o Plan Xeral durante todo o mandato anterior, agora estase poñendo en contra. Só o BNG mantivo unha actitude responsable e coherente dende o comezo, sempre dixemos que este era o Plan Xeral que nós queríamos. É máis, en contra do que sostén o PP pensamos que todos os cambios que se introduciron neste Plan foron para o mellorar e non para o empeorar. Así temos o 41% de vivenda que se introduciu no Plan e que nestes momentos de crise vai contribuír a que se desenvolvan con menos dificultades os ámbitos do Plan Xeral.

No ano 2005 a Sra. Porro facía un chamamento á responsabilidade para que se aprobara o PXOM, pero dende que estamos neste goberno o PP adoptou unha posición absolutamente vingativa e derrotista, antepoñendo sempre os seus intereses partidistas ós intereses da cidadanía.

Respecto ás correccións do PXOM que agora se están a someter a aprobación, os informes dos técnicos son claros e contundentes e nós tamén pensamos que non se altera o modelo territorial e urbanístico que sempre defendeu o BNG, evidentemente baseado no desenvolvemento harmónico e sostible da nosa cidade con dotacións para a veciñanza, con zonas verdes, con sistemas xerais acaídos e solo industrial onde se poderá xerar emprego.

O PXOM, por moito que o PP se empeñe, non ten volta atrás e o BNG agarda que este sexa o último atranco que poñen para o seu desenvolvemento.

O PP, en boca do seu futuro presidente da Xunta, pedíalles ós grupos da oposición responsabilidade. O Sr. Feixóo falaba de ofrecer moitos pactos ó PSOE e ó BNG para paliar os efectos da crise. Eu queredría facer tamén dende aquí ese chamamento ó Partido Popular en Vigo para que actúe consonte co seu líder político e tamén faga un exercizo de responsabilidade para crear vivenda protexida no Plan Xeral e tirar todos xuntos por el.

Dende que gañaron as eleccións na Xunta de Galicia dixeron en varias ocasións que van suspender o Plan Sectorial de Vivenda que aprobou unha Consellería nacionalista. Esta e a súa posición respecto ó urbanismo. Neste tema mesmo os propios promotores están a favor de que nun momento de crise se faga vivenda de protección que nos poida sacar dalgún xeito do marasmo no que nos atopamos. Como dicía o COAG en boca do seu secretario, precisamente a vivenda protexida aumentou por esta política coherente dun 10% no 2007 a un 14% no 2008. Pero vostedes manteñen e sosteñen que van derrubar o Plan Sectorial de Vivenda e contradinse.

Dicía antes o Sr. Figueroa que o Plan Sectorial de Vivenda era unha medida demagóxica. Isto só o pode dicir quen está de acordo coa política de especulación e en contra das clases traballadoras por moito que agora fagan demagogia dicindo que defenden ós traballadores de Alfacame. Foron precisamente vostedes quen nos levaron á crise deste modelo liberal e son agora vostedes quen se din defensores das clases traballadoras. Por isto tamén queren botar abaixo o Plan de Protección do Litoral.

As cidades avanzan con proxectos de futuro e o PXOM é claramente un proxecto de futuro. Agora, Sres. do PP, toca traballar no seu desenvolvemento e por iso queremos que este sexa o máis áxil posible. Vostedes decidirán se queren engadirse a traballar por esta cidade ou se queren seguir poñendo atrancos.

SR. MARIÑO MENDOZA: O Sr. Figueroa non para de me sorprender coas súas intervencións sobre urbanismo pero me gustaría deixar algunhas cousas claras.

Primeiro, falando do fracaso do Plan Xeral, ou ten un descoñecemento total, ou non entendo as súas palabras, ou tenta enganar ós cidadáns desta cidade.

Os ámbitos do Plan Xeral de solo urbano non consolidado, como vostede ben debería saber logo de tres anos de concelleiro de Urbanismo, requiren que ó menos o 50% dos propietarios estean de acordo para o seu desenvolvemento. Son os propietarios dese solo quen se teñen que poñer de acordo para o desenvolver. Pódolle asegurar que nos ámbitos en que isto sucede máis da metade están xa en desenvolvemento cando o Plan a penas leva seis meses de tramitación. Pero vostede pretende enganar ós cidadáns dicindo que o Plan Xeral está fracasado e a verdade é que vostede descoñece completamente cal é a tramitación de calquera destes ámbitos porque o que sería completamente ilegal é que a día de hoxe tiveramos dúbidas en calquera

deles. Sorpréndenme as súas declaracións.

Por outra banda fala da escaseza de licenzas e en mais dunha ocasión escoiteille dicir que non se constrúen edificios e que iso amosa unha vez máis o fracaso do Plan Xeral. Volve enganar ós cidadáns constantemente. Todas aquelas parcelas nas que se pode construír un edificio con licenza directa estaban xa regulamentadas no Plan do 93, exactamente as mesmas. O actual Plan Xeral non xera novas parcelas de licenza directa onde se poidan construír edificios, non se lle pode achacar a este documento que se estean ou non construíndo edificios. Pero vostede tenta enganar ós cidadáns dicindo que todo isto é culpa do Plan Xeral.

É sorprendente escoitalle dicir que o Plan Xeral vai mal. Xa lle digo que máis do 50% deses ámbitos se están desenvolvendo. O Plan Xeral estrutúrase en cuadrienios e dende logo estamos cumprindo os seus obxectivos, obxectivos que vostedes tamén fixaron e que nós corroboramos. É indigno dicir que non se está cumprindo e que o Plan Xeral é un fracaso. Estamos no momento no que estamos, pero o Plan Xeral ten unha vixencia de seis meses e non podía ir mellor do que vai. Iso pódollo garantir.

Tamén nos fala da vivenda de protección oficial. O que está claro é que vostedes non apostaban por esta proposta, seguramente porque pecharan acordos con propietarios. No último Pleno falábanos de reunións cos propietarios no seu despacho polo que vostedes non puideron votar este Plan co 43% de vivenda protexida. Algún día decatáremos de cales son eses acordos. Somos moi conscientes de que vostedes están en contra do Plan Xeral precisamente por esta medida que propón que as plusvalías xeradas polo urbanismo recaían nos cidadáns, en vivendas mellores e a mellor prezo. Vostedes, como é lóxico porque teñen uns intereses ben distintos ós do Partido Socialista, están en contra e opóñense a este Plan única e exclusivamente porque ten máis porcentaxe de vivenda protexida, algo que deberían ter feito vostedes durante eses tres anos. Non foron quen de aprobar o Plan Xeral e aínda por riba lle deixaban a esta cidade un Plan Xeral que a ía condenar para toda a súa vida. Nós si fomos responsables e fixemos esa actualización de beneficios e cargas en todos e cada un dos ámbitos do Plan Xeral co mesmo criterio de valoración. Gustaríame que explicaran vostedes moitos dos criterios de valoración que no seu día puxeron no Plan Xeral. Nós si tratamos todos os ámbitos, estivesen onde estivesen, no lugar da cidade onde estivesen co mesmo criterio de valoración de beneficios e cargas e por iso defendemos este Plan Xeral. Vostedes o único que teñen contra el é que ofrece menos plusvalías a aqueles promotores cos que vostedes

chegaran a acordo.

En canto ó solo industrial é o que vostedes nos deixaron, é así de evidente. Se agora resulta que lle falta solo industrial a este Plan Xeral dende logo que a culpa non é nosa. Nós fixemos o que demandaba esta cidade que era colocar máis vivenda protexida e rematar o Plan Xeral o máis axiña posible, de feito fixémoslo en seis meses. Vostedes deixaron o solo industrial que ten nestes momentos o Plan Xeral. Se nós chegamos incluír máis solo industrial neste Plan Xeral teríamos que volver expoñelo e polo tanto tardaríamos dous anos máis na súa tramitación. É increíble que vostede diga que este Plan Xeral debería ter máis solo industrial porque son exactamente os metros cadrados que vostede puxo nel.

Falou tamén da ampliación de Citröen. Como xa lle dixemos en máis dunha ocasión, aínda que parece que a vostede non lle interesa decatarse, temos constantes reunións con Citröen dende o primeiro día que estamos neste goberno e facemos exactamente todo o que Citröen nos pide. Citröen terá ese solo ó seu dispor cando diga que o quere, nese mesmo instante. Pero xa lle digo que non se parou de traballar nin un só día dende que estamos neste goberno e mantéñense reunións cada dous meses atendendo todas as observacións que a factoría nos fai.

Tampouco vou falar do Plan Sectorial de Vivenda pero o que si vou dicir é que non amosa un fracaso do Plan Xeral. Volve enganar vostede ós cidadáns, faino constantemente, unha e outra vez. Sr. Figueroa non deixa vostede de cometer erros porque non lle interesa estudar a normativa ou peor, coñécea pero non lle interesa dicilo. O que axiliza o Plan Sectorial con respecto ó Plan Xeral é que actua por expropiación e polo tanto eses ámbitos que teñen cincocentos ou oitocentos propietarios se poden executar e desenvolver antes, pero son os mesmos ámbitos que contempla este Plan Xeral, exactamente os mesmos. O Plan Sectorial de Vivenda en colaboración con este Concello de Vigo o que fai é axilizar o desenvolvemento deses ámbitos pero en ningún caso o que vostede di.

Insiste vostede unha e outra vez en que este Plan Xeral está fracasado e eu pódolle dicir que non ten nin unha soa argumentación. Fala de cifras e de números pero non é capaz de amosar ningunha argumentación.

Dixo que os ámbitos do rural tratáronse de maneira distinta pero non é capaz de sacar nin un só dato dun ámbito do rural. Hai 480 ámbitos e vostede non é capaz de sacar un só que fora tratado de xeito distinto ós demais, nin un só e mire que de existiren é fácil de sacar algún pero é que non existen.

Falou dos núcleos rurais e nós o que fixemos foi cumprir estritamente a lei. Vouno explicar porque quero que lles quede moi claro ós cidadáns: Cóllense as vivendas que se consideran tradicionais, que son as que aparecen no voo americano, trázase un círculo de cincocentos metros arredor e iso crea o núcleo rural. O núcleo rural ten unha área máxima de expansión de douscentos metros e iso é o máximo que permite a lei. Ademais é moi curioso porque cando analizamos o Plan Xeral vemos que esta delimitación á que tivemos que chegar é practicamente a mesma que a da aprobación inicial e, sabe que pasou durante o seu mandato? Que misteriosamente apareceron solos consolidados arredor dese ámbito, non sabemos moi ben por que nin de quen son, pero esta delimitación que estamos levando agora a aprobación é practicamente a mesma que a da aprobación inicial. Durante ese período de tres anos no que gobernaron vostedes debeu ter moitas desas reunións que nos comenta ás veces nas que algunhas parcelas de 5.000 e 10.000 m², Sr. Figueroa, pasaron a seren consideradas solo urbano consolidado. O mellor iso é o que nos tería que explicar ós cidadáns, por que fixo iso por algúns veciños incumprindo a lei? Iso é o que nos tería que explicar vostede dos núcleos rurais desta cidade.

Falou do labor da Consellería e xa vai sendo hora de que sexan conscientes de que non foron quen de aprobar un Plan Xeral en tres anos, de feito cando o enviaron á Consellería nin sequera era por acordo plenario, foi unha tentativa electoralista desmesurada a maneira como vostedes mandaron o documento para alá por veren que pasaba.

O que si está completamente claro e é lícito é que este goberno si foi capaz de aprobar ese Plan Xeral e cumprir a resolución. O seu problema era que tiña excesivos acordos e non estaba disposto a perdelos nin modificalos no Plan Xeral e por iso durante tres anos vostedes non foron capaces de cambiar ese Plan, non estaban dispostos a perder os acordos ós que chegaran de maneira privada. Iso era o que os incapacitaba para aprobar este documento, que vostedes non querían dar marcha atrás e perder eses acordos que estou seguro de que aparecerán no seu día e terán que explicar.

Falou dunhas declaracións que eu fixen. Por suposto que vostede coñecía que tiñamos a documentación do Plan Xeral. Por suposto que os técnicos e os seus concelleiros que ían revisar a documentación todas as semanas á Xerencia de Urbanismo sabían que ese documento existía. Non lles interesaba consultalo, dáballes exactamente igual que existise ou non e minte unha vez máis cando di que

descoñecían por completo a tramitación deste Plan Xeral.

Logo vostede tenta confundir unha vez máis ós cidadáns desta cidade cun tema que é a entrada da autovía. En primeiro lugar porque coido que é así e tamén que os cidadáns están convencidos de iso, vou facer unha defensa da anterior concelleira de Urbanismo. Dende logo que traballa moito máis que vostede e as probas están aí. Foi quen de rematar en seis meses un Plan Xeral que vostede non foi capaz de rematar en tres anos. Por suposto que traballa moito máis que vostede, non teña ningunha dúbida sobre iso, é unha afirmación que eu corroboro. Que non lle quede a ninguén dúbida de que traballa moito máis que vostede e botaba alí moitas máis horas das que vostede pasaba. Repítolle ademais que foi vostede e non eu quen a mencionou.

En decembro, cando nós trouxemos a aprobación a proposta do Plan Xeral, este Concello de Vigo co asesoramento dos técnicos presentou unha alegación ó trazado da autovía e por iso non se incluíu e díxose que ese non era o mellor trazado para a nova entrada, pero a vostede non llo interesa lembrar. Esperábamos que esa alegación se aceptase pero non foi así. Cando a Consellería fixo a súa resolución xa tiñamos a resposta a esa alegación, por iso agora aparece corrixida.

Vostede di que hai un erro material porque aparecen as dúas entradas. Vostede entón considera que Vigo só debería ter unha entrada, que a proposta que vostedes tentaron aprobar que propoñía que esa entrada á autovía fose ó primeiro cinto de Vigo desaparecese. Non, Sr. Figueroa, seguimos pensando que unha cidade do tamaño e dimensións de Vigo debe ter polo menos dúas entradas e ogallá tivese tres e o segundo cinto proponnos máis. É a súa proposta. O que me parece increíble é que vostedes non defendan a proposta que tentaban aprobar, que interpreten iso como un erro. O que vostede nos está dicindo é que se a actual autovía entra pola avenida e Madrid, que a nova siga entrando pola avenida de Madrid. Non, Sr. Figueroa, con este documento nós propoñemos que existen polo menos dúas entradas. Pero repito novamente que é a documentación que vostedes nos deixaron. Nós compartimos cos técnicos polo menos esas dúas entradas, a que estaba prevista no Plan Xeral e a nova, non hai ningún problema, é unha cuestión dun novo enlace. Iso si, o Plan Xeral, senón revise os datos, ten que financiar esa parte que falta.

Falou tamén de Alfageme e de Cordelerías Mar. A verdade é que llo expuxen no último Pleno: é un insulto que vostede diga que defende ós traballadores. No último Pleno nin sequera, Sr. Figueroa, lembraba que ordenación nos deixaran e ten a pouca decencia de vir aquí dicíndonos que vostede defende ós traballadores. Nin sequera

lembraba que ordenación nos deixaran e dubido que a día de hoxe o saiba, ou o buscara, ou se informara. Xa lle dixen no último Pleno que vostedes non nos deixaron un solo urbano consolidado, Sr. Figueroa, deixaron un ámbito de solo urbano non consolidado e a planta da factoría cunha ordenanza 11 que vostede nin sequera lembraba. Agora dinos que vostede é quen se preocupa polos traballadores. Quere que lle diga datos do Plan Xeral que vostedes nos deixaron? Que ese ámbito de non consolidado daba números negativos. Pero para vostede era moito máis importante ter o documento para as eleccións municipais que facer un bo cálculo para ese ámbito. Iso era o que reflectía o ámbito de Alfageme que vostede nos deixou. Pero non só iso, na documentación incluída no Plan Xeral que vostedes tentaron aprobar se reflectían números negativos e vostede agora tenta dicirnos que a súa preocupación máxima e absoluta son os traballadores de Alfageme cando non lle preocuparon en ningún momento cando vostede estaba na Concellería de Urbanismo, nin sequera lembraba no último Pleno como deixaran ese ámbito. Agora ven dicirnos que a súa preocupación absoluta son os traballadores.

Repito novamente, Sr. Figueroa, que é imposible vincular un convenio urbanístico ó mantemento dos postos de traballo e o traslado dentro da cidade, é completamente ilegal. Vostede estame a dicir que se Cordelerías Mar ou Alfageme despiden mañá ós traballadores, cambiaríalles a clasificación urbanística? Tenta dicir iso? E ademais que se os volven contratar volven ter outra clasificación urbanística? Non sei se está tentando tomarnos o pelo ou que é o que pretende, pero non é posible vincular ese traslado. É completamente imposible, Sr. Figueroa. Hai unha intención do Plan Xeral dende a aprobación inicial que marca unhas directrices e unha delas é eliminar as conserveiras do fronte de Beiramar e propón como localización o parque de solo industrial de Matamá-Valladares que, por certo, Sr. Figueroa, non sei se non lle interesa ou non o quere saber pero se está desenvolvendo e vai a bo ritmo. Iso de que o solo industrial non vai estar non é así porque si vai estar en data e prazo. Nós si cumprimos as datas e os prazos e non como vostedes que gobernaron tres anos e non foron capaces de aprobar este documento.

Se tirara de todas as propostas do Plan Xeral vería que ese texto que nos lía na ordenación de Alfageme está copiado literalmente de todas e cada unha das propostas do Plan Xeral que se foron tramitando, é exactamente o mesmo texto, non ten nin unha coma nin un punto máis porque nas directrices do Plan Xeral dende a súa aprobación inicial por suposto que se contempla a posibilidade de que se

trasladen esas naves conserveiras ó polígono de Matamá-Valladares, pero o contempla como unha possibilidade. O que fai é ofertar solo e teñen unha opción preferente con respecto a industrias que non estean localizadas aí o día que ese solo estea dispoñible e saia a concurso. O único que di o Plan Xeral é que teñen unha opción preferente pero en ningún caso, Sr. Figueroa, se pode vincular o traslado dunha industria.

Por suposto que en Alfageme se seguiron os mesmos criterios que no resto dos ámbitos. Tomáronse os mesmos valores que para o ámbito de Figueiras que está ó seu carón. Para o solo terciario colleuse o valor dos ámbitos de Tomás Alonso que son os máis próximos e exactamente seguiuse rigorosamente o mesmo procedemento que o resto dos ámbitos da cidade. Pero vostede, que no seu día deixou un ámbito completamente inviable que reflectía nos números do Plan Xeral, na memoria xustificativa aparecía que os números de Alfageme eran negativos, vostede que deixou ese ámbito así agora nos ven dicir que defende os postos de traballo.

Sr. Figueroa, non tente enganar máis. Os acordos ós que vostede chegara no Plan Xeral de xeito privado e polos que se opoñen a este Plan Xeral non son de interese dos cidadáns. Os cidadáns desta cidade o que queren é un Plan Xeral con vinte puntos máis de vivenda protexida do que vostedes deixaron porque esa é a solución, porque non se poden hipotecar de por vida e porque estamos no momento no que estamos porque non houbo no seu momento vivenda de protección a prezos alcanzables.

SR. FIGUEROA VILA: Agora si que me dou conta de que o Partido Socialista está moi preocupado co Plan Xeral. Sr. Mariño, a diferenza entre vostedes e nós é que nós en tres anos demos 3.200 licenzas de vivenda protexida, a Sra. Porro e máis eu que as asinaba e vostedes a día e hoxe cero. Ese é un dato real: de 3.200 a 0.

Falan do Plan Sectorial de Vivenda e vostedes son uns cínicos políticos porque ata agora dicían que estaban en contra do Plan Sectorial de Vivenda. Como poden mentir desa maneira? Poden dicir diante dos medios de comunicación que o Partido Socialista non estivo en contra do Plan Sectorial de Vivenda na cidade de Vigo? Pódolle sacar oitenta recortes de prensa nos que se ve que vostedes dicían que se tiña que retirar e así llo recomendaban á Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia. Estiveron en contra dese Plan de Vivenda porque ó final é para cubrir as eivas do Plan Xeral. Quen redactou o Plan Sectorial de Vivenda coñecía perfectamente o Plan

Xeral da cidade de Vigo. Foi público que vostedes estiveron en contra do Plan de Vivenda que defendía o Bloque. Pero non só isto, é que nos informes dese Plan Sectorial de Vivenda dicíase claramente que se tiña que modificar o Plan Xeral. Polo tanto o Plan Xeral non debía estar moi ben cando ese Plan Sectorial de Vivenda, en base ós informes dos técnicos municipais, dicía que se tiña que producir unha modificación do Plan para o levar a cabo. Iso está aí. Creo que vostedes queren enganar permanentemente pero ó final se vai saber todo.

En canto ó da autovía Vigo-O Porriño, como pode dicir agora que deixan as dúas propostas no Plan Xeral? Cando dixeron iso publicamente? Pedímoslles a contestación á alegación por escrito e aínda a estamos esperando a día de hoxe, non nola deron, nin lle contestaron ó grupo que representamos. Polo tanto vostedes están tentando enganar e manipular á opinión pública. Pero xa vemos hoxe que o Grupo socialista quere dúas entradas. Vostede acaba de dicir hai uns minutos que se mantén a autovía Vigo-O Porriño e que se mantén a entrada do Plan Xeral que estaba aprobada.

En calquera caso o asunto dos guindastres non o dixemos nós, hai hemerotecas onde se pode ler que o Alcalde dicía que nos vindeiros meses Vigo estaría cheo de guindastres. Esa foi a primeira afirmación do Sr. Alcalde. Eu coñezo a tramitación perfectamente pero semella que non o Alcalde que foi quen fixo ese discurso cara á galería. Supoño que iso estará dentro deses proxectos que el ten na cabeza, eses que os humanos normais non percibimos.

Por que non me fala vostede do convenio urbanístico de Cordelerías Mar onde se di que se lle van dar 2.000 millóns das antigas pesetas, que son as plusvalías que vai xerar a recualificación desta empresa? A iso non se lle chama unha condición? Supoño que dar 2.000 millóns das antigas pesetas a un sindicato, a uns traballadores para cubrir a súa situación social, será unha condición dentro dunha situación urbanística. Iso paréceme a min aínda que non sei que é o que entende vostede. Pois tamén se lle podería poñer unha condición semellante para os traballadores de Alfageme. En Cordelerías Mar si porque son de UXT e en Alfageme non porque non sei de quen son. Perfecto. Iso é o que di o Partido Socialista. Quizais o motivo principal da súa posición é que o avogado que defendía ós traballadores de Cordelerías Mar estaba máis vinculado a vostedes que o avogado que defende ós de Alfageme.

Por outra banda eu non falei de que quería máis solo industrial. Dixen que vostedes

non foron quen de poñer máis solo industrial e Citroën estao reclamando porque vostedes, por contentar a algúns veciños, reduciron o ámbito industrial que ía contemplado para Citroën. Vostede non o quere dicir pero tiveron ese problema, aínda que por desgracia ese problema xa non existe, agora o problema é outro.

Cando vostedes falan de que van axudar a alguén, á semana ou ós meses fan todo o contrario. O Sr. Alcalde dixo que se lle ía axudar a Citroën, que as axudas ían vir, viu o Ministro de Industria á cidade de Vigo e resulta que Citroën é quen percibe menos axudas proporcionalmente a nivel estatal dos fondos para a automoción. Seguramente que vostedes tamén negarán ese dato.

Sr. Mariño, eu non negocieei a nivel privado con absolutamente ninguén sobre eses ámbitos do rural. Había un equipo redactor e uns técnicos que foron tomando decisións en base a unhas direccións políticas marcadas por un Consello Sectorial de Urbanismo, por unha Xerencia de Urbanismo e por unha Comisión de Seguimento do Plan Xeral. Houbo moitas reunións nas que o seu Grupo estivo presente pero dicindo sempre que non a todo; onde estaba o BNG, o PP e tamén o equipo redactor do Plan Xeral, aí foi onde se tomaron a maior parte das decisións estratéxicas, políticas, técnicas e urbanísticas deste documento. Supoño que igual que fixeron vostedes, introducir o 40% de vivenda protexida foi unha decisión política que logo os técnicos levaron a cabo. Nós faciamos precisamente iso, cando se presentaba algún tipo de dúbida por parte do equipo redactor había unha comisión de seguimento formada polos tres grupos políticos. Hai actas máis que suficientes para demostrar o que lles estou dicindo. Cando había algún tema dubidoso ía á Xerencia de Urbanismo e logo loxicamente se referendaba nos Plenos. Pero vostedes non estiveron nese consenso, estiveron totalmente á marxe.

Agora dirannos todo o contrario con respecto ás alturas, porque este Plan Xeral contempla todas as alturas que vostedes criticaron, mesmo coido que vostede foi o deseñador dalgún ámbito, dalgunha desas infografías que aparecían nos medios de comunicación, coido que era un dos que estaba traballando detrás dese equipo, un dos que fixo esas infografías. Pois se estaba tan en desacordo con esas alturas non sei como agora asesorou para que este Plan Xeral se levase a cabo.

O problema de fondo foi que dende un principio vostedes quixeron boicotear o Plan Xeral. Dende que chegaron vostedes á Xunta de Galicia boicotearon e manipularon o Plan Xeral pero ó final o máis triste de todo é que iso lles pasou factura e agora van estar na oposición que é onde teñen que estar por tomar decisións en contra desta

cidade, manipulándoa, boicoteándoa, tentando confundir. O Alcalde dicía que era mellor cando todos os gobernos ían na mesma dirección. Agora non sei cal será o seu discurso, supoño que o terá que cambiar ou deixar paso a outros porque se dicía que era bo que todos foran na mesma dirección e agora xa hai un goberno que non o está, supoño que o discurso será outro, agora será de man tendida. Nós tamén tivemos a man tendida pero o problema foi que nos enganaron, que o Sr. Lueje, nefasto para esta cidade, mofouse de nós.

Xa miraremos que vai pasar co Plan Xeral. Nós xa dixemos un día que nunca iamos xudicializar a vida política. Cando os medios de comunicación preguntaban ás veces se nós iamos recorrer o Plan, dicíamos claramente que iamos denunciar todo o politicamente denunciado neste foro ou no que corresponda, pero tamén dixemos que non somos partidarios de levar ó xulgado a vida política como algún compañeiro de vostedes fixo comigo a nivel persoal e mal político e por riba mal avogado porque non soubo que podía incorrer nunha ilegalidade e ó final os tribunais acabaron dándome a razón. Iso foi o triste, foi a primeira vez, non había nin un precedente na vida política desta cidade de que un compañeiro denunciase a outro e se querelase con el por unha decisión política. Supoño que os seus compañeiros non estarán moi satisfeitos do que aquí se aprobou.

Vostedes dende a Xunta de Galicia durante os anos de goberno do Partido Popular na cidade de Vigo se riron de nós, dicían unha cousa en privado e logo facían outra en público, nas reunións dicíanos que todo ía conforme, chegabamos ó documento e polos medios de comunicación viamos que era todo o contrario do que nos dicían. Dígolle polo tanto que eu non tomei ningunha decisión a nivel persoal nin a nivel privado, as decisións tomábanse nesas comisións de seguimento onde estaba o equipo redactor, os veciños e veciñas e por suposto con todos os grupos políticos. Vostedes mantivéronse sempre á marxe.

Con respecto a outro tema que coido que é tamén importante: a actitude do Bloque Nacionalista Galego. Nós non imos entrar nas decisións que vostedes tomaron pero si está claro que a maioría dos compromisos políticos que había nese documento eran de vostedes. Saberán vostedes o que fixeron, a nós non nos preocupa. Será cuestión de seu saberen se politicamente traizoaron ou non a colectivos, decisións que vostedes tomaron a proposta de moitos colectivos que non se senten identificados con este documento. Só fai falla recibir a eses colectivos. O Partido Socialista enganounos pero o Bloque Nacionalista Galego nos traizoou porque non cumpriron

con nós nese documento. Polo tanto se esa é a súa actitude, alá vostedes, nós non imos entrar nesas consideracións, son decisións políticas que vostedes teñen que tomar.

Por suposto, Sr. Mariño, nós demos mostra sempre de defender ós traballadores nesta casa. No tema de Cordelerías Mar demos un exemplo claro e moléstame que non estea o Sr. Rodríguez Díaz porque o sabe xa que el era quen levaba as negociacións. Vostedes non os apoiaron e nós, co Bloque Nacionalista Galego na Xerencia de Urbanismo, tivemos que aprobar a proposta de convenio urbanístico de Casa Mar. Vostedes tiraron a pedra e agocharon a man. Como quen defendía a aqueles traballadores era o Sr. González Príncipe, cando chegou outro goberno socialista botáronse atrás dese acordo. Tiven moitas reunións co Sr. Rodríguez Díaz e con D. Matias Movilla para tentar acadar o apoio do noso grupo político a eses trescentos e pico traballadores e pódoo dicir pública e abertamente, tamén o acordo de pagamento do Sr. González Príncipe de seis ou sete millóns de euros por Casa Mar, porque eran dúas cousas totalmente distintas.

Polo tanto non me van deixar quedar en interdito porque menten e enganan permanentemente. Vostedes si que estiveron en contra deses traballadores porque tiñan unha liorta interna, porque o Sr. Rodríguez Díaz non era da corda do Sr. Pérez Mariño, era da corda do Sr. González Príncipe e como a proposta inicial foi deste último, apoiada polo Bloque Nacionalista Galego cando gobernaba, logo tivo que saír o Partido Popular a sacarlle as castañas do lume á UXT. Que me vai contar vostede? Por iso estamos de acordo con ese convenio.

En Alfageme pasou exactamente igual porque era a CIG quen estaba representando a eses traballadores e tivemos unha reunión antes dun Consello da Xerencia de Urbanismo para nos pedir apoio, os xornalistas sábeno. Nesa reunión da Xerencia de Urbanismo tomouse a decisión de apoiar ós traballadores de Alfageme. O que están facendo agora vostedes é deixar tirados a eses 170 ou 180 traballadores.

Eu calo ás veces certas cousas pero outras si que as podo contar porque participei nesas decisións. Non me poden dicir agora nada a min nin de crise, nin de situación social porque son vostedes os primeiros que están deixando tirados ós traballadores, non se dan conta diso? Por riba a empresa marcha de Vigo. Iso é algo moi importante pero xa quedaría en segundo termo.

Vostedes falan de facer un urbanismo pulcro. Como poden dicir iso se agora mesmo teñen oitenta mil recursos nos tribunais con este Plan Xeral? Mesmo teñen o recurso

pola propia sesión do Pleno de aprobación do Plan porque enganaron ós veciños e veciñas de Vigo. Agora nos conta que vai haber dúas entradas da autovía Vigo-O Porriño. Acábo de dicir agora mesmo neste Pleno, díxoo que era unha mellora de infraestruturas. Non será que están defendendo algunha área comercial e ó mellor lles interesan as dúas entradas? Porque dentro duns meses se poderá saber.

Agora rin, pero tamén o facía a Sra. Silva cando dicía que eu tiña que estar calado, que era un ignorante, que non sabía da autovía Vigo-O Porriño, que ela tiña a información e que ía tomar a decisión. Logo dun ano e medio o problema é que a vostedes lles obrigan a levar a autovía Vigo-O Porriño por onde nós lles dicíamos. Tamén veremos que pasa co Plan Parcial de Baruxáns que ten o planeamento aprobado, está en execución. A ver quen vai indemnizar ós propietarios e ós veciños dese ámbito.

A nós si que nos preocupan as parroquias do rural e por iso incrementamos os núcleos rurais, por iso tentamos establecer unha estratexia política para que os pequenos veciños e propietarios de terreos non quedasen tirados como vostedes os deixan agora. Vostedes non os defenden, o único que están defendendo é unha Consellería, non son capaces de tomar decisións politicamente pero eses veciños sábeno. Para saber que vostedes os enganaron só fai falla reunirse e escoitar ós colectivos. Pero xa lles pasarán factura.

Xa lles anunciamos que nós como proposta de programa electoral levaremos que imos cambiar o Plan Xeral porque é un fracaso, que ninguén se chame a engano. O Partido Popular nos dous próximos anos que lle quedan de oposición vai facer un traballo colectivo por colectivo, parroquia por parroquia para modificar o Plan Xeral e levaremos iso como proposta de programa. Elaboraremos un documento que vai recoller todas as modificacións que vai necesitar o Plan Xeral que vostedes esnaquizaron e arruinaron, un Plan Xeral que seguramente lle lembraremos co tempo e verán que haberá moitas máis declaracións coma esta.

Polas intervencións no Pleno demostrárase que nós tiñamos razón porque acertamos co que lles dixemos de Citroën, co do da vivenda protexida, co do autovía e tamén co de Alfacame. Imos seguir acertando continuamente con todas as nosas manifestacións. Iso vostedes non o queren entender e falan de cuestións técnicas pero esas a min non me preocupan porque eu estou aquí como político. A diferenza está en que a vostede non o elixiu o pobo, designouno o Sr. Alcalde como técnico, dígollo con todos os respectos, é lexítimo que vostede estea aí pero a diferenza que

hai é que eu son político, tento defender as estratexias e as decisións políticas e o Sr. Mariño está como técnico. Este é un debate que me gustaría facer cun representante do pobo elixido democraticamente.

Sr. Mariño, sei perfectamente o que está no Plan Xeral e ademais lle digo que nós defendiamos ós traballadores de Alfageme e vostedes non os están defendendo, están deixando á empresa e ós traballadores tirados. Pero alá vostedes. Poden dicir que defenden outras empresas xa que, por que o cambio de “Las Cinco Jotas”? Nós defendémolo tamén, pareceunos correcto porque hai que defender sobre todo a conservación e mantemento dos postos de traballo da nosa cidade. Así é como nós defendemos ás clases menos favorecidas que vostedes están prexudicando claramente.

Incluíron unhas porcentaxes de vivenda protexida que son irrealizables pero o centro si que o conservaron ben porque lles interesou. Esa é a diferenza que hai entre vostedes e máis nós. Nós fixemos un Plan para todo o mundo, equilibrado, razoable, xusto e vostedes o que tentaron foi xustificar un voto en contra, modificar o Plan Xeral e agora o esnaquizaron e a día de hoxe o Plan Xeral é xa un fracaso. Xa verán como é así, como haberá que cambiar este Plan governe quen governe.

Nós si que temos claro que imos traballar para cambiar o Plan co acordo dos colectivos veciñais que é como se traballa porque nós si que escoitamos e traballamos cos colectivos veciñais. Logo das alegacións tivemos que nos reunir con todos os colectivos e houbo que modificar moitas decisións políticas; evidentemente que se fixo iso. Vostedes chegaron, introduciron un elemento que cambiou todo o Plan Xeral para xustificar as loucuras que dicían da edificabilidade, que se segue mantendo a mesma, como se seguen mantendo as mesmas alturas, as mesmas zonas verdes, as zonas dotacionais, as mesmas infraestruturas; dicían que estaban en contra da Ronda e séguese mantendo. Que máis exemplos queren que lles poña? Hai oitenta asuntos ós que vostedes se negaron e agora asumiron.

Tiñan que cambiar algo cara á galería e iso foi introducir máis vivenda protexida cando xa había a posibilidade de desenvolver preto de 40.000 vivendas protexidas. Ademais mesmo erraron niso que foi un elemento fundamental para cambiar o Plan Xeral porque a día de hoxe levan dous anos de mandato, o Alcalde prometeu en campaña electoral 6.000 vivendas protexidas e levan dadas cero licenzas de vivenda protexida. Algúns tivemos a sorte de asinar preto de 3.000 licenzas. Esa é a diferenza, non creo que vostedes cheguen á quinta parte do que asinamos nós,

ogallá polo ben da cidade puideran asinar algunhas, deixámoslles unhas cantas para poñer en marcha e nin foron quen das levar a cabo.

Tanta Oficina de Vivenda, tanta contratación de persoal para a Xerencia e seguimos exactamente igual ou eu diría peor que hai dous anos, só fai falla escoitar ós traballadores da Xerencia de Urbanismo porque iso é un desastre de xestión, só hai que repasar as ordes do día dos Consellos da Xerencia de Urbanismo por veren que non vai nada de contido, algunhas reunións xa nin se realizan porque supoño que non hai nin asuntos para a orde do día. Collan as actas das sesións da Xerencia de Urbanismo e verán que non teñen nin contidos e para iso están contratando non sei canto persoal. O problema non é polo número, senón pola produtividade e pola xestión.

Se a Sra. Silva traballa moito máis ca min, felicidades. Eu traballo o que coido oportuno e penso que son bastantes horas, hai poucos que traballen tantas horas, algúns pódenme igualar pero é difícil. Seguramente ela ou vostedes están por riba, están contaxiados da prepotencia, da arrogancia, da chulería política, por riba do ben e do mal. Nós somos un grupo humilde, normal, da rúa, mesmo un pouco curtos, pero que lle imos facer, non temos o nivel intelectual de vostedes, pero a diferenza é que temos 25.000 votos máis ca vostedes.

A PRESIDENCIA: Tendo en conta que o Sr. Figueroa fixo unha intervención final de 25 minutos cando os que lle correspondían eran 5, corresponde que vostede utilice o seu tempo con folgura, Sr. Mariño.

SR. MARIÑO MENDOZA: Primeiro aclarar esta última parte da súa intervención. En ningún momento valorei a súa capacidade intelectual, nin dixen que non traballase moitas horas, só dixen que a Sra. Silva traballaba máis. En ningún momento dixen que vostede non traballase moito.

Para facer outra matización: calquera dos meus compañeiros elixidos nas urnas lle gañaría este debate, Sr. Figueroa, porque non ten vostede a razón, estea seguro de iso e ademais é que os cidadáns tamén o saben.

Non para de nos falar das 3.200 vivendas de Navia, di que vostede deu as licenzas. Nós acabamos de poñer en marcha 12.000, se o que importa é que vostede puxo a sinatura nun papel... Esas vivendas non están construídas, sexamos todos moi claros porque estamos dando as licenzas de primeira ocupación estes días, hai moitas

desas vivendas que aínda se están construíndo agora e estanse dando as licenzas, tamén son de seu? As vivendas de protección oficial, Sr. Figueroa, son dos cidadáns, non son de seu, nin miñas, nin de ninguén. Nós puxemos en marcha o planeamento para 12.000 novas vivendas de protección oficial nesta cidade.

Falounos de que hai dúas autovías. En ningún momento dixen iso, Sr. Figueroa, o que dixen é que mantemos e recollemos o trazado da entrada da autovía que vai dar ó Seminario e mantemos como vial estruturante do Plan Xeral o acceso a ese centro comercial que agora parece que o fixemos nós, Sr. Figueroa, pero lle lembro que o fixeron vostedes e ademais é espectacular que vostede diga aquí, diante de todos os cidadáns que vostede gañou ese debate. Sr. Figueroa, temos unha sentenza enriba da mesa que nos di que hai que derrubar, esa é a vitoria que ten vostede, que o temos que derrubar e pagar 300 millóns de euros? Os cidadáns teñen que estar encantados da súa xestión porque hai que pagar 300 millóns de euros por unha licenza. Vostede debe durmir moi tranquilo polas noites.

De feito vostede púxolle a entrada, recualificoulle o solo, fixo unha cousa completamente ilegal que os tribunais tombaron e vostede está orgulloso porque gañou o debate. Debe estar moi orgulloso desa proposta que lle custa á cidade 300 millóns de euros. Como pode ter a desvergoña de vir aquí dicindo iso? Son 300 millóns de euros, Sr. Figueroa, que hai que derrubar e vostede ven aquí dicindo que gañou o debate. Non se pode ter unha cara máis dura, Sr. Figueroa. Coñece vostede a sentenza, Sr. Figueroa, hai ou non que derrubar o centro comercial e as torres?

Ó que me estou referindo con isto é a que os informes técnicos dicían moi claramente que era o que non se podía facer e vostede tomou unha decisión en contra da tomada polos técnicos municipais que lle dicían que non a tomase. Iso foi o que vostede fixo con respecto a esa parcela, pero polo que vexo está tranquilo con esa decisión porque total só lles vai custar ós cidadáns desta cidade 300 millóns de euros, o orzamento dos próximos vinte anos. Vostede gañou ese debate moral e, tiña razón, podía decidir pero decidiu mal, Sr. Figueroa, e a responsabilidade política tíña que asumir e non a asumiu no seu día.

Dixo que a cidade tiña que estar chea de guindastres. Pois si, pero esta e todas as demais, non só as de España, as de Europa, as de todos os países deste mundo. Pero estamos nun momento de crise e se queremos podemos dicir que iso non é certo e mañá vostede podería pedir que se modificase o plan urbanístico de Nova York e o de Xapón, o de París tamén porque tampouco hai guindastres; o de Marsella, o de

Córdoba, en todo aquel lugar onde non haxa unha porcentaxe de guindastres que a vostede lle pareza máis ou menos acertada, que se modifiquen os plans urbanísticos. Dende logo que me parece increíble que vostede diga iso porque todos sabemos por que non hai guindastres. Facer demagogia con iso non parece o máis axeitado.

En canto ó solo industrial de Citroën unha vez máis volve mentir. Non hai un só metro cadrado menos. Sr. Figueroa, os datos están aí, hai cuestións que poden ser subxectivas, podemos decidir se fixemos ben ou mal unha cousa pero as fichas do Plan Xeral están aí e din que non hai un só metro cadrado menos. Saque as fichas, Sr. Figueroa, porque hai a mesma porcentaxe de zonas verdes e de solo dotacional. Lembre que vostedes no seu mandato foron os que recortaron ese ámbito e deixaron fóra unha serie de vivendas, supoño que cun criterio acertado, aínda que non vou entrar nesa valoración. Vostedes foron os que recortaron a ampliación de Citroën, nós non quitamos nin un só metro cadrado de aí. Lémbrao e sabe perfectamente a que veciños me refiro porque están representados por unha asociación, sabe que barrio se quita dese ámbito de solo industrial de Citroën. Son vostedes quen o retiran e seguramente con acerto porque existían moitas vivendas e iso estaba consolidado, pero nós non modificamos nin un só metro cadrado.

Sobre as alturas é increíble que diga que son as mesmas. Eu lembro cando en máis dunha centea de ámbitos desta cidade propoñían trinta alturas, as fichas están aí, polo rural, en Samil, onde están as pistas polideportivas, trinta alturas en practicamente toda a cidade. Xa non lembra iso, xa non lembra que esas alturas se rebaixaron e que esa loita si tivo bo fin para esa cidade e xa non son as mesmas alturas que vostedes manexaban na aprobación inicial.

Por suposto que foi unha grande loita e aí está o resultado no Plan Xeral. Non son as mesmas alturas que se contemplaban anteriormente. Vostede non se quere lembrar de cando moitos dos ámbitos desta cidade daban a posibilidade de construír trinta alturas e mesmo en parroquias, neses núcleos rurais que a vostedes lles preocupan tanto.

En canto a que o Plan Xeral nos pasou factura, ata onde eu sei pasoulles factura a vostedes que son os que perderon as municipais. Paréceme increíble que nos veña dicir aquí iso porque ata onde eu sei, estamos gobernando nós. As cousas son moi claras. Quedaranos moito ou pouco, Sr. Figueroa, decidirano os veciños porque a diferencia de seu, nós si que acatamos dende o primeiro día os resultados electorais. Vostedes aínda non son conscientes de que non gobernan nesta cidade, non gañaron

estas eleccións. Os cidadáns decidírono.

Dixo que vostedes non fixeron cambios no Plan Xeral. Como pode mentir tanto? Cantos cambios se fixeron durante o seu mandato no Plan Xeral? É moi fácil sabelo. Traemos a cartografía que colleron e a que deixaron e poderase ver cantos milleiros de metros cadrados cambiaron vostedes de clasificación. Eu facía ese traballo, Sr. Figueroa, cada vez que había unha nova documentación verificaba cantos cambios se facían e podo dicir que fixeron centos de cambios no Plan Xeral. Non veña agora dicir que vostede pasou silandeiramente, fixo unha tramitación e non tivo nada que ver nese Plan Xeral porque foron centos de cambios.

Teño aquí a ficha de Alfageme e quero que quede claro que vostedes deixaron unha proposta dun ámbito chamado A321 e unha ordenanza 11 en solo consolidado cun valor por metro cadrado de -25.000 pesetas. Este é un documento oficial do Plan Xeral que vostede nos deixou. O valor do solo era de -25.000 pesetas ou sexa que terían que pagar para o poder vender. Estes son os datos e esa é a importancia que vostede lles dá ós postos de traballo. Este é un documento de marzo de 2007 que vostede nos deixou, forma parte da documentación oficial. É un bo prezo para pensar nos traballadores e no traslado da empresa, é un prezo fantástico, esta é a súa preocupación: -25.000 pesetas/m². Non se pode ter cara máis dura, Sr. Figueroa, vir aquí dicir que a súa preocupación son os traballadores e deixar isto no documento que pretendían aprobar na Xunta.

Falou tamén do urbanismo pulcro. Eu non entendo outro tipo de urbanismo, supoño que vostede entende de moitos tipos de urbanismo, pero o urbanismo como todo o demais que está regulamentado pola lei ten que ser pulcro. Por suposto que si defendemos un urbanismo pulcro, non podería ser doutro xeito, pero que vostede o tache de algo malo me parece increíble. Por suposto que este goberno traballa na liña dun urbanismo pulcro, non entendemos outro xeito de velo.

En canto ós núcleos rurais xa lle expliquei antes que é algo completamente regulamentado. Vostede e máis eu poderíamos ter un criterio discrecional sobre se unha parcela en Cabral é solo consolidado ou non, pero non sobre núcleos rurais porque está claramente tipificado pola lei en que consisten. Non podemos inventar. Referíase vostede a que se non somos tan pulcros poderíamos coller unha serie de fincas que non estaban na aprobación inicial, recualificalas e darlles un beneficio extra ós propietarios deses solos? Refírese a iso cando nós non o queremos facer e facemos un urbanismo pulcro? Pois estamos moi orgullosos dese urbanismo pulcro.

Todos os afectados e todas as parroquias que tiñan núcleos rurais e estaban afectadas por este 1% que quedara sen aprobar coñecen os resultados dos traballos feitos e acompañáronnos dende o primeiro día. Nós non traballamos de costas ós cidadáns. Explicóuselles claramente dende o primeiro día que era un acto regulamentado pola lei que dicía moi claramente que 50 metros ó redor das vivendas se consideraba núcleo rural e a partir de aí 200 metros de expansión. Ensinamos esa documentación dende o primeiro día a todos os grupos para que estiveran ó tanto porque non pretendiamos nada máis que facer urbanismo pulcro. A verdade é que me gusta que fagamos un urbanismo pulcro.

Tamén dixó que vai modificar o Plan Xeral e que ademais o vai levar en campaña. Supoño que terá acordos pendentes que resolver pero o que nos ven dicir é que lles vai dar máis plusvalías ós ámbitos; practicamente que pretende mercar votos: “Vótenme a min que vou facer que os ámbitos xeren máis plusvalías”. Iso é practicamente mercar votos e o vai poñer na súa campaña electoral. A verdade que é rechamante.

Díxonos que foi unha medida demagóxica introducir o 40% de vivenda protexida. A vostede parécelle demagóxico que os cidadáns desta cidade non poidan mercar unha vivenda a un prezo digno e que teñan que ir vivir a outras cidades ou hipotecarse ata os sesenta anos. A verdade que é moi triste que unha medida tan social coma esta, seguindo exemplos que están funcionando moi ben noutras cidades, vostede a considere demagóxica porque que eu saiba non hai vivendas baleiras en Navia, pero si lle podo dar cifras de cantas vivendas privadas, sen ningún tipo de réxime de protección, están sen vender na cidade. Pero a vostede o único que lle preocupa son as vivendas de protección.

Tamén nos falaba antes dos recursos presentados a este Plan Xeral. Son moi poucos, ó mellor non os comparou cos de outros Plans Xerais pero é unha contradición que ó mesmo tempo que vostede nos di que temos recursos contra o Plan Xeral tamén nos di que non fagamos un urbanismo pulcro, que o que temos que facer é ir os núcleos rurais e xerar máis edificabilidade; iso é o que nos está dicindo. Pois por suposto que non, Sr. Figueroa, os recursos que hai contra o Plan Xeral serán perfectamente atendidos e resoltos e é unha medida na que teremos que traballar.

Que vostede nos diga que somos nós os que colocamos unha nova entrada a un centro comercial ó que vostede lle deu licenza, ó que vostede lle fixo as rotondas de diante, ó que lle colocou a entrada da autovía xusto diante das súas portas en contra

dos informes xurídicos dos técnicos da Xerencia de Urbanismo... Ese é o grande cambio que hai na Xerencia de Urbanismo, que aínda que non nos gusten os informes respectámoslos e apoiámoslos e aí están como mostra os distintos informes que levamos ó Consello da Xerencia do Plan Sectorial, do Plan Íntegra e de todos os documentos que se tiveron que tramitar. Se algo non nos gusta asumímolo. A vostede cando algo non lle gustaba obraba mesmo en contra dos informes técnicos. Esa é a gran diferenza entre vostede e nós.

Dende logo que defendemos un urbanismo pulcro e repito unha vez máis que non nos veña dicir que vostede se preocupaba polos traballadores de Alfageme porque o solo tiña o prezo de -25.000 pesetas/m² e iso está nun documento oficial do Plan Xeral, esa era a súa proposta para esa factoría. Seguro que tampouco sabe que a ordenanza 11 que vostede lle daba á nave non permitía materializar toda a edificabilidade, pero urxía tanto, as eleccións estaban tan preto, que daba exactamente igual o que pasase coa empresa, coa factoría e cos traballadores. Esa é a realidade, Sr. Figueroa. Nós reunímonos dende o primeiro día co Comité de Empresa e cos traballadores que entenderon perfectamente cal é a proposta para ese ámbito, que é completamente viable para se poder trasladar e para manter os postos de traballo. Entendérono dende o primeiro día e asistiron a moitas reunións con nós no Concello de Vigo e na Consellería de Política Territorial. Non nos diga que non estivemos ó carón dos traballadores. Vostedes si que non estiveron porque deixaron o ámbito de Alfageme con -25.000 pesetas/m².

SR. FIGUEROA VILA: Eu quero falar por alusións persoais. Fixo acusacións graves cando dixó que eu asinei informes contra os informes dos técnicos.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, vostede falou unha hora, consumiu as quendas que lle correspondían. Estamos nun debate importante e por iso fixemos unha aplicación de tempos moi longa. Démoslle a vostede unha hora de tempo, se cre que existe algunha cuestión de alusión persoal á que ten que contestar doulle a palabra pero só para iso.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González,

Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a proposta de cumprimento da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16.05.08 (DOG 03.06.08), contidas na documentación elaborada pola empresa "Consultora Galega, S.A." e que se compón dos seguintes documentos:

CAIXA 1, na que se incorporan os volumes que se relacionan:

* MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS DA ORDE do 16 de maio de 2008 da CPTOPT RELATIVAS A:

- (1) CUALIFICACIÓN DE SISTEMAS XERAIS
- (2) CLASIFICACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL
- (3) ÁMBITOS QUE DEBEN INCLUIRSE NA CATEGORÍA DE SOLO URBANO NON - CONSOLIDADO
- (4) CUESTIÓNS RELACIONADAS COA NORMATIVA DO PLAN
- (5) INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO EN MATERIA DE COSTAS)
- (6) ERROS MATERIAIS DETECTADOS
- (7) INFRAESTRUTURAS DE ÍNDOLE SUPRAMUNICIPAL: VARIANTE TRAZADO. "TRAMO PORRIÑO-VIGO".

ANEXO A: LÍMITES DE SOSTIBILIDADE E ESTÁNDARES RESULTANTES

RESUMO DE MAGNITUDES:

- ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES
- EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS
- APARCAMENTOS
- COEFICIENTES E VALORES DE REPERCUSIÓN POR USOS, ÁMBITOS E SECTORES
- VIVENDA ACOLLIDA A ALGÚN RÉXIME DE PROTECCIÓN PÚBLICA
- RESUMO DE MAGNITUDES

* ÁREAS DE ORDENACIÓN PORMENORIZADA, AOP, volume refundido de todas as corrixidas trala Orde:

- AOP-01 ORDENANZA 16 PRIVADA MODERNA
- AOP-09 ORDENANZA 16 SAN GREGORIO
- AOP-10 ORDENANZA 16 CASTRO CASTRIÑO
- AOP-11 ORDENANZA 16 TOMÁS ALONSO 91 111
- AOP-14 ORDENANZA 16 CORUXO COSTA
- AOP-21 ORDENANZA 16 CORDELERÍAS MAR
- AOP-23 ORDENANZA 16 ROMIL

- * ÁREA DE ORDENACIÓN DETALLADA, AOD, ALFAGEME, A-3-21, Volume coa nova incorporada trala Orde,
- * ESTUDIO DO MEDIO RURAL E MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL [Memoria (cun novo capítulo xustificativo), Planos, Fichas gráficas e paramétricas corrixidos]:
 - NR-01 FRAGOSELO (CORUXO)
 - NR-02 CHANS (BEMBRIVE)
 - NR-03 SAN CIBRAO (BEMBRIVE)
 - NR-04 MIRAFLORES (BEMBRIVE)
 - NR-05 XESTOSO (BEMBRIVE)
 - NR-07 CIDÁNS (ZAMÁNS)
 - NR-08 IGREXA (ZAMÁNS)
 - NR-09 MARCOSENDE (ZAMÁNS)
 - NR-10 VILARIÑO (ZAMÁNS)
 - NR-11 VILAVERDE (ZAMÁNS)
- * PLANOS

CAIXA 2, de planos a escala 1/5.000 para substituír, serie 1, de clasificación de solo e categorías de solo rústico:

- Planos núms. 2, 3, 5, 6, 9, 11, 12, 15, 17, 19, 20, 21, 22.

CAIXA 3, de planos a escala 1/1.000 para substituír, serie 2, de ordenación pormenorizada dos solos urbanos e de núcleo rural,

- Planos núms. 1-Q, 2-Q, 3-Q, 2-N, 2-O, 3-N, 8-K, 8-N, 9-I, 10-I, 10-J, 12-O, 13-P, 13-Q, 13-R, 14-O, 14-P, 14-Q, 14-R, 15-O, 15-P, 15-Q, 15-R, 16-P, 16-Q, 16-R, 17-P, 17-Q, 18-Q, 19-G, 20-G, 20-H, 23-O, 23-P, 24-P, 24-Q, 25-O, 25-P, 25-Q, 25-R, 26-P, 26-Q, 26-R, 27-Q.

Encadernación de planos a escala 1/2.000 para substituír, serie 2, de ordenación pormenorizada dos solos urbanos e de núcleo rural.(mesmos planos que na caixa 3)

Segundo.- Solicitar da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a aprobación definitiva das determinacións que foron obxecto de suspensión ó abeiro do establecido na mencionada Orde do 16.05, de conformidade coa proposta aprobada polo Pleno do Concello de Vigo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas de la violencia doméstica.

8.- (49).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Ó MINISTERIO DE XUSTIZA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO XULGADO DO MERCANTIL Nº 3 DE PONTEVEDRA CON SEDE EN VIGO ANTES DO MES DE XUÑO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de marzo de 2009, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"O Partido Popular de Vigo ven reclamando dende hai tempo a creación na cidade de Vigo dun Xulgado do Mercantil, en concreto presentou unha moción no pasado decembro de 2007 aprobada polo Pleno da Corporación nese sentido.

O certo é que pese ó dito no Pleno polo goberno municipal no sentido da necesidade de modificar a Planta Xudicial para a súa creación, dita modificación non é precisa e así o ven de recoñecer o propio Goberno central ó ditar o Real Decreto 167/2009, do 13 de febreiro, no que se prevé a creación do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra con sede en Vigo. O que ven suceder é que non consta a data de posta en funcionamento do mesmo pese á cada día máis imperiosa necesidade e temos que acudir ás informacións na prensa para chegar á conclusión de que a súa apertura farase a finais do presente ano, mentres que na cidade da Coruña porase en funcionamento no vindeiro mes de abril.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que se inste ó Ministerio de Xustiza á posta en funcionamento do Xulgado do Mercantil número 3 de Pontevedra con sede na nosa cidade antes do mes de xuño do presente ano."

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 23 de marzo, tomou coñecemento do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Non imos entrar en moitos detalles pero o que traemos hoxe aprobouse por este Pleno no mes de decembro do ano 2007: que se puxera en funcionamento o Xulgado do Mercantil de Vigo.

Logo de numerosas promesas que non se concretaron, o 13 de febreiro deste mesmo ano, con publicación no BOE o martes 3 de marzo, aprobouse un Real decreto polo que se dispón a creación e constitución de quince xulgados para a mellora da xurisdición mercantil dentro da programación do ano 2009. Non foi só na cidade de Vigo, senón tamén no Congreso dos Deputados e no Senado, a senadora D^a Corina

Porro, presentou iniciativas neste sentido. O propio goberno xustifica a posta en marcha das novas unidades xudiciais do Mercantil na necesidade de dotar de suficiente estrutura á Administración de Xustiza para facer fronte ás actuais circunstancias derivadas das dificultades polas que atravesa a economía na actualidade. Seguen falando con demagogia de “certas dificultades” cando a realidade é que estamos no pozo da crise.

O que non nos parece de recibo e por iso traemos a Pleno a presente moción, é que se deixe fixada “sine die” a data da posta en funcionamento do tan demandado xulgado. Así como noutras cidades, por exemplo na cidade da Coruña, a posta en funcionamento do Xulgado está sinalada para o 1 de abril, no caso de Vigo déixase sen data a posta en marcha coa gravidade que iso ten. Os propios procuradores que loitaron ferozmente porque o Xulgado do Mercantil chegase á nosa cidade, mesmo son escépticos de que se poña en marcha durante este exercizo. O certo é que o pasado ano tamén se anunciara por parte do goberno a creación dun novo Xulgado de Primeira Instancia que se ía dedicar a temas de familia e ata a data ese xulgado nin existe, nin está posto en marcha, nin parece que se espere.

Solicitamos polo tanto que se inste ó Ministerio de Xustiza a posta en funcionamento do Xulgado do Mercantil Número Tres de Pontevedra, semella que con sede en Vigo e esperemos que así sexa, antes do mes de xuño do presente ano, porque senón as consecuencias van seren graves e non só para os propios xulgados senón tamén para a economía da cidade.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Conde, en primeiro lugar eu quérolle agradecer a presentación desta moción porque de moi mala gana, tanto no texto como na intervención que acaba de facer agora, cústalle recoñecer a evidencia do BOE pero ten que recoñecer que por RD 167 deste ano se prevé a creación do Xulgado do Mercantil Número Tres de Pontevedra con sede en Vigo. Digo que lle custa porque remata a intervención dicindo que parece que Vigo vai ser a sede. Si, Sr. Conde, non se preocupe o máis mínimo porque, tal e como di o BOE ó que vostede se referiu tanto por escrito como oralmente, a sede do Xulgado do Mercantil vai ser en Vigo.

Faláballe do agradecemento pola moción porque un goberno sempre trata de cumprir cos obxectivos que se marcou e este é un bo exemplo de que este goberno municipal cumpre os seus obxectivos, as súas promesas e tamén aquilo que presenta nun programa electoral e a mellor proba é o BOE.

En materia de xustiza, da que a vostede lle gusta falar moito, en escasamente ano e medio deste goberno acadouse o Rexistro Civil Único, a Oficina Delegada do Rexistro Mercantil e o Xulgado do Mercantil. Estas eran tres aspiracións da cidade e non as denomino eu así, senón que foi vostede e tamén outros axentes sociais no debate que tivemos, que as denominaban como “vellas aspiracións da cidade”. É verdade que hai moitos anos que esta cidade desexaba e estaba esperando por estas institucións.

O RD ó que vostede se refire nesta moción é o mellor reflexo da importancia que ten este goberno no Estado español e en concreto no Goberno da Nación porque amosa o poder de Vigo. É certo e vostede refírese a iso, que o anterior goberno municipal e a Sra. Porro fixeron reclamacións decote pero esta é a diferenza. A diferenza é que en tres anos e medio de goberno do seu partido non se acadaron ningunha das tres institucións das que lles falei e en escasamente ano e medio este goberno si as acadou. Ocorre que non esperamos que por parte da oposición se amose este recoñecemento, non son vostedes dados a recoñecer o que fai este goberno, a evidencia é que está acadado.

Creo que non convén facer falsas demagoxias nin falsos localismos. Non se refira, Sr. Conde, só á cidade da Coruña onde se vai poñer en funcionamento o Xulgado do Mercantil o 1 de abril porque vai pasar o mesmo en todas as cidades que están nese grupo e son capitais de provincia. Refírase, Sr. Conde, ós dous Xulgados que teñen a súa sede en cidades que non son capitais de provincia, como é o da cidade de Elche incluído evidentemente no Xulgado de Valencia e o de Vigo incluído no de Pontevedra.

Polo tanto hoxe estamos diante dunha situación que é o mellor exemplo do que dende o primeiro momento dixemos aquí, da importancia e do recoñecemento que ten Vigo, do cumprimento daqueles obxectivos que nos marcamos que no caso de Xustiza é evidente que se acadaron.

Sr. Conde, coido que todos nos deberíamos felicitar. Estou seguro que cando tivemos o debate, así se reflicte no texto, vostede mantiñase escéptico sobre que se puidera acadar para Vigo este Xulgado, pero o que debe entender, como ben dixo, é que isto se acaba de publicar o 3 de marzo no Boletín Oficial do Estado. Teña a garantía de que este Xulgado vai ser unha realidade en Vigo no presente ano 2009 e este goberno municipal é o mellor aval diso. Non faga caso ós pesimistas, Sr. Conde, nin sequera o sexa vostede.

Asegúrolle tamén que este goberno municipal, en concreto o Alcalde no ámbito institucional, está traballando porque non sexa xuño nin xullo, senón que sexa o antes posible a efectiva instalación do Xulgado do Mercantil na nosa cidade.

Como creo que puxeron vostedes a data de xuño como poderían poñer calquera data, semella máis razoable que, xa que coincidimos co texto da moción que presentan porque fomos os que o acadamos, atendese ó noso pedimento de modificar a redacción da moción e se dixese: “Instar ó Ministerio de Xustiza a que o máis axiña posible sexa efectiva a instalación do Xulgado do Mercantil en Vigo” e se quere do ano 2009 pero efectivamente dentro do marcado no RD ó que vostede aludiu e na garantía que dentro deste ano 2009 o Xulgado do Mercantil, esa vella aspiración dos vigueses e dos sectores empresariais vai seren unha realidade.

SR. CONDE GIL: Non son eu o pesimista, Sr. López Font, son os propios profesionais quen sinalan ese pesimismo. Os axentes sociais de Vigo xa expresaron a semana pasada o seu escepticismo cos anuncios sobre o Xulgado do Mercantil, un servizo xudicial que a cidade reclama dende hai un lustro, ogallá que sexa certo. Leo a seguinte nova: “D. Jesús González Puelles, decano dos procuradores, prefire pensar que esta vez o goberno cumprirá o seu compromiso de abrir a reivindicada sala este ano, pero aproveita para insistir en que sexa o máis axiña porque canto máis tarde en funcionar máis grave será o colapso dos xulgados mercantís de Pontevedra que, como se sabe, o 80% dos seus casos proceden de Vigo”. Non é nada sospeitoso o Sr. González Puelles de estaren sentado no noso grupo. Nós temos a nosa opinión política e el ten unha posición técnica.

Respecto ós exemplos que me pon sobre a Oficina do Rexistro Mercantil ou dos prazos, sempre teñen medo a fixar prazos. Cando no seu día presentamos a moción reclamando o Rexistro Mercantil para a cidade de Vigo, non só se opuxeron ó prazo senón que tamén se opuxeron ó fondo e non foron quen de reclamar o Rexistro Mercantil para a cidade de Vigo. Quero lembrar tamén que daquela un RD fixaba un Rexistro Mercantil con sede na cidade de Vigo e ó final foise á cidade de Pontevedra o Número Dous. Cousas que teñen os boletíns. A min non me custou nada recoñecer a existencia do boletín, foi o primeiro que lle dixen. Agora que tamén lle digo que espero que o que ven no Boletín se converta en realidade.

Efectivamente, non só vai entrar en funcionamento o Xulgado do Mercantil na cidade da Coruña o 1 de abril, senón tamén en Málaga, Sevilla, Zaragoza, Valladolid,

Valencia, Madrid e Murcia. O resto, As Palmas de Gran Canaria, Badajoz, Alicante con sede en Elche, Pontevedra con sede en Vigo e Burgos, non só en cidades que non son capitais de provincia, senón tamén en cidades que son capitais de provincia poranse en funcionamento en data aínda por determinar polo Ministerio de Xustiza dentro deste mesmo ano. Esperemos que sexa certo.

Para nada son pesimista, son realista e a realidade é que ata o momento nin Oficina do Rexistro Mercantil, nin Xulgado do Mercantil, nin o tan demandado Xulgado de Familia e a situación da Xustiza en Vigo cada vez está máis agravada, a crise chega mesmo ós Xulgados de Garda. Funcionarios e xuristas atribúen á mala situación económica o aumento de delitos de roubo en coches ou pisos e atracos que sobrecargan o día a día ós xuíces. Cremos que a situación non aguanta moito máis.

No seu día vostede, non sei non sei con que motivación, dicía no debate que mantivemos que pola parte do Ministerio de Xustiza estaba en fase de informes preceptivos o que será o anteproxecto de Lei de planta e demarcación xudicial. O certo é que non foi necesaria unha nova Lei de planta e demarcación xudicial senón que, como lle manifestabamos nós, cun Real decreto, como é o caso, se podería modificar esta e polo tanto crear o tan demandado xulgado. Todo o antedito implica que o Partido Socialista estivo retardando a posta en marcha do Xulgado do Mercantil en Vigo sen ningún motivo.

Aludía antes a que se reclamara dende o goberno municipal no mandato anterior. Efectivamente así foi, como tamén no Senado e recentemente no Congreso dos Deputados pero sempre nos atopamos co voto en contra do Partido Socialista. Que casualidade que sempre sexan os mesmos. Non veña dicir que teño dúbidas porque o de “o máis axiña” significa que “feitos son amores e non boas razóns”.

Non vou cambiar o texto da moción. A outra vez pasou o mesmo, estaban conformes coa moción pero quizais non coa redacción do texto. Esta vez están conformes coa redacción do texto pero non coa moción. É curioso, teñen un verdadeiro problema.

O que queremos é que se comprometan coa cidade e que efectivamente se poña en marcha o Xulgado do Mercantil antes do mes de xuño. Iso ten a súa lóxica, non é unha data elixida ó chou porque logo se entra nas vacacións xudiciais e ata o mes de setembro non se inaugura o novo curso xudicial. Non quero facer o mesmo que fixo antes a súa compañeira, Sra. Díaz, co tema dos economistas pero un, que non sabe sumar e vostede que semella que non estudou Dereito, semella que é unha dificultade que ten.

O caso é que pedimos que este Pleno reclame do Ministerio de Xustiza o Xulgado do Mercantil antes desa data porque xa é algo urxente para a cidade de Vigo, os xulgados de Pontevedra están desbordados e xa non se pode aguantar máis. É máis, seguramente o único xulgado delegado nesta cidade non vai seren suficiente para acometer a carga de traballo que se lle vai vir enriba pero polo menos que se poña en marcha o máis axiña.

SR. LÓPEZ FONT: Cando queira facer un debate sobre a xustiza en xeral e sobre outros xulgados propoña unha moción ó efecto e debatémola. A súa moción, como sempre coa estratexia do Partido Popular, é sobre o Xulgado do Mercantil e o que non resiste é a contestación que lle dou sobre os feitos.

Non fai falla estudar Dereito aínda que tamén estudei unha parte do Dereito. Se vostede que estudou Dereito discute o que di o Boletín Oficial do Estado fíxese ata onde chegamos. Se vostede dubida do que di o BOE, estamos bos.

Non temos medo a fixar prazos. O prazo está fixado no BOE, Sr. Conde, di que ó longo do ano 2009 e acaba do ler vostede. Cada vez me di unha cousa. Nós non temos medo a fixar prazos porque normalmente somos os que cumprimos e en concreto sobre o Xulgado do Mercantil de Vigo. Cando pase o tempo, a historia dirá que se acadou con este goberno sendo Alcalde da cidade D. Abel Caballero. Non dirá que se acadou con anterioridade, dirá que era unha vella necesidade que se cumpriu con este goberno.

O Partido Socialista non retardou absolutamente nada en relación coa constitución do Xulgado do Mercantil, non me faga mencionar cal foi o voto no Consello Xeral do Poder Xudicial dos representantes conservadores porque posiblemente iso si que sexa contrario para os intereses da cidade.

Cae vostede na permanente contradición. Fai mención ás declaracións do Decano dos procuradores polas que di que se constituía o Xulgado do Mercantil o máis axiña posible, xusto o que eu lle propoño e vostede dime que non. Iso vai na súa cota de contradicións.

Insístolle en que estamos diante dun tema que nós levábamos en campaña electoral, no que fixemos todo o posible no ámbito institucional para o acadar e estamos diante dunha realidade, como ben dixo vostede, que está no Boletín Oficial do Estado do día 3 de marzo do ano 2009. Polo tanto non é que estea en desacordo e así llo dixen dende o primeiro momento, quería mellorar a redacción que vostede fai porque é

posible que se puidera intentar no mes de maio ou antes do que vostede propón, pero se non me quere aceptar a proposta da modificación non teña problema. Nós non temos medo ós prazos, estamos permanentemente reclamando do Ministerio de Xustiza que se constituía o antes posible porque non son vostedes os maiores defensores deste tema, fomos nós, acadámolo nós e polo tanto non se preocupe que aceptamos o texto que vostedes propoñen na moción co convencemento de que seguro que o Ministerio de Xustiza vai constituír este Xulgado do Mercantil no 2009 e será, como lle tentaba dicir, o máis axiña posible.

En último extremo esta moción confirma o que lle dicía ó primeiro, que o goberno municipal cumpre e en ocasións malia as incomprensións, escepticismos e pesimismos do Partido Popular. O Boletín Oficial do Estado de 3 de marzo de 2009 así o confirma.

SR. CONDE GIL: Curiosamente a data do Decreto é a mesma do día do inicio da campaña electoral: 13 de febreiro. Como tamén é curioso de que fale de que cumpriron e que me sinale a oficina do Rexistro do Mercantil. Imos facer un pouco de memoria.

No mes de xuño ou xullo do pasado ano 2008 o Sr. Alcalde dixo nunha das roldas de prensa diarias que dá que teriamos unha oficina do Rexistro Mercantil antes do remate do verán. Pasou o verán e tamén o inverno, estamos en primavera e onte, que lle fixen caso á Sra. Díaz e paseei pola cidade, a verdade é que non atopei o letreiro desa oficina por ningures. Pero é máis, o 11 de decembro pasado o Sr. Alcalde nun deses anuncios ós que nos ten acostumados nos volveu dicir: “Vigo terá en marzo unha oficina delegada do Rexistro Mercantil” e afirmaba que no mes de xaneiro ía aparecer anunciada a creación desa oficina delegada no Boletín Oficial do Estado. Estamos a piques de rematar o mes de marzo e aínda non apareceu o anuncio, esa oficina delegada non está, nin se espera, nin se ve por ningures.

Saco este tema porque din que sempre cumpren todo e a verdade é que non é así. Aínda que como menten, cumpren coa mentira que dixeron.

Outro deses cumprimentos é a famosa carta municipal para seren unha capital que curiosamente viña hoxe nun medio de comunicación. Nós presentamos unha moción o 29 de setembro do pasado ano, tamén se dixo que inmediatamente ía seren posta en circulación, estamos no mes de marzo do ano 2009 e ata esta data ren de ren.

Dixo que lembremos que acadamos a maioría do que pediamos, que xa están

concedidos a delegación do Rexistro Mercantil e o Xulgado do Mercantil. Isto é absolutamente falso porque non está concedida a oficina delegada do Rexistro Mercantil e o Xulgado do Mercantil está nun Real decreto que esperemos que ó final se concrete e chegue antes desa data que di vostede que está sinalada. Eu non sabía que deixar sen data unha cousa é sinalar unha data. Claro que se entende que antes do 31 de decembro, pero unha data é a que se dá no caso da Coruña, de Sevilla, Zaragoza, Valladolid, Valencia ou os tres xulgados de Madrid, ou o de Murcia que se di que van ser postos en marcha antes do 1 de abril. Iso é poñer unha data, o resto é deixalos "sine die".

Quizais cando se facían estas cousas o Sr. Bermejo estaba máis ocupado en cazar muflóns por Andalucía, aínda que el dicía que era Castilla-La Mancha. Xa levou o seu. Esperemos que o Sr. Caamaño xa que é galego cumpra con este Real decreto, que dado que é o novo Ministro de Xustiza non se volva atrás e, xa que di vostede que sempre cumpren, que dunha vez por todas sexa verdade porque a cidade o necesita. Alégame que polo menos estean de acordo en votar a favor a moción ou polo menos polo que dixo se entende así.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, relativa a instar ó Ministerio de Xustiza a posta en funcionamento do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra con sede en Vigo antes do mes de xuño.

9.- (50).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO REALIZAR UNHA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA QUE A PARTIDA ORZAMENTARIA DESTINADA Á UNIVERSIADA 2015, PASE Ó CAPÍTULO VI (INVESTIMENTOS) PARA EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de marzo de 2009, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"O documento orzamentario municipal para o presente exercizo, aprobado definitivamente o pasado mes de decembro, recollía na partida 1112.227.06.03 unha dotación económica de 500.000 euros para a "Promoción e presentación Universiada 2015"

Na reunión mantida o pasado día 13 de marzo entre o Concello de Vigo e membros da plataforma cidadá pro-Universiada decidiuse non continuar co proxecto de presentación de candidatura de Vigo á Universiada 2015, diante das nulas posibilidades de vencer ou rendabilizar os gastos que se producirían.

Diante destes feitos e cara a que esa dotación orzamentaria se adique, en verdade, a fins relacionados co deporte, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que tome o acordo que segue:

Que o goberno local realice unha modificación de crédito para que a partida orzamentaria 1112.227.06.03 denominada "Promoción e presentación Universiada 2015" e dotada con 500.000 euros, pase do capítulo II (gasto corrente) ao capítulo VI (investimentos) dos actuais orzamentos e se sume así, á partida na que se recollan investimentos en equipamentos deportivos".

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 23 de marzo, tomou coñecemento do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: O pasado 13 de marzo reuniuse a plataforma cidadá da Universiada para retirar a candidatura de Vigo á Universiada 2015 a proposta do Tenente de Alcalde aducindo dúas razóns fundamentais. En primeiro lugar a presentación de Granada ós Xogos de Inverno, xa que unha candidatura española a estes xogos resta as posibilidades de que Vigo sexa candidata ós xogos de verán. En segundo lugar polas nulas posibilidades de vencer e facer rendible o investimento que se puidera facer dado que estamos nun contexto económico pouco propicio para embarcar en grandes investimentos sen que estea garantido o retorno.

Iso precisamente era o que o Partido Popular aducía na elaboración do orzamento cando se presentou neste Pleno no mes de decembro e que por parte do Goberno se creaba unha partida de 550.000 euros precisamente para promoción e presentación da Universiada 2015, que este partido propuxo que se pasara ó capítulo VI de investimentos en infraestruturas deportivas para poder presentar unha candidatura sólida, con investimentos realizados ou iniciados.

O goberno presentou unha alegación na que se restaban 50.000 euros deses 550.000 para promoción e presentación da Universiada con destino a outros fins sociais, como tamén apuntaba o Partido Popular, pero mantiña eses 500.000 euros para a

Universiada a pesar de que o contexto económico era caótico e España e Vigo estaban nunha situación de crise igual que hoxe. Presentamos esa alegación suprimindo 50.000 euros no capítulo II para pasalos ó capítulo VI que non foi aceptada polo Goberno municipal.

A día de hoxe, unha vez que neste mes de marzo o propio Goberno decidiu retirar esta candidatura, consideramos que hai moitos gastos necesarios en que poder utilizar estes 500.000 euros. Poderían ser políticas sociais, de emprego, pero por coherencia co noso discurso nese Pleno de orzamentos e pola alegación que presentou o Partido Popular no mes de decembro, propoñemos a este Pleno que o goberno local realice unha modificación de crédito para que a partida orzamentaria 1112.227.06.03 denominada "Promoción e presentación Universiada 2015" e dotada con 500.000 euros, pase do capítulo II (gasto corrente) ao capítulo VI (investimentos) dos actuais orzamentos e se sume así á partida na que se recollan investimentos en equipamentos deportivos.

Nin sequera matizamos en que tipo de de investimento, deixámolo á potestade do Goberno pero consideramos que neste intre non ten ningún sentido manter esta partida no capítulo II unha vez que se tomou a decisión de retirar a candidatura de 2015.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A verdade é que está moi ben que veña esta moción hoxe ó Pleno e agradézoos ó Partido Popular porque nos vai permitir falar dun tema dos que vostedes falan bastante nos últimos días e polo menos cara ós cidadáns, que son os que a nós máis nos preocupan, vainos permitir aclarar certas cousas.

En primeiro lugar a proposta de retirar a candidatura de Vigo non foi do Tenente de Alcalde, foi do Goberno municipal e da Universidade de Vigo o que hai que ter claro. Non se retirou porque existiran nulas posibilidades de acadar a vitoria en canto as infraestruturas deportivas, senón como ben se explicou nesa plataforma retirouse habida conta de que se presenta Granada para a Universiada de Inverno e polo tanto é practicamente imposible que a dúas cidades dun mesmo estado se lles conceda a Universiada no mesmo ano.

Por suposto que cando este Goberno municipal presenta esa partida de 500.000 euros nos orzamentos non se sabía aínda nin que se ía presentar Granada nin que outras cidades ían facelo, ó mellor a Sra. molares si o sabía. Naquel intre Vigo contaba con todas e cada unha das posibilidades igual que contou da outra volta, no

momento da súa proposta. Por iso e non por unha irresponsabilidade puxemos esa partida.

Tamén por responsabilidade política, cando sabemos que é moi difícil que a dúas cidades dun mesmo estado se lles conceda a Universiada no mesmo ano, propoñemos xunto coa Universidade a retirada. Iso é o que aconteceu, cando vostedes propuxeron a retirada desa partida evidentemente non se sabía o que ía pasar logo. Agora se demostra que vostedes nunca apostaron por un proxecto tan importante para esta cidade como era a Universiada.

Sra. Molares, permítame que lle diga que hai moito de hipocrisía política na súa actuación, que non persoal. Digo isto porque o Partido Popular di cousas que non dixo nun primeiro momento e que eu llo agradecín publicamente. O Partido Popular como forza política na oposición foi tratado cun respecto exquisito pola organización da Universiada. En dúas ocasións vostede acompañou á delegación para se entrevistar cos representantes internacionais da Federación. Como non podía ser doutro xeito porque nós sabemos respectar ás forzas políticas, formou parte tamén da delegación que fixo a presentación en Bruxelas da nosa candidatura.

Quero dicir aquí que o día que saímos desa presentación, cando a algunhas das persoas que asistiron se lles caían literalmente as bágoas de emoción, diante de testemuñas vostede felicítoume a min e ó equipo presentador pola gran presentación que acabábamos de ter na cidade de Bruxelas, cousa que tamén lle agradecín. Como política vostede estaba traballando por esta cidade, como estábamos traballando todos.

Dicir agora como dixeron que só vendimos fume, permítame dicir que é unha hipocrisía política. Vostede estalle faltando ó respecto con esa afirmación non ó BNG nin ó Tenente de Alcalde nin ó Goberno desta cidade que iso se me apura case que é o de menos. Estalle faltado ó respecto a unha plataforma cidadá formada polos sindicatos desta cidade, pola Federación de Veciños, pola Cámara de Comercio, por empresas como Pescanova, Citroën, pola propia Universidade, porque esa plataforma cidadá dende o primeiro momento apoiou este proxecto, sen lugar a dúbidas logo do analizar porque creron, como vostede cría naquel intre, que era un proxecto respectable e que cumpría todos os requisitos.

Pero tamén lle falta vostede ó respecto á cidadanía, ós vigueses e viguesas que se envorcaron con este proxecto, que o arrouparon con ilusión. Quere vostede dicir que os vigueses e vigueses que colgaron a súa bandeira nos balcóns, que asistiron en

masa a unha marcha ciclista en apoio á Universiada, igual que fixo vostede cousa que tamén lle agradezo, estaban apostando por un proxecto de fume? Non Sra. Molaes, a cidadanía, a plataforma cidadá e este Goberno apostaron por un proxecto que como poucos conseguiu poñer a Vigo no mapa internacional do mundo deportivo como nunca estivera. Conseguiu ademais retornos económicos xa importantes para esta cidade.

Por estar aí e por estar traballando coa Federación Internacional esta cidade vai poder ter no 2010 o Foro Mundial da FISU, máis de 400 persoas de cincuenta países distintos van estar na nosa cidade. No 2010 na nosa cidade vai haber o campionato do mundo universitario de taekwondo, máis de 600 deportistas de 60 países.

Vostede botaba en cara a este Goberno que non promocionábase Vigo; isto é promocionar Vigo, é traer eventos e retorno económico para a cidade e iso conséguese estando aí, presentando proxectos serios. Dicar que Vigo vendeu fume é faltar ó respecto a un organismo no que vostede traballou, o Consello Superior de Deportes que nos deu a súa convalidación para este proxecto.

Di que hai nulas posibilidades diante de que nos faltan as infraestruturas fundamentais. Voulle dicir unha cousa sen querer comparar pero si no concepto. A pesar de que a invitamos a todos os sitios vostede aínda non se decatou do por que unha cidade se presenta a ser sede dun acontecemento deportivo coma este. Un dos obxectivos para que unha cidade se presente é precisamente que gracias a esa sede se poidan mellorar as súas infraestruturas deportivas e voulle poñer un exemplo.

Madrid entón terá nulas posibilidades de acadar a súa nominación no 2016 e en Madrid non gobernamos nós. A cidade de Madrid preséntase a unhas Olimpíadas e das 27 sedes que presentou no seu expediente ten que crear ou reformar 20; só sete sedes non necesitan remodelación. Non o digo eu, dio a páxina web da candidatura ás olimpíadas de Madrid.

Non eran nulas as posibilidades, tiñamos todas as posibilidades do mundo e vostede foi quen de comprobar que o noso proxecto non era nin mellor nin peor que os de Kazán ou de Gwangju. Si tivo oportunidade de comprobar e así o recoñecemos, que seguramente a cidade de Kazán fixera un traballo que nós pola falla de tempo non puidemos facer como foron os contactos internacionais. Non vendimos fume, vendimos un proxecto importante.

Na súa moción vostede di que se cambien eses 500.000 euros para infraestruturas deportivas. Este Goberno sabe perfectamente como xestionar, a miña compañeira

Raquel acaba de demostrar perfectamente no anterior punto. Sabemos como xestionar e como executar os orzamentos, polo tanto non necesitamos que o partido Popular nos diga como porque xa nolo dixo nas emendas dos orzamentos. Non o imos facer porque este Goberno en infraestruturas deportivas no propio orzamento, que é onde o hai que contemplar, xa ten cumpridos os deberes nestes dous anos de goberno.

Cumprimos os deberes poñendo enriba dos nosos orzamentos máis de tres millóns de euros para reformar e ampliar as nosas infraestruturas deportivas. Como vostedes fixeron tamén no seu Goberno, mire a diferenza que hai entre vostede máis eu recoñecéndolle que vostedes tamén tiveron investimentos. Temos os deberes cumpridos en campos de herba sintética, co novo pavillón de Candeán, coa grada do Meixoeiro, co arranxo de todas as estruturas dos pavillóns, co arranxo das pistas que están nos barrios e parroquias, etc. Temos xa un orzamento e temos ademais traballado con outras administracións que invisten en Vigo para acadar máis investimentos en infraestruturas deportivas.

Falemos de infraestruturas deportivas e non sexamos demagóxicos nin utilicemos esas infraestruturas como arma electoralista. Volvo retar á Deputación Provincial e á Sra. Porro que en lugar deses 500.000 euros que vostede di que cambiemos, nos dean os vinte e cinco millóns de euros prometidos en campaña electoral. O proxecto de Navia para o que vostedes querían dalos xa está iniciado. Cando imos asinar o convenio? Mañá mesmo me sento eu, o Alcalde ou o concelleiro de Deportes, da igual, co Sr. Louzán e asinamos o convenio para investir nesta cidade os 25 millóns de euros prometidos. O Sr. Louzán ten unha carta dende hai moito tempo na que lle dicimos que estamos encantados, pero evidentemente a día de hoxe, logo de case dous meses, a esa carta non hai resposta como non a houbo nestes dous anos.

Agora que hai unha nova cor política no Goberno pódese falar de infraestruturas deportivas e, sabe vostede cantos euros investiu a Deputación nestes anos de goberno BNG-PSOE? Cero euros. Iso chámase e os cidadáns así o entenden xogar demagóxica e electoralmente cos investimentos e coas infraestruturas deportivas. O proxecto da Universiada non foi nin demagóxico nin electoralista, foi un proceso e un proxecto que concitou a unidade nesta cidade, Sra. Molares, e iso é algo moi importante, do que vostedes agora se descolgan evidentemente por oportunismo político.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sr. Domínguez Olveira, acúsame de hipocrisía política e de demagogia, por suposto a nivel político que non persoal. Podo asegurarlle que tampouco esta moción nin a crítica que puidese ter feito publicamente foron a nivel persoal contra vostede. É contra este Goberno e porque a miña función é a de oposición: controlar e fiscalizar ó Goberno. Por suposto que tamén apoialo cando é necesario e coherentemente é o que fixen, non podía ser doutro xeito.

Esta moción fíxena eu e tamén estiven presente nós actos ós que me invitaron da Universiada que por certo non foron todos, e esa cortesía política agradecémola. Invitáronnos a outras cousas como foi FITUR ou unha viaxe a Bos Aires ás que non fomos porque considerabamos que o noso apoio non era necesario. Na Universiada consideramos que si era necesario e por coherencia estivemos con vostedes sen saber sequera o que ían presentar, démoslles o noso apoio incondicional como fixo o resto da cidadanía, como fixeron sindicatos, empresarios, porque o considerabamos un proxecto de cidade.

Na editorial dalgún periódico dicíase: "Un apoio indiscutible e unha imaxe de unidade eran imprescindibles para poder chegar á elección con algunha posibilidade de éxito". Nós entendémolo así, o Partido Popular consideraba que unha Universiada era importante para a cidade de Vigo, quizais enfocabámolo de forma diferente o Partido Popular e o Goberno. Nós entendíamos que unha Universiada era un medio para conseguir un fin que eran as infraestruturas deportivas na cidade. Dende o noso punto de vista este Goberno quizais considerou que a Universiada era un fin en si mesmo e quizais ese é o posicionamento diferente entre os uns e os outros.

Non me cualifique a min de hipócrita e de demagóxica cando realmente o que está facendo vostede é demagogia. Non me poña a min en contra dos sindicatos, dos empresarios, da cidadanía porque se alega que esas bandeiras as colocaron moitos cidadáns, eu tamén a tiven na fiestra da miña casa e tamén participei nesa marcha ciclista porque consideraba que era a miña obriga, a obriga do Partido Popular co resto dos cidadáns.

Se lle acusamos de vender fume é precisamente porque ese depósito de confianza do Partido Popular, de todos os Grupos do Goberno e tamén da cidadanía, dende o noso punto de vista vostedes non o souberon xestionar correctamente, dun xeito eficiente e eficaz. Iso é o que lle dicimos neste intre.

Outra cousa distinta sería se nesa plataforma cidadá se decidira como, de que forma, de que xeito se utilizara e se xestionara esa candidatura pero a plataforma, co

partido Popular que tamén está presente nela, dixo si á Universiada, non a como, en que condicións e como se presentaba, no dixo como se gastaban os cartos que utilizaron para esa candidatura. Se fose una decisión conxunta desa plataforma claro que hoxe eu debería estar calada, pero o único que fixemos foi prestarlle o noso apoio incondicional para que fixeran o que consideraran necesario para obter un éxito: a Universiada.

Pódolle garantir que nós non o xestionariamos do mesmo xeito e tampouco o enfocariamos do mesmo xeito, o seu proxecto non era o noso. Vostedes presentaban instalacións para utilizar como a reforma de Balaídos ou o proxecto de Cidade do Deporto que discrepaba notablemente co proxecto que presentara e sobre o que traballara o Partido Popular, era un proxecto diferente. O noso proxecto da Cidade do Deporte considerámolo consensuado con todos os axentes deportivos e non é o mesmo que se presentou na candidatura de Bruxelas na que, alegando que era un proxecto ecolóxico, se facía un espazo deportivo para diferentes deportes e unha piscina. O noso era totalmente diferente pero nós somos conscientes de que neste intre somos oposición e vostedes Goberno polo tanto non íamos impoñer que o noso proxecto de Cidade do Deporte fose o de seu, é obvio, vostedes tiñan a capacidade de decidir.

Por tanto tamén teñen a capacidade de responder á cidadanía do resultado e da xestión desa Universiada 2013 e sobre todo o que centramos nesta moción: que seguir facendo cos recursos públicos. Non hai demagogia. Dígolle con sinceridade que a nosa postura foi totalmente coherente. Fomos onde nos pediron que fósemos para dar maior consistencia a esa candidatura e non creo que polo Partido Popular houbera a máis mínima crítica que cara o exterior imposibilitara que esta candidatura 2013 se conseguira. Coido que o fixemos dun xeito leal, penso que mesmo máis leal que o propio socio do Goberno, o Partido Socialista.

Eu non digo que vostede non puxera ilusión, ganas e que o tentara con todas as súas forzas pero coidamos que non se fixo correctamente, que no que había que traballar era nas infraestruturas deportivas e avanzar nese sentido. Que me diga agora que ten nulas posibilidades de vencer e de rendibilizar ese investimento, non é que o diga eu, leo titulares de xornais que así o din.

De todos os xeitos e unha vez que non saíu gañadora a cidade na Universidade 2013, inmediatamente e no seguinte Pleno o Partido Popular presentou unha moción para que o Goberno empezara por onde nós criamos que se debería para se presentar a

unha Universiada 2013, 2015 ou a que sexa: por facer infraestrutura deportiva porque ademais consideramos que é o obxectivo fundamental que nos ten que levar a acadar unha Universiada ou calquera outro evento deportivo. Ademais da publicidade e da promoción, que non imos dicir que non esteamos de acordo, claro que estamos, tamén nós o fixemos nese sentido cando gobernábamos, tentar a través de eventos deportivos facer publicidade e que se promocionara a cidade de Vigo.

Presentamos unha moción neste Pleno no mes de xuño para que se conseguira por parte do Goberno un convenio coa administración da Xunta de Galicia para facer infraestrutura deportiva e consideramos que neste case ano que pasou non fixeron absolutamente nada, por iso dicíamos que vendían fume porque se presentaron ó 2013 só cun proxecto moi envolvido pero sen infraestruturas deportivas ou polo menos proxectos que tiveran unha realidade próxima.

Non o digo só eu que o dixeron todos os medios de comunicación, televisión, prensa, radio, coido que un dos puntos febles deste proxecto era a falla de implicación por quen o tiña que apoiar, o Presidente da Xunta de Galicia e ata don Anxo Quintana que non demostraron o suficiente apoio para este importante investimento. Pedimos ese convenio e non se fixo nada neste case ano que transcorreu, non se deu ningún paso para acadar que se fixeran esas infraestruturas deportivas.

Fálame da Deputación Provincial. A Deputación investiu na cidade de Vigo en materia deportiva; o proxecto de Navia coido que daría para outra moción do que presentou a Deputación Provincial e o que fixeron vostedes con ese Plan Zapatero que en infraestrutura deportiva parece que para o único que se utilizou foi para facer un campo de fútbol e un pavillón. Por certo, vostede foi director xeral de Deportes e tamén membro desta Corporación e sabe que en canto ó campo de fútbol xa se tiña asinado un convenio coa Xunta de Galicia na época na que gobernaba o Partido Popular para facer ese campo de herba sintética en Navia e mentres vostede foi director xeral non fixo nada para que se executara.

Coido que é un dispendio dos recursos públicos porque se xa había un convenio asinado na Xunta de Goberno para facer ese campo de herba sintética con recursos da Xunta de Galicia, que o utilizemos agora co Plan Zapatero porque os cartos dese plan son de todos e todas, pagado cos nosos impostos, polo tanto non ven do Sr. Zapatero, ven de que esa débeda que imos adquirir co ese plan a imos ter que pagar durante bastante tempo, por tanto canto máis eficaz e eficiente sexa o uso que se lle

dea a eses cartos, mellor.

Encantaríame que nese Plan Zapatero houbera máis investimento deportiva e que se utilizara para poder presentar nesta Universiada 2014 un proxecto máis sólido. Aínda que non nos presentásemos a esa Universiada, coido que estará de acordo comigo porque sei que vostede tamén sente o mundo do deporte, o importante é que haxa máis infraestrutura deportiva na cidade de Vigo.

Pero a realidade é a que é. Vostede xunto co Sr. Alcalde son os únicos responsables de xestionar un millón de euros de remanentes de Tesourería que aprobou este Pleno, non é o Partido Popular porque non nos pediron a nosa opinión de como facer o gasto. Iso díxeno publicamente e dígoo aquí, coido que esa forma non foi nin a máis eficaz nin a máis eficiente. Dende o meu punto de vista considero que gastar 600.000 euros para presentar un expediente é moito diñeiro cando realmente as posibilidades que podía haber no momento no que o presentaron, aprobado xa o Plan Xeral, podía haber unha realidade, un apoio das institucións detrás para desenvolver esas infraestruturas deportivas.

Pero un ano máis tarde teño moi claro de que non había ese apoio detrás porque logo de aprobar un convenio por unanimidade neste Pleno seguimos sen ter nada asinado para desenvolver infraestrutura deportiva na cidade e para mi iso é o fundamental.

Neste intre é absurdo ter eses 500.000 euros no presuposto para gasto corrente cando vostedes mesmos dixeron que renunciaban porque o obxecto para o que están eses cartos postos no presuposto desapareceu. Estamos a darlle unha alternativa que xa dimos nos presupostos no mes de decembro e vostedes dixéronnos que se ían presentar e que tiñan opcións. Por suposto que eu non son adiviña, non sabía que Granada ía presentarse e que as opcións diminuían. O que está claro é que neste momento gastamos un millón de euros de remanentes de Tesourería, segundo a súa información outros 500.000 doutras administracións ou institucións e eses gastos esfumáronse. Eu criticáballe e a iso me refiro a vender fume, que gastouse moito en envolver o proxecto, é como se lle facemos un regalo a alguén e lle metemos unha pedra nunha caixa moi ben envolvida.

Non llo digo criticando a nivel persoal senón como Goberno porque esa é o meu labor e a miña obriga a pesar de ir e apoialo. Eu non apoiei como o presentaron, non apoiei que gastaran 92.800 euros en facer ese proxecto ou en contratar o traballo dun profesional que nos dicía que a Universiada non tería déficit nin lle custaría un euro ós cidadáns. Está claro que si nos custou só presentármolos, só a candidatura e diso

é vostede responsable, tanto se saíra ben como mal. E o Alcalde con vostede que para iso é o Alcalde da cidade.

Ese era o proxecto do BNG, era o seu proxecto, quizais por iso o Partido Socialista non se implicou o suficiente porque era poñerse vostede unha medalla. Para nós non, para nós era apoiar un proxecto de cidade e apoiámolo lealmente, pode crelo ou non, pódeme chamar hipócrita ou dicirme o que queira pero llo digo como o penso.

Neste intre, no momento no que estamos de situación económica, coidamos que o máis coherente é que ese diñeiro de gasto corrente que xa non ten ese fin pase a investimento. Vostede dime que xa saben como facer as cousas e como xestionalas. O Sr. Font que a min me parece moi sensato dentro dos que están nese lado bancada dicía esta fin de semana que a ver se o BNG ía ter os mesmos erros que tivera o bipartito.

Eu diríalle que non fose tan prepotente, non colla as malas costumes do Sr. Alcalde. Vostede sempre se caracterizou por dialogar e por escoitar. Coido que esta proposta da oposición é bastante coherente, tanto é así que cremos que debería ser utilizada para investimento deportivo. Se vostedes nos din que é mellor para gasto social ou para emprego tamén estaríamos de acordo. O que non queremos é que sigan 500.000 euros para promoción e presentación da Universiada 2015 porque xa non se vai presentar e cremos que hai moitos outros ámbitos onde gastalos.

Queremos que sexa neste Pleno onde se cambie. Claro que vostedes teñen a decisión e xa sei que se queda ese diñeiro no capítulo II do presuposto vostedes poden gastalo onde queiran, non o van deixar sen gastar, pero precisamente o que quero é que non o gasten onde vostedes queiran, quero que o gasten en algo que este Pleno diga. Teñen esa capacidade pero sei que se o gastan onde vostedes queren farano en publicidade e non quero iso, quero algo útil para a cidadanía por iso coido que é neste Pleno onde se debe facer ese cambio.

Vostedes son competentes para aceptar ou non esta moción pero coido que a miña responsabilidade coma oposición é dicirlles que o cambien para investimento deportivo para que cando presenten unha candidatura de ámbito deportivo teñamos algo de infraestrutura deportiva feita. Vostede dime que xa ten moita infraestrutura que fixeron nestes dous anos; decepcióname Sr. Domínguez porque, que fixeron neste tempo? Que ía no presuposto? Non me pode dicir que está satisfeito coa infraestrutura deportiva que se fixo nestes dous anos porque non se fixo nada.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Molares, non empece falando da Universiada e remate falando de min e dunhas declaracións. Non se escude no meu socio de Goberno para saír do xardín no que se meteu vostede soa. As decisións dun Goberno non se toman con máis ou menos ilusión; tómanse dentro do Goberno e somos responsables delas. Non me faga o xogo de palabras de falar de socios de Goberno e de partidos cando lle interesa e logo dicir que gastaron conxuntamente o Alcalde e o Tenente de Alcalde. Non vale.

O Partido Socialista estivo a favor do proxecto de Universiada igual que o Partido Popular e iso manifestárono vostedes. Non veñan agora con escusas sobre apoios. O Goberno da Xunta apoiou o proxecto de Universiada e tamén o fixo o Goberno central como vostede ben sabe porque foi testemuña diso.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sra. Molares, teño que lle recoñecer unha cousa. Decía que me gustaba que viñera este tema das infraestruturas deportivas porque vostede fala agora dun xeito completamente distinta ó que tivo a semana pasada e alégrame porque agora si que fala de concrecións políticas o que me parece moi ben. Fala tamén de cousas concretas que vostedes farían doutro xeito e iso ata llo podo aceptar, por iso me gustou a súa intervención porque eu son dos primeiros que de prepotencia nada, non é unha das características da miña vida e espero que non o sexa nunca.

Gustoume a súa intervención porque alomenos recoñeceu moitas cousas que a semana pasada nunhas declaracións moi pouco afortunadas non recoñeceu. Como de sabios é rectificar por iso lle digo que me gustou a súa intervención.

Evidentemente vostedes poden ter outro proxecto para a Cidade do Deporte, poden ter outro proxecto para Navia e é moi lexítimo que o teñan. Seguramente ese millón de euros o poderían gastar doutro xeito distinto, por suposto que si. Iso é o que tiña que ter dito vostede a semana pasada e non o que dixo, por iso me gusta a súa intervención.

A semana pasada vostede non dixo que o Partido Popular xestionaría de distinto xeito eses millóns de euros; dixo algo moi grave. Dixo que o que fixeramos nós fora eliminar eses millóns de euros de calquera fiscalización e por iso os desviamos á Fundación Vigo en Deporte, VIDE, para evitar calquera control fiscalizador. Se vostede puido quedarse nesa rolda de prensa coa anécdota de se a alguén se lle pagou un paquete de tabaco ou unha botella de viño, é porque todas e cada unha

das facturas estaban á súa disposición e puideron fotocopialas. Non só iso, ata as fotocopiaron para llas entregar ós medios de comunicación cousa que eu nunca faría. Sei que cando se traen a esta cidade invitados e hai que facer moita presión internacional, igual que vostede o sabe porque foi concelleira de Turismo e Deportes, hai certos gastos que son absolutamente claros pero aí están e por iso non os agachamos. Tamén por iso a semana pasada retáballe a vostedes que fagan o mesmo coas facturas da Volvo Ocean Race, preséntenas unha por unha, en que gastaron toda a promoción. Eu teño algunhas pero nunca vou caer no que caeron vostedes, nunca vou frivolizar con gastos irrelevantes porque sei que para facer a promoción da Volvo Ocean Race e a promoción desta cidade hai que facer cousas. Téñoas aquí, se quere logo ensinollas a vostede particularmente, non as vou fotocopiar a ningún medio de comunicación porque son e quero ser sempre responsable cos proxectos desta cidade.

Iso foi o que realmente me molestou e o que me agradou da súa intervención agora. Non se trata de eludir ningunha fiscalización. Cidade de Madrid, onde governa o Partido Popular: a Xunta Local de Goberno de Madrid acaba de aprobar dez millóns de euros para a Fundación Madrid 16 en concepto de promoción e difusión de Madrid como cidade candidata á organización dos Xogos Olímpicos. O Sr. Ruiz Gallardón en Madrid tamén quería eludir a fiscalización?

Iso era o que queríamos aclarar. Aquí non houbo ningún afán de eludir a fiscalización e vostedes tiveron todas as facturas. Claro que eu e máis o equipo organizador somos os responsables do que se gastou.

Vostede acudiu comigo a Bruxelas e mirou todo aquilo. Pedíralle que me contestara se vostede, nos viaxes que fixemos, nas ceas oficiais ás que acudiu veu algún tipo de dispendio por parte desta organización da Universiada. Se foi así, unha soa cuestión que lle parecera a vostede un dispendio pídolle que publicamente o diga.

Remato xa dicindo que ogallá nos puidéramos presentar a cidade de Vigo con todas as infraestruturas feitas pero como lle dicía antes ningunha cidade se presenta a unha candidatura deste tipo con todo feito, como xa lle citei o caso de Madrid. Recoñézolle que é vostede unha amante do deporte e que igual ca min quere as infraestruturas deportivas para esta cidade. Imos traballar conxuntamente.

Nós acadamos que a Xunta de Galicia asinase xa un convenio de máis de cinco millóns de euros para reformar as pistas de atletismo e para facer o pavillón de Candeán. Traballe conxuntamente connosco, eu voume con vostede e máis coa Sra.

Porro cando queiran ó novo Goberno da Xunta para que siga apostando por infraestruturas deportivas, imos cando queiran xunto ó Sr. Louzán. E voules dicir que con 500.000 euros non se arranxan as infraestruturas deportivas.

Con respecto á moción e para a súa tranquilidade voulle dicir algo. Vostede di que quitemos esa cantidade porque xa non vai haber Universiada. Evidentemente que non. Di que non se gasten como nós queiramos; si imos gastalos como nós queiramos pero eu lle cambio agora mesmo o sentido da moción e apróbolle unha moción que diga que deses 500.000 euros non vai ir nin un só para gastos de representación nin para publicidade. Apróbolle iso porque esa é a vontade deste Goberno e da Tenencia de Alcaldía. Se quere ese texto llo aprobamos.

SRA. MOLARES PÉREZ: Non sei por onde empezar pero o que teño máis a mano é o proxecto de convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción de infraestruturas deportivas, que levaron a unha recente Xunta de Goberno, na campaña electoral para ser máis exactos, que está sen pasar pola Xunta da Xunta de Galicia. É papel mollado. Para que estes cartos veñan á cidade de Vigo ten que o ratificar a Xunta da Xunta de Galicia.

Fálame do pavillón de Candeán pero se vemos o convenio di no punto 2º: "Para a execución das infraestruturas consistentes nun pavillón polideportivo en Candeán no marco do devandito convenio, o Concello de Vigo comprométese ó seu financiamento por importe total de 2.070.600 euros, polo que se solicita autorización de gasto polo importe total distribuído nas seguintes anualidades: 2009, 400.000; 2010, 1.000.000; 2011, 670.600". Metérono neste convenio coa Xunta de Galicia pero o vai pagar integramente o Concello de Vigo en tres anos. Este é o convenio ó que vostede apela para demostrar que están a traballar polas infraestruturas deportivas da cidade.

Eu non sei se a Sra. Porro está disposta ou non a ir con vostede ó novo Goberno da Xunta de Galicia ou ó da Deputación de Pontevedra. Eu dende logo lle digo aquí que non, eu non lle vou acompañar, o meu traballo é coma oposición, de apoio ó Goberno para reclamar infraestrutura deportiva para a cidade, pero se vostede como voceiro do BNG, como Tenente de Alcalde da cidade de Vigo, non foi quen neste último ano de conseguir nin unha soa infraestrutura deportiva para a cidade de Vigo, non me veña pedir agora a min, que son unha sinxela concelleira e voceira adxunta, que lle acompañe ó novo Goberno da Xunta de Galicia. Ó seu carón ten á Sra. Méndez que é unha magnífica deputada provincial. Dígalle que reclame na Deputación Provincial

esas infraestruturas deportivas.

Vostede foi director xeral de Deporte e a min si que me decepcionou, iso que nin sequera lle fixen unha oferta pública e agora me acusa de demagóxica. Por ter confiado en que vostede ía investir na cidade de Vigo sen que eu lle coartara como concelleira de Deportes e nin sequera cumpriu co convenio que asinara a anterior Xunta de Galicia e que lle podo asegurar que tiveron máis dun desgusto co anterior director xeral de Deportes para conseguir que o asinara e que a cidade de Vigo tivera infraestrutura deportiva. Con vostede fun máis condescendente porque cría que ía apostar polos investimentos na cidade de Vigo e non o fixo. Agora non veña pedirme a min que faga o que vostede nos seus cargos non foi quen de levar adiante.

Estou segura que tanto a Deputación como a Xunta de Galicia do Partido Popular sen que eu llo pida van ser o suficientemente xenerosos con esta cidade e daranlle o que Vigo necesita e require.

Fai referencia a unha rolda de prensa que dei recentemente. Nesa rolda de prensa dixen o mesmo que podo dicir hoxe, presentaba esta moción, dicía que non se gastaran eses 500.000 euros para a Universiada 2015 e aproveitei esa rolda de prensa para facer a fiscalización pública dunhas contas dun millón de euros que se aprobaron en Pleno de remanentes de Tesourería. Pedimos esas contas o 18 de xullo de 2008 e volvín pedilas o 16 de decembro do mesmo ano, cinco meses máis tarde. Pois me contesta o secretario o 16 de xaneiro dicindo que as teño á miña disposición na Intervención Xeral do Concello; o señor interventor díxome que o tiña que autorizar o Alcalde e estiveron esperando ata finais de xaneiro en que me deron acceso a ese expediente. Tardei en ver esas facturas sete meses.

Non me acuse de demagogia nin de hipocrisía porque a análise desas facturas podería telo feito en plena campaña electoral e entón si que me podería ter acusado de demagogia; esperei a que rematara a campaña para facer a análise da xestión dese millón de euros. Repito o que dixen nesa rolda de prensa: ese millón de euros eran cartos municipais, de remanentes de tesourería, non como nos convenios da Volvo que eran cartos de patrocinio doutras empresas. Á parte dese millóns de euros, segundo as contas que vostede facilitou os gastos son superiores, ó redor dun millón e medio. Pois dese outro medio millón eu non teño coñecemento. Por exemplo aquí non está a roupa que levamos a delegación porque a pagaría unha empresa; non teño coñecemento diso nin llo vou pedir.

O que non me parece lóxico é que se vostedes eran oposición e nós Goberno no ano

2005, cando se celebrou a Volvo e nese grupo sigue a estar a Sra. Méndez, paréceme un pouco estrafalario que agora que nós somos oposición e vostedes goberno fagan oposición do Goberno de 2005, fano cun pouco de atraso. Hai que gobernar e facer oposición. Se algo viron mal na xestión da Volvo era a súa obriga dicilo publicamente e facer todo aquilo que consideraran oportuno para unha mellor xestión dos recursos públicos.

Iso foi o que fixen eu nesa rolda de prensa, dicir e sigo dicindo que en vez da Fundación VIDE se podería ter xestionado ese millón de euros a través do propio presuposto municipal, a través da concellería de Deportes ou de Turismo. Decidiron facelo a través de VIDE e evidentemente nunha fundación non hai que pasar polos trámites polos que se pasa na administración pública, non hai ningún tipo de concurso de méritos e posibilidade de concorrencia de distintas empresas. Contratárono nas cantidades que quixeron e con quen quixeron.

Ademais nesa rolda de prensa dixen e repito que a seis empresas lle daban o 85% dese millón de euros e que seguramente, de se ter feito por concurso, poderían ter saído as mesmas empresas. Ó mellor non pero poderían ter presentado as súas opcións e quizais se podería ter aforrado cartos. As cantidades son o suficientemente importantes.

Tamén criticaba nesa rolda de prensa que o xeito de gastar os cartos non me parecía o máis correcto porque se gastaron máis de 400.000 euros en honorarios a un señor, a un equipo pero foi el quen dixo en rolda de prensa "A Universiada non terá déficit nin lle custará un euro ós cidadáns". Isto si que é mentira porque xa nos custou máis dun millón só a candidatura. A ese cerebro co seu equipo pagámoslle máis de 400.000 euros e o expediente saíunos en 153.000 euros separado en varias facturas. Iso foi o que critiquei.

De forma anecdótica tamén dicía que se podería ter un pouco de coidado, sobre todo cando asinaba o propio concelleiro de Deportes as facturas, dixen máis, 2,65 euros de tabaco, é unha cantidade ridícula, para que iso non aparecera nunha factura que pasa polo Concello de Vigo.

Sr. Domínguez, non acepto a súa modificación da moción porque non me fala de nada en concreto. Deixar eses 500.000 euros no presuposto municipal dende o meu punto de vista segue a ser que eses cartos se van utilizar de xeito pouco eficaz e pouco eficiente. No Partido Popular non nos parece que a forma de gastar ese millón de euros por este Goberno fose a mellor e por tanto o que pedimos é que ese medio

millón pasa a infraestrutura deportiva. Aceptaríamos unha moción que dixera a que partida concreta de asuntos sociais e mesmo poderíamos aceptar que eses cartos fosen para dar máis subvencións ós clubs da cidade.

O que non imos aceptar é que quede aí porque sabemos que vostedes nos enganarían e aínda que non fose directamente para publicidade e protocolo, sería indirectamente. Por tanto se o queren aprobar fágano e se non queren non.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Molares Pérez, instando realizar unha modificación de crédito para que a partida destinada á Universiada 2015 pase ó capítulo VI para equipamentos deportivos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (51).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A AXILIZACIÓN E APROBACIÓN DO PROXECTO ARQUITECTÓNICO DO EDIFICIO PARA FUTURA BIBLIOTECA DO ESTADO EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de marzo de 2009, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Larriba Leira Gil, formula a seguinte moción:

"Todos os grupos políticos desta Corporación teñen manifestado o seu interese en que Vigo posúa unha infraestrutura bibliotecaria á altura da cidade.

O Grupo Popular, por segunda vez nesta lexislatura, expón esta cuestión co obxecto de analizar a continuidade das accións emprendidas no anterior goberno de dona Corina Porro, no que fai á planificación da rede bibliotecaria de Vigo e á apertura

dunha biblioteca estatal.

No pasado mes de outubro, instamos ao goberno ao incremento orzamentario en materia de bibliotecas municipais, aumento que foi denegado. Chamamos agora a atención da Corporación sobre a segunda cuestión, a biblioteca do Estado.

A iniciativa de reclamar do goberno central unha biblioteca estatal para Vigo parte do Grupo Popular no ano 2005, pero ata o 2007 o Ministerio de Cultura non admitiu a necesidade desta infraestrutura cultural na cidade. Os orzamentos xerais do Estado para 2009 recollen finalmente unha partida orzamentaria específica para a súa posta en marcha de 1.350.000€. Pola súa banda, o Alcalde comprometeuse en prazos para a presentación do proxecto, o comezo das obras e mesmo a inauguración da biblioteca.

Pasa o tempo. Quedou superado, con moito, o prazo do primeiro dos compromisos e, o que é máis alarmante, a día de hoxe non só seguimos sen proxecto, senón que nin sequera está definido o emprazamento da biblioteca.

O que máis preocupa ao Grupo Popular non é tanto o incumprimento do goberno local, como que se estean poñendo en perigo os investimentos estatais na cidade, especialmente por se tratar de infraestruturas culturais que Vigo sempre reclamou.

Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación no Pleno dá Corporación:

Que o goberno local axilice a presentación e aprobación do proxecto arquitectónico do edificio que albergará a futura biblioteca do Estado en Vigo, co fin de que se poida poñer en marcha a súa execución."

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 23 de marzo, tomou coñecemento do contido da anterior moción.

A concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. MARIÑO MENDOZA: Imos votar a favor desta moción porque cremos que unha Biblioteca do Estado, máis que un proxecto de Goberno é un proxecto de cidade para todos os cidadáns e todos debemos traballar unidos para contar con este equipamento o antes posible pero tamén deixar claro que foi este Goberno quen acadou que Vigo fose a primeira cidade non capital de provincia que contase con esa biblioteca. Coido que é un gran labor deste Goberno e deste Alcalde que conseguiu pechar este gran proxecto para Vigo.

En canto a tramitación da biblioteca, estase traballando a cotío co Ministerio non só para que Vigo teña unha Biblioteca do Estado senón a mellor biblioteca que

poidamos ter. Todo vai a bo ritmo e coido que moi pronto poderemos contar con ela. Repito que penso que isto é un deses proxectos de cidade no que todos os grupos deberíamos estar comprometidos porque realmente para os cidadáns é máis que un proxecto político.

SRA. LARRIBA LEIRA: A cuestión de onde comezou a petición dunha Biblioteca Estatal para Vigo penso que é de todos coñecida e vostede sabe mellor que ninguén que esa Biblioteca pediuse polo Goberno da Sra. Porro e rexeitada pola anterior ministra de Cultura, dona Carmen Calvo, aludindo a que a cidade non era capital de provincia. Dez meses máis tarde, cun alcalde socialista, xa parece que é posible e xa recoñeceu que había outras cidades en España que non eran capital de provincia como Xixón, Orihuela, Mahón, Mérida ou Santiago que posúen unha Biblioteca Estatal. Penso que isto é ben coñecido de todos.

Coido que estamos en tres etapas. O triste é que estas tres etapas que marcan un pouco o emprazamento definitivo desta Biblioteca non van á velocidade de cruceiro como quería o Sr. Alcalde dende o comezo. En todo o ano 2007 o Concello ten a responsabilidade de buscar un emprazamento; analizaron a posibilidade de que fosen varios edificios da cidade os que a albergaran: o edificio da Alcaldía no Areal, o edificio do colexio Cluny, parece que finalmente se decantou como mellor posibilidade un edificio de nova construción o que ademais os técnicos dos ministerio de Cultura valoraron moi positivamente. Xa se sabe que adecuar edificios pre-existentes para os usos ben definidos que ten unha biblioteca sempre é moito máis difícil.

Ó longo do ano 2008 parece que todo o que se fixo foi estudos xeotérmicos e arquitectónicos para emprazar a biblioteca dentro do que sería a remodelación da praza do Rei. Mesmo estiveron iniciándose negociacións cos propietarios co obxecto de chegar a acordos de compra e non ter que acudir a un procedemento expropiatorio. De feito os presupostos xerais do Estado por vez primeira recollen de maneira específica o compromiso do Goberno Central para a construción desta biblioteca.

Pasou todo o ano 2008. É máis, logo do verán prevíase que o convenio que se ía asinar no 2007 co Ministerio de Cultura para facer a Biblioteca íase facer, cousa que tampouco se fixo. En 2009 arrincamos o ano e atopámonos coa noticia de que o arquitecto Moneo, encargado de remodelar a praza do Rei, non estima oportuno este

empresamento para a edificación da Biblioteca Central polo que entendemos que o proxecto queda paralizado. Nese momento o Alcalde fixo unha declaración dicindo que era cousa de quince días a proposta de novas situacións. Pasaron quince días e non se presentou ningunha situación alternativa. Entón se dixo que era mellor deixar pasar as eleccións municipais para que ningún partido da oposición puidera utilizar este argumento con fins electorais. Xa pasou un mes e a miña pregunta é se xa temos empresamento.

Alarman ó Grupo Popular as últimas noticias que o Ministerio de Cultura traslada á prensa facendo ver que o proxecto da Biblioteca do Estado non é definitivo e coido que neste intre o Goberno debería comprometerse en prazos. Nos meses que quedan para rematar o ano tense que aprobar un proxecto e tense que licitar a obra. Vostedes que planificación de tempos teñen para que ese presuposto xa asignado nos presupostos xerais do Estado non se perda? Esa é a nosa pregunta e non un brinde ó sol de que todos queremos a Biblioteca Estatal o que xa está claro senón que se definan unhas datas razoables para poder estar en prazo de beneficiarmos dos investimentos estatais.

SR. MARIÑO MENDOZA: Coido que xa o deixou completamente claro na súa intervención. Vostedes non foron quen de conseguir unha Biblioteca do Estado e este Goberno, dez meses logo como vostede ben dixo, si. Son as súas palabras e é o dato obxectivo.

Fala de que tivemos todo o ano 2007. Ata onde eu sei non estivemos gobernando esta cidade todo o ano. Logo di tamén que tivemos todo o ano 2008; se vostede coñece a situación que se propoñía para a biblioteca saberá que estaba pendente da aprobación do Plan Xeral que só foi efectiva a 28 de agosto, polo tanto tamén é mentira que tivéramos todo o ano 2008 porque non podemos actuar sobre un solo dotacional por expropiación mentres non teñamos o documento aprobado e regulado, polo tanto os prazos empezarán contar a partir do 28 de agosto de 2008, non durante todo o ano 2007 e 2008.

Si é certo que se valorou ese encaixe para o futuro proxecto do Concello de Vigo por parte do arquitecto a quen se lle encargaran os estudos e decidiuse que non parecía o lugar máis axeitado. A partir daí puxémonos traballar para localizar unha parcela e como vostede ben saberá porque coñece esta cidade é relativamente complicado encontrar unha parcela de 4.000 metros nunha zona céntrica da cidade que é onde

cremos que ten que estar esta instalación, ademais a un prezo que o Concello poida pagar.

De todos os xeitos eses traballos están moi avanzados e en poucos días coñecerase a situación dese edificio.

Non se parou de traballar dende o día seguinte da aprobación do Plan Xeral porque, repito, é un proxecto de cidade moito máis alá que un proxecto de Goberno.

SRA. LARRIBA LEIRA: Sr. Mariño, segue sen contestar á miña pregunta, eu pido prazos e vostede non da ningún. Tamén me pregunto se é imprescindible a opinión do arquitecto Moneo cando os técnicos do Ministerio e mesmo os municipais atopaban suficiente e mesmo idónea a parcela da praza do Rei.

Vostedes tamén faloron doutras posibles situacións, non remita todo ó Plan Xeral, pero vostede segue sen contestar.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, instando instando a axilización e presentación dun proxecto arquitectónico para o edificio da futura biblioteca do Estado en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (52).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO SE SOLICITE ÁS EMPRESAS ADXUDICATARIAS OS DOCUMENTOS DOS VEHÍCULOS QUE SE UTILICEN EN OBRAS DO CONCELLO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de marzo de 2009, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"A realización das humanizacións nas rúas da cidade de Vigo teñen levado ás empresas adxudicatarias das obras a realizar una contratación masiva de distintos vehículos e maquinaria para cumprir cos prazos que o Fondo Estatal de Inversión Local e Fondo especial do Estado para a Dinamización da Economía e do Emprego,

decreto Lei 9/2008, do 28 de novembro, estipulaban. Neste afán de aluguer de vehículos e maquinaria, descoidouse a legalidade, xa que algún deles non posúe os seguros necesarios para poder circular.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón o Pleno da Corporación do Concello de Vigo para a súa aprobación:

Que se solicite a todas as empresas adxudicatarias os documentos dos vehículos que se están utilizando nas obras que se realizan neste Concello."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 23 de marzo, tomou coñecemento do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Preséntase esta moción para proporcionar unha maior seguridade ós cidadáns de Vigo, para aqueles que conducen os seus vehículos e para os que camiñan por todas as nosas rúas pola masiva contratación de maquinaria e vehículos para a humanización de determinados viais movidas polo Fondo Estatal de Investimento Local e o Fondo Especial do Estado para a dinamización da economía de emprego, máis coñecido para todos como o plan que ía sacar do paro a este país e que nos levou a maior paro, a tres millóns e medio de persoas en paro.

Descoidouse a legalidade de todos estes vehículos xa que moitos deles circulan sen o seguro necesario para andar polas rúas da nosa cidade. A Lei de contratos do sector público xa estipula no artigo 198 a responsabilidade fronte a danos ocasionados de terceiros. Esta responsabilidade derivada da culpa da "in vigilante" da administración no que se refire á execución da obra, pode ocasionarnos determinados problemas económicos e doutra índole, así que esa culpa terá que ser daquelas persoas que gobernan. Son quen gobernan quen teñen a responsabilidade mesmo no momento de realizar o propio expediente, no caso de que esta reclamación sexa económica, terán eles que cuestionar esa responsabilidade.

Esta moción é fundamentalmente pola falla de seguridade que os cidadáns teñen á hora de circular polas rúas da nosa cidade, xa que a administración é a garante e que vostedes están obviando polo feito de cumprir prazos. O que vostedes non teñen que obviar é que o maior ben protexido á a seguridade dos cidadáns e non os prazos que estipulan as leis.

Solicitamos que todas as empresas adxudicatarias amosen eses documentos dos vehículos que utilizan nas humanización e nas obras que se están a realizar neste

Concello xa que en principio consideramos que algunhas carecen deles.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Como o Sr. Martiño falou deses tres millóns de parados, sinxelamente quería lembrarlle como empezou esta crise global e posiblemente sexa consecuencia das políticas neoliberais do Partido Popular que vostedes representan. Sorprendinme moito cando lin esta moción porque di: "Neste afán de aluguer de vehículos e de maquinaria, descoidouse a legalidade". Seguramente non sabe que para cada unha das obras se aproba un plan de seguridade na Xunta de Goberno Local; que todas as empresas que resultaron adxudicatarias das obras de humanizacións, tanto con cargo ó Fondo Estatal de Investimentos ou Plan Zapatero como ós investimentos que facemos, cumpren e teñen acreditada a súa solvencia técnica e a súa clasificación empresarial concedida pola Comunidade Autónoma ou pola Xunta de Galicia.

Contrólase absolutamente todo. A lista é longa pero lle vou falar dun plan de seguridade dunha soa rúa: identificación da obra, introdución, situación, promotor, contratista, director, autor do proxecto, autor do plan de seguridade, obxecto do plan de seguridade, variacións no plan de seguridade, memoria, características da obra, tipo de obra, prazo de execución, número estimado de traballadores, presuposto, proceso construtivo, servizos afectados, seguridade aplicada nas fases de execución da obra, medidas de prevención de riscos na utilización dos elementos auxiliares, máquinas (aquí coido que tamén entran coches), disposicións xerais de seguridade e saúde, requisitos previos ó inicios dos traballos, requisitos a cumprir durante os traballos, primeiros auxilios, asistencia sanitaria, emerxencias, prevención de incendios, instalacións, sinalizacións, equipos de traballo, instalación eléctrica, pregos de condicións, lexislación aplicable, condicións dos medios de protección, medidas de protección colectivas, medidas de protección individuais, prevención integrada, notificación de accidentes, estatísticas, índices, formación, nomeamento, etc.

Aínda é máis. Primeiro o risco edificativo, logo as medidas preventivas, caídas de obxectos, caída de obxectos desprendidos, atrapamentos entre obxectos, atropelos ou golpes cos vehículos... Todos os vehículos en obra cumprirán as normas de seguridade para maquinaria en obra e terán todos os dispositivos de seguridade pertinentes.

SR. MARIÑO GÓMEZ: Non nos lea o plan de prevención que xa o coñecemos.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Se o coñece entón si que me sorprende, entón si que xa non sei a que ven esta moción. Como xa me di que o coñece e eu si vou crer na súa palabra, non vou seguir lendo e o que lle vou propoñer é un texto alternativo que di "Esixírase o cumprimento dos plans de seguridade aprobados pola Xunta de Goberno Local", cousa que non pode ser doutro xeito porque esa esixencia está a facerse dende o primeiro momento. Se non, votaremos en contra.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Eu fixen máis de un deses plans de prevención por iso os coñezo. O que lle podo garantir e trato xa de ver como vou poder reducir as mocións para que as entenda, igual que o seu compañeiro o Sr. Font que tamén lle custa entendelas.

Repito o mesmo, os documentos dos vehículos son os documentos dos vehículos. Non estamos a falar do plan de prevención de riscos laborais que é unha cousa fronte ós vehículos en si.

Para non ir máis lonxe imos ver o que aconteceu o día 12 de febreiro que houbo unha colisión dun dúmper que vostede sabe que ten carga dianteira e traseira. Chocou cun vehículo que quedou sinistro total. Ese dúmper estaba traballando na rúa Coruña; non posuía seguro obrigatorio para circular pola rúa, non do plan de prevención de riscos laborais. Ese plan o que fai dalgún xeito e rexistrar as necesidades de seguridade desa maquinaria para a súa utilidade e non o seguro para circular pola cidade.

Estase a pasar por riba de moitos detalles nas obras que se están a realizar, temos moitos informes da Policía que fan referencia á falta de placas da maquinaria e vehículos pero este é o máis grave de todos porque a administración ten unha responsabilidade subsidiaria disto. A culpa "in vigilante" da administración neste sentido é excesivamente a maiores porque no caso de que acontecese un falecemento, esta compañía non ten seguro e así consta en atestados e no Xulgado, está nestes momentos no consorcio de seguros por non posuír seguro este vehículo que se utiliza para a humanización dunha rúa e a administración non ten coñecemento de que este vehículo subarrendado non ten o pertinente seguro para circular e realizar determinada obra.

Non falamos do que vostedes aproban en Xunta de Goberno, cousa da que teño claro

coñecemento. Falamos de algo que vai por riba diso que é que o propio vehículo necesita documentación. No expediente correspondente da Xunta de Goberno seguro que non aparece o permiso de circulación do vehículo, iso non é necesario nos plans de prevención e riscos laborais. O que si é necesario é que o vehículo teña unhas garantías para que non se ocasionen danos ó propio condutor.

Aquí estamos a falar dun dano causado a terceiros que a administración contempla na Lei de contratos do sector público, artigo 198.3, onde estipula a responsabilidade fronte ós danos e prexuízos causados a terceiros. Hai unha maquinaria que está fóra do control do Concello que é subsidiariamente responsable ou polo menos temos a culpa e non lle vou dar agora unha clase do que significa a culpa do descoñecemento porque o que temos que tratar é que non se produza esa culpa polo descoñecemento de que hai vehículos que circulan por estas rúas, causan danos, sinistros e por riba non teñen o seguro pertinente. Non me saque os planes de prevención que non teñen nada que ver con isto.

Non me quero meter con algo máis prexudicial como poden ser os TC1 e os TC2 que vostede coñece que son para controlar ós traballadores que están dentro das sub-contratas porque xa sabe vostede que no caso de que non figuren, xa non a colisión que poida ter un vehículo, o problema é que lle pase algo a algún traballador que non estea dentro deses parámetros, do TC2 que fai referencia ó número de traballadores e o TC1 ó pagamento correspondente da Seguridade Social.

Sra. Abelairas, a verdade é que non sei se considera vostede que é pouco importante o coñecemento por parte do Concello da necesidade de que todos os vehículos que traballen para este teñan o seguro pertinente, non a responsabilidade derivada do plan de prevención de riscos laborais, senón a prevención existente por parte dun seguro obrigatorio para circular polas estradas da cidade.

Sentíndoo moito, Sr. Abelairas, non podo cambiar o texto porque o que estamos solicitando dende esta bancada non é que se aplique o plan de prevención de riscos laborais. O que non podo entender é como vostede pode presumir dalgún xeito no sentido de que se está a aplicar cando hai vehículos que non teñen o seguro pertinente, fronte a outras compañías que ó mellor non licitan porque non poden ter asegurados todos os seus vehículos e hai unha clara diferenciación entre esas empresas que teñen todo en regra, que están legais e circulan legalmente, fronte a esas empresas que non o fan.

Estamos permitindo unha ilegalidade e a culpa do descoñecemento diso pode ser

subsidiariamente responsable fronte a nós e no caso de reclamación o Concello está obrigado a abrir expediente para a cuestión económica. No falemos xa de responsabilidades penais nas que xa non quero entrar, iso xa sería a debater noutra ocasión. O único que solicito e reitero é que todos os documentos dos vehículos que están utilizando nestas obras pasen a este Concello para ter coñecemento de cales están cumprindo a legalidade e cales non.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sabía que tiña que lelo todo porque eu non estou falando dun plan de riscos laborais, falo dun plan de seguridade. Por certo esquecín dicir lle que é un plan de seguridade que supervisan os tres sindicatos: Comisións, UXT e CIGA.

No apartado catro, onde fala de atropelos ou golpes con vehículos especifícase perfectamente todo: Todos os vehículos en obra cumprirán coas normas que establece a Lei. Ninguén está libre de que haxa un accidente pero dende o primeiro momento en que empeza a obra ata que remata hai unha supervisión, un plan de seguridade que contempla todos e cada un dos aspectos, cousas que nos poden parecer tan absurdas como poñerse un sinxelo chaleco que teñen a obriga do levar. Supervisado e controlado polos sindicatos.

Na moción que vostede presenta da por feito que se está a traballar sen ningún tipo de control. Se ten vostede a seguridade de que algunha empresa adxudicataria concreta non ten as cousas en regra, pídolle por favor que faga a denuncia pertinente.

Na miña proposta de texto alternativo falo de plans de seguridade, esixir o seu cumprimento. Non falo de plan de riscos laborais que é outra cousa distinta.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Xa lle dixen que si teño coñecemento porque lle narrei un feito así que teño a referencia e estou indicándolla. Cando vostede fala do plan de prevención efectivamente aparece pero fai referencia á propia obra, Sra. Abelairas, non ás posibles ocasións e sinistros producidos fóra da obra porque iso non o contempla ese plan.

Á parte xa se produciu un sinistro por iso lle indico que se está vulnerando a legalidade porque hai vehículos que están circulando sen o seguro necesario. Hai un atestado, un oficio que xa está a través dos seguros pertinentes. Produciuse un sinistro cunha maquina que está a traballar nunha humanización e non ten o seguro

pertinente para circular. Non tente vostede mesturalo cos plans de prevención ou de seguridade existentes para cada obra porque non ten nada que ver a obra no seu interior co que produce os resultados desa obra que é a culpa do descoñecemento. Sinto que sigamos sen ser garantes do maior ben que é a seguridade dos nosos cidadáns e evitando votar esta moción a favor, o que estamos evitando é ter control sobre aquela maquinaria e vehículos que non teñen a legalidade para andar por estas estradas e poder ocasionar danos, como xa aconteceu o día 12 de febreiro deste ano, non ter un seguro que dalgún xeito poida carrexar cos gastos que reverterán á Administración, non o dubide porque a administración ó final é subsidiaria, artigo 198 da Lei de contratos do sector público.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, instando solicitar ás empresas adxudicatarias a documentación correspondente ós vehículos que se utilicen en obras do Concello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (53).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO EXPLICACIÓNS DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE RELATIVAS Á COMPRA DO CAMIÓN ESCALEIRA DE BOMBEIROS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de marzo de 2009, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"As informacións públicas das últimas semanas sobre a compra por parte do Concello do último camión escaleira de bombeiros, preocúpanos xa que podería supoñer unha mala decisión por parte dos responsables da súa adquisición .

Todos temos lido e escoitado as denuncias que falan da falta de acerto na súa compra, xa que as características da escaleira no son precisamente as máis apropiadas para desenvolver a súa operatividade na nosa cidade.

Por outra banda a compra do camión por valor de 870.000 €, tampouco está exenta

de controversia xa que vehículos das mesmas características que operan noutras cidades de España resultaron máis baratos.

Entendendo que aínda que unha parte do valor do camión escaleira sexa subvencionado con diñeiro público a achega do Concello debería axustarse aos parámetros que definan a utilidade do vehículo para as condicións de Vigo e a un desembolso económico que marque os prezos do mercado.

Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que por parte do concelleiro de Seguridade se dean as oportunas explicacións sobre o procedemento de compra e características do último camión escaleira de bombeiros.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 23 de marzo, tomou coñecemento do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Nas últimas semanas tivemos coñecemento a través de informacións de medios de comunicación de determinadas adquisicións de material polos máximos responsables do Servizo de Extinción de Incendios, concretamente de determinados vehículos que, na opinión das denuncias que saltaron ós medios de comunicación e que nós seguimos con atención e preocupación, supoñen unha falla de operatividade e unha mala elección, concretamente un vehículo de salvamento en altura.

Parece ser que este vehículo custou 879.870 euros e sabemos con absoluta seguridade que noutras cidades española custou máis barato que aquí. Cando a súa presentación díxose que era o primeiro en España e parece ser que hai máis vehículos destas características.

Como ademais hai determinadas subvencións públicas que nos obrigan a ser escrupulosos co gasto, concretamente unhas primas dos seguros de UNESPA que tamén participan destas subvencións, instamos a que o concelleiro de Seguridade dea as oportunas explicacións sobre o procedemento de compra e características do último camión escaleira de Bombeiros.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Con moito gusto. Como sempre estou lixeiramente sorprendido porque o prego de condicións para a compra destes vehículos encetouse sendo vostedes goberno, aproximadamente en febreiro de 2007. Nese prego xa está marcado o que se pretende adquirir. Este vehículo adxudicouse o día 12 decembro de 2007 co voto unánime de todos os membros da Mesa de Contratación, entre eles o

representante do Partido Popular.

É dicir, é algo que empezan vostedes, votan e apoian vostedes na Mesa de Contratación e porque un delegado dun sindicato, nun corpo de Bombeiros no que hai catro sindicatos e un número moi importante de bombeiros, da unha opinión nos medios de comunicación, vostedes que só se decatan por eses medios, fan conclusións que obviamente en todo caso irían en contra de seu.

O procedemento de contratación foi moi claro. Presentáronse tres empresas, precisamente unha delas rexeitouse inmediatamente porque non cumpría os requisitos que esixía que fose normativa Euro4, polo importante tema dos niveis de emisión dos gases xerados pola combustión dos motores, cando a empresa propón Euro3, é dicir, non cumpre con algo que é vital no prego de condicións que vostedes marcaron no seu momento.

Quedan dúas empresas. Curiosamente destas empresas, mesmo a que se rexeitou, cando debatemos este tema na Mesa de Contratación ningunha tiña vehículos de semellantes características en ningunha cidade agás a que logo foi adxudicataria por parte deste Concello, que foi a empresa Iturri PF, foi a única que na realidade presentara vehículos cunha oferta semellante á esixida no prego técnico. As outras dúas empresas eran exclusivamente proxectos no papel.

O asombroso é que vostede mesmo fala dos prezos e supoño que logo me sacará algunha sorpresa desas cidades que teñen vehículos máis baratos, non o sei, pero dende logo si sei dunha cidade que se puxo coma exemplo porque ademais de ser posible se trataba de ir en contra do que nós presentamos no seu momento con toda rigorosidade, como o brazo articulado que cubría as alturas máis grandes de edificacións que existía no mercado en España.

A pesar de que logo se puxo o exemplo de Valencia, aproveito xa para comentar que ese proxecto de Valencia é moi interesante porque xusto se adxudicou en Valencia á empresa que non cumpriu esas condicións que citei e que se rexeitou de inmediato pola Mesa de Contratación. Ademais adxudicouse no ano 2004, supoño que cos prezos do ano 2004 porque esa empresa foi tan seria que tardou catro anos en realizar ese vehículo, cando nós obviamente tiñamos a completa seguridade de que no momento en que falamos o noso vehículo era o que máis altura presentaba.

Coido que se presentou un pouco antes que o noso, tamén con graves problemas na propia construción. Pero o máis interesante quizais é comentar que os prezos obviamente respondían a unha data que ten pouco que ver coa data de 2007 cando

se adxudicou aquí como vostedes saben e foron testemuñas.

O máis grave do asunto é que vostede non inclúe que nesta adxudicación non só se adxudicaba un vehículo cun brazo articulado para chegar á altura de 55 metros, senón que ademais se transformaba o vehículo antigo de brazo articulado, que cubría menos altura e que resultaba absolutamente antigo como vostede sabe; facíase ademais a obriga ás empresas que concursaban de que transformaran ese vehículo nun vehículo cisterna de gran capacidade, o que se chama un vehículo "nodriza" con capacidade de 13.000 litros. Todas as empresas que concursaron sabían que o tiñan que ofertar, aínda que no prego de condicións no seu momento non se puxo, que supón aproximadamente un prezo duns 100.000 euros.

Con isto coido ter contestado ó que se refire a cales foron os procedementos de compra, prezos e demais porque houbo absoluta claridade en canto ós prezos, ás condicións, cumprir as necesidades técnicas que viñan no prego de condicións e logo falarei da operatividade.

Polo tanto dicirlle que non responde en absoluto á realidade o que dicían no seu día os medios de comunicación por unha denuncia que posiblemente responde a outro tipo de motivos e que ten moi pouco que ver co que a maioría dos bombeiros entenden sobre este vehículo que realmente é un salto adiante moi importante para a seguridade fronte ó lume nesta cidade dado que ten a maior operatividade de todos os que se presentaban no concurso, por suposto. Xa non falo de outro que concursaba que tamén era un proxecto no papel que non respondía a ningunha realidade.

A operatividade era a maior dos que se presentaban dentro do que teñen que ser características técnicas moi similares neste tipo de vehículos, que obviamente son dunha grande operatividade técnica. Que todos nivelen aproximadamente a un 8% é algo absolutamente lóxico. O peso é o normal, unha tara de 36.000 kg é algo habitual que, a pesar do que dixeron debido a esa información nos medios, é un vehículo que pode circular por todas as vías principais de Vigo e mesmo pode acceder a moitos máis sitios que o anterior a pesar de que era moito máis reducido gracias a que este ten un eixo direccional traseiro que lle permite gañar catro metros de radio de xiro o que é moi importante nesta cidade.

O propio peso é algo absolutamente normal. Os vehículos de desterre que pasan polas nosas rúas todos os días para facer obras de construción, mesmo teñen unha tara maior, de 40.000 kg, a máis de que todos estes vehículos teñen características

semellantes.

Polo tanto, sobre o procedemento de compra e características do último camiión, mellores imposible aínda que, como acontece con todo este tipo de vehículos que pretenden innovar e ter a tecnoloxía máis punteira, evidentemente tamén ten problemas técnicos igual que tivo o de Valencia durante moito tempo. Estes problemas xa están resoltos, a factoría que os fai en Finlandia así nolo asegura e xa foron supervisados polo xefe de Bombeiros na propia Finlandia, por suposto con toda a garantía e todos os gastos con cargo á empresa subministradora.

Sen querer aburrir tecnicamente dinnos que as dimensións do cilindro telescópico son as que teñen causado un fenómeno hidráulico inesperado porque o que pretendían era conseguir a maior operatividade para este vehículo. Parece que xa o teñen resolto cambiando o material de aceiro do pistón e facendo unha nova biela. Pódolle asegurar que en pouco tempo imos ter o vehículo en perfectas condicións para que teñamos a maior seguridade nesta cidade a efectos do que todos pretendemos: que o Corpo de Bombeiros de Vigo, coa súa recentemente concedida Medalla de Ouro da Cidade, sega a ser tan efectivo como o foi ultimamente.

SR. COELLO BUFILL: Efectivamente nós votamos por unanimidade esa Medalla de Ouro que os Bombeiros levan dende hoxe na súa solapa, ben merecida dende hai xa moito tempo.

Sr. Calviño, a miña responsabilidade profesional obrígame a desmentir absolutamente que eu tivera algo que ver coa adquisición deste vehículo. Teño o prego de prescricións técnicas asinado polo Sr. Comesaña Alén con data 22 de decembro de 2006. Eu xa non estaba e non o vin na vida. Este prego tramitouse o 06.08.07 e eu non o mirei na miña vida.

Coido que vostede cre pouco no diálogo sindical porque sempre que hai algún problema, ben coa Policía ou ben cos bombeiros como é neste caso, descualifica a alguén, a algún bombeiro que ten representación sindical.

O vehículo que vostedes adquiriron nestes momentos está en Finlandia logo dunha magnífica travesía que tivo nunha gabarra. Iso vostede non o dixo. Cando se presentou o Sr. Alcalde dixo "Vigo ten o rescate máis alto de Europa. Os cidadáns vigueses xa poden durmir máis tranquilos posto que o Servizo de Extinción de Incendios de Vigo acaba de estrear o vehículo de rescate en altura de maior alcance de Europa". Este tipo de escaleiras hainas en Atenas, Valencia, Madrid... non somos

pioneiros.

Vostede concretamente falou da cidade de Valencia; eu non o dixen aínda que estaba nos medios de comunicación. Curiosamente nesa cidade este vehículo está plenamente operativo e custou 700.000 euros. Aquí custou 879.870 euros. Logo tamén falaremos da bomba pesada. Con ese aforro que fixeron na cidade de Valencia de 179.870 euros poderían terse comprado sesenta motos para a Policía Local, por exemplo, no patio central non caberían, a un promedio de 3.000 euros por moto teríamos motos ata o ano 2020.

Logo me di que non me decatei do prego ou da Mesa de Contratación. Pódolle dicir que os compañeiros que van á Mesa de Contratación loxicamente elíxeos a xefa da oposición e están magnificamente ben representados porque elixe ás persoas que ela cre que son máis idóneas e que dan a talla profesional, intelectual e con capacitación suficiente. Se vostede me pregunta se eu sei de gafas ou de bolígrafos ou do que sexa eu non o podo saber pero se xurde algún problema virán os técnicos e tereime que asesorar deles. Cando salta un problema é cando dende a oposición, como ben di a Sra. Molaes, teremos que controlar e fiscalizar e aquí chega o control e a fiscalización porque se non os cidadáns se preguntarían que é o que fago eu aquí e dígolles que eu vixio o que son as responsabilidades públicas.

Axustándose ó prego de condicións do que vostede alardeou e no informe que se eleva á Mesa de Contratación concretamente non se valora nin se menciona un vehículo pesado contra incendios forestais. Ese vehículo ten un importe de 219.000 euros e o insólito e que a razón que se da é que as ofertas que hai son moi similares. Se vostedes tamén mercaron un vehículo pesado, que coche compraron? Porque se eu vou ó parque de Bombeiros e non se menciona nin o valoraron é así e así está no informe.

A maiores vostede di que na cidade de Valencia tiveron problemas. É verdade, o coche era máis caro pero como o entregaron máis tarde tiveron unha penalización que vostedes non inclúen no prego de condicións nin na valoración. Hai unha penalización importante de preto de 80.000 euros que é imprescindible porque o importante nun concurso é o prazo de entrega. Con esa penalización conseguiron rebaixar ata 700.000 euros cando a nós custounos 876.000.

Vostede tamén falou da transformación dun vehículo. Esa transformación que ven na adxudicación ten un custo que vostede sabe que é de 92.370 euros e ofertouno a empresa adxudicataria como mellora pero resulta que o paga o Concello de Vigo.

Miúda mellora, esa transformación dun vehículo escaleira que se oferta como mellora resulta que nos custa 92.370 euros e iso é un gasto absolutamente fixo porque está na valoración.

Eu non sei en canto saíu o coche escaleira nin o outro coche, canto gastamos no Concello de Vigo. En principio estaba presupostado e así é a adxudicación un total de 1.098.900 euros. Diga si é así ou non, Sr. Calviño. En definitiva vostede tamén recoñeceu unha cousa que é evidente: que tivo conversas cos adxudicatarios. Díxoo aquí na súa anterior intervención e iso é moi grave.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O Sr. Coello dixo tal cúmulo de confusións que indica que non se decatou absolutamente de nada, cousa que lamento.

Comezarei por dicir que este Goberno en principio non ten nada que ver co prego de condicións. Adxudicouse a finais do ano 2007 en dúas Mesas de Contratación; por certo unha das leas que marcou vostede foi que logo meteu a auto-bomba forestal que é outro tipo de contrato e outra adxudicación que está na mesma Mesa de Contratación do 12 de decembro, hai unha para o vehículo do brazo articulado, que polo que fixeron no seu momento vostedes todas as empresas tiñan esa información na que se incluía a maiores aproveitar o vehículo anterior para o transformar no vehículo "nodriza" e por iso as tres empresas cuantificaban esa mellora aínda que no prego de condicións non estivera como tal, co cal o prezo que vostede da ó sumaren cantidades é todo o contrario. Ó prezo de oitocentos e pico mil euros que custaba o brazo articulado hai que lle restar o que realmente custaba o vehículo "nodriza" que se logrou gracias á recuperación de parte do vehículo do brazo articulado antigo. É restar, nunca sumar.

Que non estivera no prego de condicións é un tema distinto pero logo xa mesturou vostede algo totalmente diferente: a auto-bomba forestal pesada, vehículo que tamén foi adxudicado, adxudicouse á mesma empresa por unha cantidade de 219.030 euros que non ten nada que ver cos outros prezos, non sume vostede porque é outro tema absolutamente diferente, outro vehículo diferente tamén aprobado na Mesa de Contratación.

Pódolle asegurar que ó final resulta que o vehículo é máis barato que o propio vehículo de Valencia. Penso que como tiña preparado expoñernos aquí os carteis coas motos e demais non se deu de conta ou non me entendeu cando lle expliquei o asunto a pesar de que o prezo de adxudicación dese vehículo, por certo dunha

empresa que aquí xa non foi considerada no seu principio, era un prezo de 2004, tardaron catro anos en construílo e precisamente por iso é polo que tiveron que rebaixar esa cantidade, como vostede mesmo está a dicir, cousa que eu non sabía que era cuestión da penalización dese vehículo.

Ademais o despiste é tal que mestura o vehículo forestal co do brazo articulado sen ter a menor idea. Sr. Coello, o único que eu quixera e que polo menos vostede presentara as cousas cunha certa seriedade, non lle pido que coñeza os pregos de condicións a fondo, pero xa que se presta a recoller novas dos medios de comunicación, se un representante dun sindicato di algo e os demais non din nada será porque non está de acordo. É máis, eses sindicatos pensaban contestar á nota que saíu polas razóns que foran por parte dun delegado, non quero meterme nelas.

E aproveito para lle dicir que a diálogo e a preocupación sindical dende logo vostede non me gaña e felizmente coido que teño exemplos de abondo das cousas que se están a facer con diálogo sindical en Policía e Bombeiros, podería poñerlle cincuenta mil exemplos.

O que lle pediría é que prepare un pouco as cousas porque senón me pon na tesitura de ter que facer unhas intervencións que non o deixan en moi bo lugar cando sabe moi ben que o aprecio moito a pesar do que vostede pensa.

SR. COELLO BUFILL: Xunta de Goberno Local de 06.08.07, apróbase o prego de condicións. Dígame vostede se eu tiven algo que ver con iso, leva a súa sinatura.

Di que non preparo os temas. Vostede baixou o prezo do vehículo, non sabemos en canto saíu porque ó final vostede di que custou menos. Aquí hai interventores e técnicos e o lóxico é que se fixeran pregos distintos. Iso sería o realmente sensato, que fora un vehículo escaleira nun prego e noutro un vehículo de bombas pesadas.

Se baixou o prezo do vehículo, hai un prezo que é fixo na mellora e repítolle que son 92.000 euros, está valorado e págao o Concello, non hai que restar. Sr. Calviño, en consecuencia o total adxudicado é unha cantidade bastante máis elevada. Se sigue insistindo, que ó final non o sei porque non sabemos en canto saíu a escaleira, hai unha diferenza que non se xustifica. Non sabemos o que aprobaron e canto foi a diferenza que houbo. Síntoo pero é así.

(Están ausentes o Sr. Figueroa Vila e a Sra. Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, solicitando que polo concelleiro responsable se dean as oportunas explicacións relativas a compra do último camión escaleira de bombeiros, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (54).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A POTENCIACIÓN DO AEROPORTO DE PEINADOR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de marzo de 2009, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

O aeroporto de Vigo non fai máis que perder usuarios e tráfico de mercadorías; se durante o ano 2008 perdeu un 9% respecto ó ano anterior, o inicio do 2009 non pode ser máis desalentador xa que leva perdidos 63.715 pasaxeiros, máis de 1.000 cada día, sendo ademais a terminal que peor se comporta de toda a rexión: de cada dous pasaxeiros que se perden en Galicia, un utilizaba o noso aeroporto.

A caída do 31% en número de viaxeiros e dun 56% no transporte de mercadorías no que vai de ano, demostran o retroceso que está experimentado a terminal viguesa, que batía récords anuais ata que chegou o bipartito ó goberno da cidade.

En lugar de continuar co traballo que se viña facendo, o BNG e o PSOE dedícanse a discutir se o futuro do aeroporto de Vigo se decide nun consorcio formado polas tres terminais galegas.

É por isto que o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a potenciar clara e inequivocamente o aeroporto de Vigo sen que a planificación dos outros aeroportos galegos condicione o futuro de Peinador.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 23 de marzo, tomou coñecemento do contido da anterior moción.

O concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, procede a ler a moción que se

transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Un dos obxectivos fundamentais do Goberno municipal actual é potenciar o aeroporto de Peinador. O xeito do potenciar ten un dobre vertente que é acadar obras que potencien esa instalación e por outra banda fomentar novos tráfico e o seu desenvolvemento comercial en canto a outras liñas. Se vostede pide que sexa o Goberno municipal quen potencie o aeroporto de Peinador non teña ningunha dúbida, pódolle falar dos grandes proxectos que se están a realizar no aeroporto.

O aeroporto vigués recibe dos presupostos xerais do Estado para 2009 un investimento de dezaoto millóns de euros. A ampliación do aparcadoiro, a nova infraestrutura, permitirá pasar de 700 a 2.700 prazas de aparcadoiro. O presuposto para levar a cabo esta actuación é de trinta e oito millóns de euros. A ampliación da plataforma de estacionamento de aeronaves concluíu e o investimento foi de 4.6 millóns de euros. As obras da nova terminal licitaranse ó longo de 2009 e o presuposto ascende a trinta e dous millóns; o arquitecto César Portela está a redactar o proxecto construtivo. A nova pista de rodaxe é unha construción que estará para mediados do ano 2009 cun presuposto de 7.7 millóns de euros.

Ademais AENA estuda a instalación dun novo sistema de aterraxe ILS, categoría I na cabeceira sur e máis a dotación dun radar de superficie. O investimento por este concepto ascenderá a 1,4 millóns de euros. Tamén estanse instalando ou se van instalar máis mostradores de facturación, cadeas transportadoras de maletas e novos espazos para as aeroliñas. O presuposto para executar estas reformas no seu conxunto é de 800.000 euros.

O recrecemento das pistas de voo concluíu e a operación custou 2,8 millóns de euros. Isto sería no apartado das novas infraestruturas.

En canto ás novas liñas estase a traballar activamente dende o conxunto do Goberno, dende Alcaldía, dende a Concellería de Turismo e Comercio e tamén coa colaboración da Fundación ProVigo, para abrir novas liñas e novos tráfico ó aeroporto.

Por todo isto cremos que o Goberno municipal está a facer moito porque o aeroporto sexa grande, sexa unha instalación adaptada para os tempos que corren. Ocorre que coido que sacaron de contexto na súa moción os datos dos dous últimos meses sen ter en conta a crise económica que padecemos con carácter xeral e especialmente a

que padece Vigo.

Coido que todos somos conscientes que o aeroporto de Peinador está relacionado co mundo dos negocios, esa é a súa principal característica aínda que tamén o turismo e coido que esquecen vostedes á hora de presentar esta moción e de sacar estes datos fóra de contexto, a redución de pasaxeiros nos tráficos con Madrid e Barcelona. A vostedes gústalles moito facer mención do que aparece en prensa coma isto. Tamén esquecen a incidencia da folga encuberta dos pilotos de Iberia que todos recoñecen que afectou especialmente ós tráficos entre Vigo-Madrid e Barcelona. Tamén apareceu na prensa. Tamén esquecen a desaceleración do sector, sendo recoñecida por AENA que na maioría dos aeroportos de España só tres ou catro tiveron cifras positivas que se corresponden cunha desaceleración do sector.

Coido que estamos traballando duramente dende o Goberno Municipal porque o aeroporto de Peinador teña as infraestruturas necesarias e no outro aspecto da apertura de novas liñas, especialmente dende a concellería de Turismo. Polo tanto estamos totalmente de acordo no que vostede propón de potenciar clara e inequivocamente o aeroporto de Vigo o que coido que se demostra claramente con todos os argumentos que din e tamén estamos de acordo en que a planificación do aeroporto de Vigo non estea condicionada por outros aeroportos.

Precisamente o que estamos defendendo máis aló de que toda coordinación poida ser boa, é que o Aeroporto de Peinador ten o seu espazo propio, o seu lugar dentro do sistema aéreo español. Insisto en que estas cifras foron sacadas de contexto e saben vostedes perfectamente, como ademais se recoñece na moción, que o Aeroporto de Vigo viña dunha evolución permanente de bater récords e só a situación da crise económica e algunha outra cuestión á que tamén me referín, que repito que está nos medios de comunicación e son argumentacións xeneralizadas, fixeron que se atope conxunturalmente nesta situación pero creo que se están a poñer os alicerces para que o Aeroporto de Peinador sexa esa grande instalación da cidade que queremos para o mundo dos negocios e para o sector turístico.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, coido que non hai máis cego que o que non quere ver. Nós estamos moi preocupados porque desgraciadamente estase convertendo en habitual que o Aeroporto de Vigo perda pasaxeiros; pérdeos tamén o da Coruña e o de Santiago pero é que o de Vigo é o que máis perde, o 31% no que vai de ano respecto ó 23% da Coruña e o 7% de Santiago.

En outubro trouxemos unha moción alertando xa da perda de rutas e de frecuencias e vostedes chamáronnos alarmistas, dixeron que creábamos un alarmismo inxustificable. Agora xa somos o terceiro aeroporto de Galicia.

Hai catro anos e medio, no 2004, superabamos Á Coruña en 325.000 pasaxeiros ano; o ano pasado, no 2008, xa pechamos cunha vantaxe de tan só 100.000 pasaxeiros ano. Este ano, no mes de febreiro, xa nos pasaron e hai 1.500 pasaxeiros máis en Coruña que en Vigo. A crise será para todos igual pero se seguimos a este ritmo en Vigo este ano non chegaremos ós 850.000 pasaxeiros, uns 600.000 pasaxeiros menos que o ano pasado. Os datos son así de fríos e de obxectivos.

Vostede fala de infraestruturas e de rutas. No primeiro caso seguimos co de sempre, a única infraestrutura que se fixo ultimamente é o aparcadoiro, 18.000.000 millóns de euros; para o ano que ven tamén o aparcadoiro pero, que é da nova terminal de pasaxeiros que ían presentar en decembro co arquitecto César Portela, que en teoría se ía empezar a mediados deste ano e íase rematar no 2011?. Non sabemos nada. Da torre de control non sabemos nada. Da conexión coa AP-9 tampouco sabemos nada.

Respecto ós voos di que están traballando coa Fundación Provigo; non sei con quen porque dende hai tempo non hai xerente. En outubro falaban, e tamén o dicía o señor tenente de alcalde, que o voo a Bruxelas estaba a punto, que se ía abrir en decembro, como moito en marzo. Estamos en marzo e non hai ningunha nova dese voo, é máis, hai murmurios perigosos que veñen de Santiago e que parece ser que Ryanair está moi interesada nesa ruta co que nola quitaría.

É certo que este sábado comezou operar outra vez o voo a Londres, pero tiñamos un voo a Londres cada tres días e agora só o temos cada dous días agás en xullo e agosto.

En febreiro deste ano saben que se aprobou a fusión entre dúas compañías moi importantes, Clikair e Vueling. A nova Vueling vai empezar operar dende xuño. Dende a Fundación ProVigo víñase traballando e considerábase fundamental que un avión tivera base en Vigo para poder operar destinos como Barcelona, Londres, Milán, Málaga, etc. Non sei que pasa con esas xestións, non sei quen as está a facer ou se alguén as está a facer. Onde está a campaña de promoción que se ía facer en Londres con tour-operadores? Cando se vai facer se a maior parte dos billetes da campaña de verán están vendidos?

Non se dan de conta que os momentos de debilidade de Vigo están a ser

aproveitados por A Coruña, Santiago e O Porto? Non viron toda a cidade empapelada cunha promoción do aeroporto de O Porto, "Vou por O Porto.com". Estamos convencidos que se de verdade se aposta pola terminal de Vigo, como así foi cando gobernaba o Partido Popular, con voos con Air France, con acordos con Air Europa, a cidade de Vigo ten capacidade suficiente pero creo que é necesario non mirar para o outro lado e poñerse traballar.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Só para lle dar explicacións ó concelleiro do Partido Popular. Hai unha cuestión, calquera manual económico que faga referencia a niveis estratéxicos de aeroportos, en tempo de crise económica sempre aqueles aeroportos con liñas pouco consolidadas no tempo evidentemente son os que máis pasaxeiros perden. Isto non ocorre só en Vigo, ocorre en calquera aeroporto que teña estas condicións.

Evidentemente en Vigo temos nestes momentos unha liña moi consolidada que é a de Air France porque evidentemente foi unha liña posta xa hai moito tempo con promocións que se fixeron no pasado e no presente, acabamos de facer unha gran promoción en París entre a Dirección xeral de Turismo e este Concello. Son esas liñas as que están consolidadas. Se vostede ten os datos como supoño que terá, verá que precisamente esa é unha liña onde non só non se rebaixan pasaxeiros senón que se están aumentando.

Preguntaba que estamos a facer. Estamos traballando e xestionando. Vostedes preguntaba por que se suprimía Vigo-Londres; daquela lles dicíamos que non falabamos de supresión senón dun primeiro acordo ó que se chegara naquel intre e do ampliar agora. Di que son dous días en lugar de tres; si, porque a estatística que temos do anterior ano así nolo permitía e por iso agora mesmo están todos vendidos, pero aumentamos en tempo de permanencia desa liña.

Con Clikair e con Vueling estamos a facer negociacións. A semana pasada eu persoalmente estiven en Barcelona falando co delegado comercial para España de Clikair que vai ser o mesmo de Vueling. Non estamos parados. Unha das cousas que se puxeron enriba desa mesa, ademais de concretar este voo Vigo-Londres, foron precisamente os futuros contactos con a compañía Vueling que se vai converter na segunda compañía máis importante de España e estamos en negociacións constantes, precisamente para non perder o rumbo.

En canto a Bruxelas claro que dixemos que estaba practicamente pechado o asunto e

así era cun acordo moi satisfactorio. O tempo de crise fixo que Brussels Air, con quen nós tiñamos os contactos e non Ryanair como vostede dicía que pode estar querendo operar noutros sitios, paralizara de momento, en palabras deles ata que viran á nova situación e como se foran introducindo as novas reorganizacións das liñas áreas.

Nese sentido seguimos traballando e proba diso é que aí temos Vigo-Zaragoza que de novo se puxo en marcha, Vigo-Londres que se amplía con relación ó ano pasado e seguimos facendo todas esas xestión para que como ben dicía o Sr. López Font o Aeroporto de Vigo sega a ser sempre potenciado.

SR. LÓPEZ FONT: Falando de cegos e de non querer ver en todo caso será o Partido Popular quen non quere ver os investimentos que se están a realizar no aeroporto, as dotacións que están en presupostos xerais do Estado e negando a realidade.

Sr. Fidalgo, Peinador é o aeroporto galego que recibe de AENA a maior partida económica de todos os aeroportos de Galicia. Mencioneille un por un e tiven especial coidado en ler literalmente cales son os proxectos porque calquera que vaia ó aeroporto ve que se están a facer obras en aparcadoiro, en pista e en terminal. Non sei se son vostedes quen cando van ó aeroporto non se dan de conta desta situación. Creo que se está a facer, non o suficiente, senón que moi amplamente o que necesita o Aeroporto de Vigo, é unha proba da aposta que realiza o Goberno de España por esta cidade . Pola présa de tempo e pola hora na que estamos non vou caer en volver ler aquí cales son as obras en infraestrutura e menos aínda repetir as mencións que fixo o tenente de alcalde sobre proxectos.

Se falan de potenciar clara e inequivocamente o Aeroporto de Vigo iso é o que está a facer este Goberno. Sorpréndeme que cando lles interesa falan de crise económica e outras veces ignórana claramente. Sorpréndeme que veñan sempre con informacións de prensa e nestas ocasións agachen os informes de AENA sobre o sistema aeroportuario español. Sorpréndeme que non teñan vostedes en conta a característica principal deste aeroporto que son os voos con Madrid e Barcelona que por iso decreceron.

Quero tranquilizarlle. Se o Aeroporto de Vigo ten un defensor e alguén que trate de potenciar institucionalmente este é o Goberno municipal. Apoiamos a súa moción porque é literalmente o que estamos a facer e vaime permitir dicirlle que a primeira gran reforma do Aeroporto de Vigo fíxose sendo o Sr. Caballero ministro de Transportes e a segunda gran reforma do aeroporto e a súa consistencia finalmente

coma instalación farase estando este Goberno do Partido Socialista e do BNG e sendo alcalde don Abel Caballero mal que lles pese a vostedes.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Tampouco quero entrar en polémica pola hora que é pero realmente vostedes seguen negando a realidade. O BNG di que os aeroportos con liñas pouco consolidadas son os que máis perden. Vostede Sr. Font fala de que os nosos principais destinos que son Madrid e Barcelona e tamén Paris; non sei se lles parece que eses voos son consolidados ou non .

Di que eu traio recortes de prensa; eu non amosei ningún, traio estatísticas de AENA que son as que din que estabamos rompendo teitos pero para ben, Vigo sempre rachou todos os prognósticos, no ano 2005 xa pasáramos de 1.100.000 pasaxeiros cando esa cifra se recollía para o ano 2010 e agora é todo o contrario: somos a terceira terminal de Galicia. Esa é a realidade, pasounos A Coruña que xa recibe e envía máis pasaxeiros que Vigo; Santiago xa estaba moi por diante.

Parécenos moi grave que veña o director de vendas de Iberia a Galicia e diga que só é rendible un aeroporto en Galicia. Se sumamos estas dúas cuestións polo menos danos que pensar e certo desasosiego do que pode pasar co futuro de Peinador. É necesario que se poñan traballar conxuntamente, nós dende a oposición ofrecémoslles traballar pola cidade no que poidamos e conseguir que o Aeroporto de Peinador siga por onde ía cando gobernaba o Partido Popular.

(Está ausente o Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo iglesias, instando a potenciación do Aeroporto de Peinador, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (55).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO NON DAR POR REMATADA A CONMEMORACIÓN DO BICENTENARIO DA RECONQUISTA E PROMOVER QUE OUTRAS INSTITUCIÓNS, ORGANISMOS, ETC.,

PARTICIPEN NELA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de marzo de 2009, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"Os sucesos históricos que se lembran en torno á Guerra de Independencia en toda España e á Reconquista da cidade en Vigo están a amosar nos últimos anos, máis que o feito bélico, os valores colectivos, de capacidade de organización e deseño de estratexias comúns, en definitiva de cidadanía. Na nosa cidade o consenso xerado en torno á idea de Vigo impulsou cambios de enorme transcendencia, tanto para os seus cidadáns como para as institucións coas que se organizou desde entón.

A conmemoración do Bicentenario da Reconquista de Vigo non so é merecida, senón que esixe ao goberno municipal un esforzo extraordinario para impulsar e apoiar os acontecementos que poidan celebrarse na súa honra. É unha oportunidade única para suscitar espazos de debate onde teñan cabida opinións e proxectos plurais en torno á idea de cidade e o seu desenvolvemento futuro. É unha ocasión excepcional para promover no só a participación dos organismos e entidades dependentes do Concello, senón a implicación doutras administracións, institucións, organizacións ou asociacións.

Dende setembro de 2007 o goberno municipal traballa na organización do aniversario, con actividades preparatorias que conflúen na "gran semana en torno á Reconquista no ano 2009".

Pero o fixo só. No transcurso destes dous anos non contou con esta Corporación para a planificación, no que fai ós seus fins e obxectivos, dunha conmemoración, que polo seu carácter non soamente histórico, senón tamén cívico e político, debería terse madurado co consenso, ao menos, das forzas políticas que representan á cidadanía neste Concello.

O que é máis grave, non estableceu vías de diálogo suficientes para definir cal era o interese xeral dos vigueses no desenvolvemento desta celebración, nin como levala a efecto. Non contou coas institucións sociais e culturais da cidade e reduciu a participación dos veciños á colaborar nas actuacións propostas polo goberno.

Esta actitude motivou, en consecuencia, unha escasa repercusión nos medios de comunicación dos eventos, que foi pouco máis aló do promovido directamente pola organización. Engade, a todo o devandito, a perda do que debe ser unha oportunidade de ouro para a promoción exterior de Vigo. É por iso que propoñemos para a súa aprobación:

Que o goberno local non dea por rematada a conmemoración do Bicentenario da Reconquista no mes de marzo e promova que outras administracións, institucións, organismos ou asociacións implicadas na vida social e cultural de Vigo, participen nela con achegas e proxectos propios."

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 23 de marzo, tomou coñecemento do contido da anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Xa lle adianto que estou practicamente, por non dicir que totalmente, de acordo con todo o que formula na súa moción, non só cos antecedentes, senón que tamén coa parte resolutoria. Hai algunha pequena cousa que agora matizarei e ademais vou ler textualmente un dos parágrafos desta moción: "A conmemoración do bicentenario da Reconquista de Vigo non só é merecida, senón que esixe ó goberno municipal un esforzo extraordinario para pular e apoiar os acontecementos que se poidan realizar na súa honra".

Sra. Larriba, estou completamente de acordo con vostedes pero mágoa que isto o digan agora porque vostedes quixeron cargarse a conmemoración do bicentenario, que non só é merecida, senón que lle esixe ó goberno municipal un esforzo extraordinario. Nas emendas que vostedes presentaron ós orzamentos suprimían 200.000 euros da Alcaldía para realizar o bicentenario e tamén 400.000 euros da Tenencia da Alcaldía para o mesmo fin. Pero benvidos sexan á necesidade de organizar o bicentenario co que por suposto imos seguir e involucraremos a toda a sociedade tal e como din vostedes.

Pero hai algunha cousa coa que non podo estar de acordo. Non podo estar de acordo con dicir que non se contou con institucións sociais e culturais da cidade porque non é certo. Esta primeira fase de celebración do bicentenario faise en torno e en base á propia festa da Reconquista e en todo momento, Sra. Larriba, contouse coa asociación de veciños e coa de comerciantes que son os que historicamente nesta cidade levaron cara adiante sempre esta festa, a Festa da Reconquista.

Logo di vostede que hai unha escasa repercusión nos medios de comunicación. Non sei se lemos os mesmos medios porque todos os días dende o 31 de xaneiro aparecen nos medios diarios e actividades da Reconquista. Din que o fixemos nós sós pero tampouco é certo porque os nosos escolares teñen unhas perfectas guías didácticas que son do seu interese, fíxose unha exposición que nestes momentos é a exposición máis visitada de toda a historia do pazo-museo Quiñones de León que non sei se vostedes tiveron ou non a oportunidade de ir pero hai cidadanía que si foi,

ciudadanía que participou nas representacións. Sei que a Sra. Iglesias Bueno si que estivo na representación do sábado e poderá dicirlles que foi a Festa da Reconquista máis multitudinaria de cantas se celebraron en toda a súa historia. Se non fixeramos ese esforzo de involucrar a todo o mundo coido que dificilmente acadariamos esta unión. Pero imos seguir traballando, evidentemente seguimos tendo proxectos para seguir celebrando o bicentenario.

Claro que non se contou coas forzas políticas. Evidentemente nós entendiamos que a unha forza política que se quixo “cargar” economicamente as celebracións do bicentenario moito non lle interesaría.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: É difícil engadir algo ó que dixo o Tenente de Alcalde porque xusto as miñas notas se referían precisamente ós dous puntos que el máis salientou.

Primeiro, coincidir co que sería o final: “Non dar por rematada”. Claro que non se dá por rematada a celebración, vai haber moitas máis actividades, pero lles temos que lembrar que vostedes non querían que se fixeran esas actividades porque cando se fixo o debate dos orzamentos quixeron diminuír considerablemente as correspondentes partidas, polo tanto é moi difícil pedir ese consenso das forzas políticas ó que fan referencia no terceiro parágrafo.

O máis grave do asunto é que se diga que organizou só o goberno porque foi con milleiros de vigueses como ben se puido ver esta pasada fin de semana nalgunhas actividades e como se vai seguir vendo porque como saben vostedes vai haber unha participación moi importante do Ministerio de Cultura a través da Sociedade estatal de Conmemoracións Culturais que, entre outras cousas, vai facer unha moi grande exposición na Casa das Artes que vai reforzar á que xa temos no Pazo de Castrelos, onde se porá de relevo dun xeito moi importante o papel de Vigo na Guerra da Independencia; así como unha ópera, un ciclo de concertos, etc., como vostedes moi posiblemente saiban.

Non temos máis remedio que estar absolutamente de acordo co que se pide no final da súa moción, pero salientando as tremendas contradicións de estar facendo ata o momento todo o contrario do que precisamente se pide na súa moción.

SRA. LARRIBA LEIRA: Primeiro dicir que cando nós propoñiamos as modificacións no debate dos orzamentos, o que pediamos non era eliminar a partida, senón que

estivese no Capítulo IV de tal xeito que fora posible que a través de subvencións os proxectos foran plurais e non os que se marcan dende a Tenencia de Alcaldía.

Dinme que contaron con moita xente pero eu lles podería contar todas as institucións culturais coas que non contaron e non só asociacións veciñais que tiveron proxectos propios moi dedicados ó que era a recuperación histórica da cidade ós que vostedes nin assistiron á súa inauguración estando invitados, asociacións ás que prometeron axudar con cartos que aínda están a esperar.

Eu podería facer un relatorio de todas as institucións coas que non contaron: Conservatorio, Universidade, Instituto de Estudos Vigueses, etc. Pero quería facer un discurso sobre isto que non era tanto valorar cada unha das accións emprendidas: a exposición, o simposio do que poderíamos entrar a falar, a unidade didáctica. Sr. Domínguez Olveira, como pode falar das unidades didácticas? Pero vou facer a discurso que tiña dende un principio.

Xa no ano 2007 vostede, Sr. Domínguez Olveira, falou de que a organización deste evento tería un montón de actividades preparatorias que confluírían nunha grande semana en torno á Reconquista do ano 2009. Daquela anunciou como primeiro paso a constitución dunha comisión ampla e plural, integrada polos concelleiros de Turismo e Cultura, representantes de todos os grupos políticos (a nós polo de agora nada), técnicos e persoas de relevancia dos sectores cultural, social, deportivo e artístico da cidade e que a súa finalidade sería a elaboración dunha programación con consenso entre todos eles, como debe ser unha conmemoración cidadá. Unha programación que incluíría grandes eventos deportivos, culturais ou musicais, eventos ós que mesmo se engadiría un acto de enxalzamento da Ría, etc. Dita comisión traballaría no que sería un acontecemento non só histórico (son as súas verbas), senón tamén de promoción da cidade no ámbito estatal e internacional.

A seguir destas declaracións comeza nos xornais unha serie de ir e vir sobre quen autoridade para facer o evento: que se o debe facer a Alcaldía ou ben a Tenencia de Alcaldía. Fixan os contidos máis ou menos aproximados, os prazos e finalmente parece que se fala dunha partición. Por unha banda o BNG celebraría o que é o bicentenario da Reconquista con actos que culminarían coa Festa da Reconquista, é dicir, antonte tal e como di a propia páxina web que fixeron e onde está colgada a programación dos actos do bicentenario.

Pero xa no 2008 o Sr. Alcalde, D. Abel Caballero, anuncia outra celebración: o bicentenario da cidade que semella cousa distinta do bicentenario da Reconquista e

que ademais queda reflectido claramente no orzamento do que debería ser unha única celebración do Concello no seu conxunto que podería abranguer dende o que é a conmemoración do feito bélico ata a declaración de Vigo coma cidade, pero unha programación conxunta, un goberno unido. É máis, debería ser unha Corporación unida madurando unha soa idea, con todas as forzas dirixidas na mesma dirección e non un repartimento de celebracións; iso non semella que teña moito sentido nun goberno unido como do que vostedes presumen. Ata o orzamento do ano 2009 quedaban ben claras as partidas relacionadas co bicentenario, é dicir, non había unha partida única, había partidas destinadas ó bicentenario nos orzamentos da Alcaldía e outras nos da Tenencia da Alcaldía. Para nós como grupo municipal quedou claro que ía haber unha bicelebración do bicentenario feita por un bigoberno; estaba moi claro.

Segundo novas do ano 2007 non estaba moi claro o repartimento porque estaba este debate do que era conveniente celebrar e quen ía liderar calquera destas dúas vertentes da conmemoración.

Para o Grupo popular sen dúbida ata o momento estase a perder unha ocasión única para revisar o que é a propia festa da Reconquista da cidade. Non digo que Vigo estea a celebrar unha festa equivocada, senón que debería existir un debate sereno sobre os contidos que se conmemoran entre todas as forzas políticas e institucións culturais da cidade e sobre todo ter en conta a Universidade de Vigo que de momento é a grande desaparecida destes eventos, contidos que dende logo van moito máis aló da revisión do feito bélico que é o que vimos ata o día de hoxe cos actos programados dende a Tenencia de Alcaldía.

O discurso desenvolvido dende a Tenencia de Alcaldía e a Concellería de Cultura, tanto a través do simposio, como da exposición no Museo Quiñones de León, como do espectáculo de animación das rúas insiste sobre todo no estudo, exaltación e recreación do feito bélico o que é sorprendente nun partido que se define pacifista, nacionalista e progresista.

Pode ser por unha banda que tivesen medo de abrir o debate á supresión, ó cambio ou ó mantemento da Festa da Reconquista; ou ben pode ser que lles “pillou o touro” e tiveron que contratar actos, exposicións e material didáctico feito por institucións ou asociacións que xa fixeran o traballo e que se adaptaron ós espazos de Vigo, porque estarán comigo en que hai pouco de produción propia.

O Bando do Día da Reconquista asinado polo Alcalde que tivemos a oportunidade de

escoitar e de ler marca unha visión bastante diferente da que se desenvolveu ata agora en relación co que, entendo eu, que para o PSOE é a celebración do bicentenario da cidade. Vou ler só unha frase do que di o Alcalde no seu bando: "...Por iso quizais chegou o momento de que todos os vigueses, os de nacemento e os de adopción, festexemos a Reconquista máis ca que como unha fazaña bélica propia dunha circunstancia temporal imposible de extrapolar, como un recoñecemento ó que supuxo de transcendente aquela memorable xesta militar, o seu nacemento coma cidade".

Dende logo é unha visión algo diferente do conmemorado ata agora e o carácter digamos de excesiva ou única visión do que era a exaltación ou relectura do feito bélico, que en ocasións ata semellaba a revisión do propio proceso táctico e estratéxico do que foi a contenda militar, que pareceu excesivo, reflectiuse tamén na prensa que mesmo chegou censurar o propio cartel da Reconquista porque lles parecía un pouco belicista de máis para esta conmemoración do bicentenario da cidade.

Vostedes din que non o fixeron sós pero, como xa dicíamos no texto da moción, non contaron con ninguén, dende logo non coas institucións sociais e culturais máis salientables da cidade que traballaron durante máis tempo na investigación histórica e que mesmo poderían aportar outras visións máis amplas como a música, as artes, etc. Non contaron con ninguén.

Para o Grupo popular o cumio de todo isto foi a inauguración da placa de Carolo. Hai uns poucos meses que estabamos a retirar placas do Casco Vello que non pasaran pola comisión porque se entendía que a toponimia, o nomeamento, as honras e distincións se deberían facer por consenso de toda a Corporación municipal. Para a aprobación desta placa que é honorífica, que comisión se fixo? Que información se deu? Existe un expediente? O Regulamento de honras e distincións di que ten que haber un expediente onde se xustifique a concesión da placa. Nin pasou por comisión, nin se aprobou por ningures. Efectivamente, como di un titular o Tenente de Alcalde escenificou a culminación do que era o seu programa de celebración do bicentenario colocando unha placa e, por certo, a que xa estaba e que celebraba o centenario aínda non apareceu, está en lugar descoñecido. Pero aí está a placa a Carolo porque entenden que é un personaxe a reivindicar.

Pois ben, como vostedes tamén teñen a competencia en Patrimonio, aínda que é anecdótico eu diríalles que non estaría de máis reparar a escultura de Carolo que

está na Praza da Independencia que ten o machado roto e leva así tempo. Xa que estamos a homenaxear a Carolo estaría ben que a súa escultura estivese en boas condicións.

Aínda que na súa páxina web e en todos os anuncios do programa de actividades para a conmemoración do bicentenario dise que todo remataba o 28 de marzo, é certo que o pasado venres o Tenente de Alcalde anunciou ós xornais que estabamos asistindo ó colofón da primeira parte da programación do bicentenario. É a primeira nova pública na que vostede di que existe unha segunda parte. Xustamente fixo estas declaracións cinco días logo de que o Grupo Popular presentara esta moción en comisión informativa. Pode ser unha coincidencia.

A pregunta da moción é: Ten unha programación a Tenencia de Alcaldía para o que resta do ano? Agora imos ter unha programación da Alcaldía? As actividades que se están a facer dende o Ministerio de Cultura, dende a Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais é unha programación feita polo Ministerio individualmente? Faise dentro do programa da Alcaldía? Porque hai outras institucións como pode ser o Museo Provincial de Pontevedra que ten prevista tamén para dentro dun mes a inauguración dunha exposición que fixo como unha contribución a este bicentenario do Museo Provincial con fondos nunca vistos en Vigo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Acábame de chafar porque eu crin que do que hoxe iamos falar, por iso pensei que iamos rematar cedo, é do que di na moción, é dicir, que o goberno local non deu por rematada, da importancia de seguir celebrando, etc. Pero dixo claramente que ía facer o seu discurso, non lle importa nada que o bicentenario continúe ou non, que faláramos cuns ou con outros; vostede ven aquí para facer o seu discurso. Aproveitando calquera cousa vostedes sempre din o mesmo, que se é un goberno non sei como, se un fai unha cousa e outro fai cousa.

Sra. Larriba, todos os actos do bicentenario fixéronse polo goberno desta cidade, pero o goberno desta cidade que si que presume de estaren unido e non só iso senón que exerce, ten dividas as súas competencias en distintas áreas e distintos ámbitos de actuación e non pasa absolutamente nada.

Claro que hai unha segunda programación, parte dela anunciáballe o meu compañeiro Sr. Calviño, pero o de menos para nós, aínda que coidaba que para vostedes tamén pero xa vexo que non, é o departamento que organiza as cousas, o

de máis é que se organicen e se fagan. Isto foi o que fixo o goberno municipal co bicentenario, non o Tenente de Alcalde nin a Concellería de Cultura. A exposición de Castrelos á que se lles invitou e á que asistiron vostedes, non a inaugurou o Tenente de Alcalde, inaugurouna como non podía ser doutro xeito o Alcalde desta cidade.

Imos traballar polo Bicentenario e ímonos deixar de outras leiras que non teñen absolutamente nada que ver nin co sentido da súa moción, nin coa súa parte resolutoria que xa lle dixen ó principio que iamos apoiar.

En canto á placa de Carolo non hai que confundir as cousas. A placa de Carolo non é de toponimia, nin dá nome a ningunha rúa que de seren así tería que pasar polo Pleno; é unha placa de recoñecemento e homenaxe a un veciño anónimo de Vigo. Non hai que facer ningún tipo de expediente porque senón eu lembraría que habería que retirar moitas das placas conmemorativas que puxo D^a Corina Porro, como por exemplo a da “Volvo Ocean Race”. Non confunda, unha cousa é unha placa que dá nome a unha rúa ou a unha praza e outra é unha placa que evidentemente tiña o permiso dos propietarios do inmovible e tamén o de Patrimonio Histórico porque foi ese departamento quen puxo esa placa.

O do punto de vista de “belicista” a min si que me fai gracia. Por suposto que todo o BNG se define como unha forza política que sempre traballará pola paz. Prodúcese risa. Poderíamos poñer un exemplo: pedirlle ó Sr. Ruiz Gallardón e á Sra. Aguirre que eliminen todos os actos conmemorativos da Guerra da Independencia e miren que fan actos, ou que non fagan festivo o 2 de Maio porque digamos que é rememorar o punto de vista bélico. Como di o noso refraneiro popular iso é “confundir o tociño coa velocidade”. En todos os actos, no simposio, na exposición, nas unidades didácticas das que podo falar porque mesmo confeccionei bastantes, en todos eses actos non se fala para nada do carácter belicista, nin se fala para nada de rememoración dunha guerra. Lea vostede por favor todas as cousas. Fálase sempre de rememorar unha actuación que os vigueses e viguesas tiveron e que deu como resultado a elevación do noso espírito como de cidade e a consecución coa nosa cidade.

Para iso non temos por que non falar do que aconteceu e tanto eu como a Sra. Porro (este ano non a vin pero si outros anos) cando participábamos vestidos de vigueses na Festa da Reconquista non estabamos reivindicando ningún carácter belicista. Que eu saiba cando a Sra. Porro se vestía de viguesa, ó igual que o fago eu e moita outra xente, non está reivindicando o carácter belicista, porque entre outras cousas o colofón da Festa da Reconquista remata cun baile entre os vigueses e os franceses

como precisamente eliminación de todo o tema belicista, baile ó que lle invito a que vaia o ano que ven.

Resumo para rematar. Imos traballar por esta cidade. Presenten as ideas que queiran, moitas das asociacións culturais achegáronse a nós para nos presentar ideas e moitas delas tivémolas en conta. Precisamente o que se fixo foi tendo en conta moitas das ideas que nos presentaban moitas asociacións, aínda que evidentemente a todas é imposible chegar, vostedes tampouco o farían.

Imos traballar, imos seguir celebrando o Bicentenario que vai seguir organizando o goberno desta cidade e en todo caso esperamos o seu apoio, como nós imos apoiar esta moción sen ningún tipo de dúbida.

SRA. LARRIBA LEIRA: Logo de escoitar as palabras de D. Santiago Domínguez reafírmome en que esta moción é totalmente positiva. De verdade que o que quere é detectar os erros que houbo ata agora, o que para nós son erros, e que iso esperte un pouco ós que teñen a posibilidade de organizar para non caer neles.

Volveu falar vostede dos actos que se organizaron. Cando critico eses actos non critico os contidos que ó mellor a nós non nos parecen mal, ó mellor en todo caso obsoletos e pensamos que quizais o que se debe conmemorar é o que Vigo foi quen de facer nestes douscentos anos, non o que se fixo eses días ou durante a Reconquista. Douscentos anos é un longo percorrido da cidade no que se afianzaron moitas institucións e no que habería luces e sombras, pero dende logo dá moito que dicir do que é hoxe Vigo coma cidade.

En todo caso o que queremos é que vostede e o goberno dean a posibilidade de que participen todos. Non parece de recibo que as exposicións sexan importadas, é dicir, feitas para outros sitios e que se adapten aquí. Vostede di que é moi didáctica pero máis da metade das maquetas expostas fan referencia a outras batallas e acontecementos bélicos que houbo durante a Guerra da Reconquista e non se explica a vinculación destes feitos cos que acaeceron en Vigo ou en Galicia. Sr. Domínguez, eu que traballo en museos dígolle que non se pode facer unha foto, por moito guante branco, portando unha peza de museo, ese é un traballo que deben facer os técnicos dos museos; eu penso de verdade que non é unha boa foto porque son pezas moi salientables.

Dende o punto museolóxico teríamos moito que falar pero non me diga vostede que pode presumir de que é a exposición máis grande que tivo Castrelos porque hai salas

nas que só hai catro pezas. Así eu tamén podería encher o edificio do Concello. Non se trata do espazo, trátase do contido da exposición.

O material didáctico que se distribúe para alumnos da ESO e de Secundaria é moi bo, fíxose polo Ministerio de Defensa para a anterior exposición realizada o ano anterior en Bailén, non é un material didáctico feito para esta exposición nin moito menos. Tamén o material que vostede ou o goberno repartiron polos colexios para os estudantes de Primaria é un folleto feito polo goberno de D^a Corina Porro no 2006, ten o depósito legal de 2006 dos Bolechas sobre a Reconquista de Vigo. Vostedes quitaron a primeira páxina e substituírona cos seus logotipos, pero nin sequera foron quen de poñer alí unhas verbas propias, de facer un saúda particular.

A unidade didáctica da que vostede fala ten uns obxectivos na contraportada que se pretenden acadar; entre eles por exemplo que os nenos van poder establecer as relacións que tivo España co resto de Europa. En ningún momento na unidade didáctica fálase do que se fixo no resto de Europa, unha cousa é a definición dos obxectivos e outra o que se acada.

Dixo vostede que é a exposición máis visitada de Castrelos. Nunca Castrelos tivo un anuncio en TV como o de agora que é case decote. Espero que esa sexa a tónica cara ó futuro, o Museo estará moi agradecido. Espero que as exposicións de Castrelos se publiciten como se fixo con esta.

É moito o que se podería comentar pero de verdade que a moción é en positivo e esperamos que no que queda de tempo para a conmemoración se conte cos proxectos que poden ter outras instancias da cidade e que non se importen proxectos de fóra porque na cidade hai moito que dicir. Penso que a Sociedade de Conmemoracións Estatais tivo a ben contar coas investigacións da Universidade de Vigo.

(Está ausente o Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, instando non dar por rematada a conmemoración do Bicentenario da Reconquista e promover que se impliquen outras administracións, institucións, etc., co texto que se

transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (56).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A CONTINUACIÓN DAS CLASES DE "DANZA E PERCUSIÓN TRADICIONAL PARA PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS" E ESTENDER O PROGRAMA ÓS BARRIOS E PARROQUIAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de marzo de 2009, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

"Dende o inicio deste mandato o goberno bipartito desta cidade amosou o seu interese por traballar para os maiores, para mellorar a súa calidade de vida, as súas condicións, e tamén para adquirir hábitos de vida saudables a través de distintas actividades. Estas palabras quedaron só en boas intencións xa que en moitos dos casos se veñen producindo supresións de actividades sen que non propoñan novas alternativas. Este é o caso que hoxe nos ocupa, xa que neste ano 2009 se produce a eliminación das clases de "Danza e Percusión Tradicional para persoas maiores de 65 anos".

Estas clases eran impartidas pola "Escola Municipal de Danza", víñanse realizando dende o ano 1999 sen interrupción ningunha cos distintos gobernos que se foron sucedendo en Vigo e que contaba no ano 2008 con 40 alumnos.

Sabemos que esta actividade ademais era susceptible de trasladar aos barrios e parroquias da nosa cidade a través das asociacións de veciños e así se solicitou un informe referido a esta cuestión. Pero en vez de tratar de promocionar a actividade, optouse pola contra por suprimila definitivamente.

Dende o noso grupo cremos que estas clases ademais de supor un hábito saudable para os nosos maiores, incorpora un elemento cultural, relacionado co noso folclore e a nosa música popular polo que non logramos entender que sexa precisamente una concellería do BNG relacionada non impulse este tipo de iniciativas.

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Continuar as clases de "Danza e Percusión Tradicional para persoas maiores de 65 anos", que se viñan realizando ata agora.

Iniciar progresivamente ese mesmo programa polos barrios e parroquias de Vigo".

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 23 de marzo, tomou

coñecemento do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. IGLESIAS BUENO: Esta moción trata da eliminación das clases de danza e percusión tradicional para persoas maiores de 65 anos. Estas clases eran impartidas pola Escola Municipal de Danza e se viñan realizando dende o ano 1999 ininterrompidamente cos distintos gobernos que se sucederon en Vigo e contaba no ano 2008 con corenta alumnos. Ademais tiña un presuposto de 10.000 euros que coido que é unha cantidade pequena en comparación cos beneficios que se obteñen e tampouco supón un agravio para as arcas municipais.

Sabemos ademais que esta actividade era susceptible de seren trasladada ós barrios e parroquias da nosa cidade a través das asociacións de veciños e así se solicitou un informe referido a esta cuestión, pero en troques de promocionar a actividade optouse polo contrario, por suprimila definitivamente.

Dende o noso grupo coidamos que estas clases supoñen un hábito saudable para os nosos maiores, incorpora ademais un elemento cultural relacionado co noso folclore e coa música popular polo que non entendemos que sexa precisamente unha Concellería do BNG quen non pule este tipo de iniciativas.

Aínda que sabemos que ó día seguinte de presentar esta moción na Comisión informativa do luns, o martes xa se citou ó responsable deste programa e comunicóuselle que o programa comezaría en breve. Estamos satisfeitos con esta decisións e motívanos a seguir facendo oposición, non só nos grandes temas, senón tamén naqueles que afecten a uns colectivos concretos porque son importantes para nós e merecen tamén un espazo neste Pleno.

Solicitamos polo tanto a votación da seguinte moción: Continuar as clases de danza e percusión tradicional para persoas maiores de 65 anos que se viñan realizando ata agora e iniciar progresivamente este mesmo programa polos barrios e parroquias de Vigo.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Están vostedes un pouco mal informados porque as clases empezaban xa hoxe. Citouse ó responsable non porque vostedes presentaran unha moción, senón sinxelamente porque levamos mes e medio sen técnica de avellentamento activo porque por desgracia está de baixa. Esa foi a raíz e a razón do atraso. Non se puido facer sinxelamente por esa razón.

Pero non só é iso, Sra. Iglesias, senón que ademais había persoas, vostedes sábeno

perfectamente, que viñeron falar comigo o 15 de xaneiro e eu comprometinme a que as clases comezaban como moi tarde o primeiro de marzo. Por desgracia a técnica púxose enferma o 20 de febreiro e non se puido facer a concreción do contrato.

Esas corenta persoas xa van comezar facer o que fixeron todos anos e que xa mantiven o ano pasado sen que vostedes me presentaran unha moción.

Din vostedes na súa moción que ó comezo do noso mandato amosamos interese por traballar polos nosos maiores, pola súa calidade de vida e porque tivesen unha vellez máis saudable. Pois non só amosamos interese, senón que ademais o puxemos en práctica en contra do que vostedes din na súa moción e se non o cren pregúntenlles ós veciños de: Candeán, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Beade, Casco Vello, Matamá, Navia, Salgueira, San Miguel de Oia, Sárdoma, Valladares, Praza da Miñoa, Agarimo e Aulas da Terceira Idade. Dezaseis barrios e parroquias participan neste momento nun programa que se puxo en marcha neste Concello cando nós accedemos ó goberno e cando a min me tocou dirixir a Concellería de Benestar; é o programa de avellentamento activo. Se o seguen sen crer pregúntenlles tamén ós vinte grupos de maiores de 65 anos que están facendo ximnasia nos pavillóns de As Travesas, Lavadores, O Berbés e Teis; senón lles preguntan ós das piscinas municipais. En total 1.109 maiores practican algún tipo de actividade entre as exactamente 10 actividades diferentes das que poden participar.

Nós quixemos achegar os recursos e os servizos á cidadanía para mellorar a súa calidade de vida e proporcionarlles benestar ós nosos maiores; fixémolo cun programa que se fixo pensando nos criterios de calidade e equidade para que todos e todas os maiores, independentemente de onde vivisen ou da corda da que fose a asociación, puidesen participar en igualdade de condicións deste programa de avellentamento saudable.

Pero tamén, en contra do que vostedes din na súa moción, como amamos a nosa cultura, o noso país e a nosa cidade, puxemos en marcha outro programa que é “Outono Cultural” que forma parte de todo isto.

No mes de novembro os nosos maiores que non coñecían os museos da cidade ou que nunca tiveron a oportunidade e créame, Sra. Iglesias, vostedes que foi Concelleira de Benestar, había moitos que nunca tiveron a oportunidade de ir un teatro, tivérona. Participaron mil persoas maiores participaron dese programa. Se segue sen o crer tamén lles pode preguntar ás setecentas persoas que participaron no programa “Viaxa e coñece o noso País” no que se oferta a cada asociación para as

persoas maiores de 65 anos un autobús ó ano.

Á inversa dos criterios que vostedes utilizaron nós si pretendemos que haxa equidade. Non lles damos dous ou tres cursiños de dous meses a dúas ou tres asociacións, senón que o que facemos é repartilos por toda a orografía de Vigo, por todas as parroquias e barrios. Sra. Iglesias, non sei se lle parece pouco o que fixemos nun ano e nove meses, pero como dicía o sabio que o movemento amósase andando e nós apostamos polos nosos maiores e por iso multiplicamos por catro o orzamento que vostedes tiñan para o programa de deporte para os nosos maiores. Pasamos exactamente de 37.500 euros a 156.000 euros. Esta é a realidade e estes os feitos, se non o cre o pode consultar.

Cando nós chegamos á Concellería non tiñamos claro o que se facía nin se deixaba de facer, só sabiamos que había xente participando nas piscinas e en ximnasia para maiores; que había dous cursos, un de percusión e efectivamente outro de baile neste Concello. Logo, de vez en cando chegábanos alguén dicindo que o ano pasado tiveran un cursiño de tres meses de memoria ou dalgún tipo de actividade. Por certo, Sra. Iglesias, quedaron a deber 6.000 euros por dúas actividades porque os prometera a daquela a Sra. Alcaldesa pero non os pagara, tívenos que pagar eu cando cheguei á Concellería.

O programa “Avellentamento Activo” ten uns criterios de participación, ten unha ficha; isto é orde, aquí teño a solicitude de participación co número de actividades a escoller. Calquera pode acceder a este programa, está en todas as asociacións. Isto é apostar polos nosos maiores.

SRA. IGLESIAS BUENO: Co relatorio que fixo deume a razón porque se o 15 de xaneiro se reuniu coas asociacións e cos alumnos para lles dicir que ía empezar o curso o 1 de marzo é que o suspendeu, porque senón ese curso comezaría de inmediato. Non creo que un curso dependa de que unha persoa estea de baixa mes e medio porque se foi así en febreiro estaba en activo, co que podería continuar perfectamente o curso. Pero esa é a unha anécdota.

Vostede fálame do programa “Avellentamento activo”. Sinceramente se vostede me di, créoo e o véxoo nos orzamentos, que aumentou o orzamento por catro, debería ter aumentado por catro o número de persoas que participan nese programa. De feito o programa existía, non se chamaba “Avellentamento activo” senón que non tiña nome. Como vostede sabe nós tiñamos un orzamento limitado e iamos facendo as

actividades, pero fixemos bastantes porque por exemplo tiñamos informática que vostedes non teñen. Como falou dos museos, tamén tiñamos visitas a museos xa dende hai tempo, tiñamos o programa de cine, un montón de viaxes e actividades que vostedes agora xa non teñen. Tamén me mesturou a programación de viaxes da Xunta, pero está ben. O que si que non faciamos era meter ós maiores en mitins pero o demais si que o faciamos.

Vostede di que o orzamento se multiplicou por catro e a min gustárame saber xa que eses cartos existen e estanse a facer esas actividades, que actividades se están facendo cos 150.000 euros que vostedes destinou á Fundación Vide o ano pasado? Que se fixo con eses cartos destinados ós maiores? É algo que me gustaría saber.

Non vou discutir todos e cada unha das argumentacións que me deu, pero si lle digo que non se notou ningunha mellora na súa programación de maiores e máis con ese aumento tan importante de cartos.

Só espero que se continúen canto antes as clases de danza e percusión.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Semella que vostede non escoitan cando se lles dan os datos. Non é ese o aumento de diñeiro, díxenlle que había 1.109 persoas e pendentas de iniciar tres ou catro co que chegaremos a final de ano probablemente ás 1.400 persoas.

Eu non podo dicir canta xente participou nas súas actividades porque non hai nin RC pedido, as actividades que se fixeron moitas quedaron sen pagar; non están recollidas por ningures, como vou dar datos a respecto do que vostedes fixeron, Sra. Iglesias? Nin datos temos porque non había ningún programa.

Como lle dixen o programa "Avellentamento activo" pretende mellorar a calidade de vida. Vostedes tiñan unha persoa que recompilaba no Partido Popular ás persoas maiores que eran da súa corda e logo ó mellor pasaban por aquí, a esas persoas eran ás que lles ofrecían cursos. Non había equidade nin igualdade.

Pero non se preocupe que nós imos seguir traballando, non imos facer política de descualificación como a que fan vostedes; aínda que se vostedes a fan nós tamén saberemos responder.

Sra. Iglesias, o que queremos é o ben para os nosos maiores e o que lle molesta é que vostedes non participen nesa realidade. Nós puxémola en marcha porque nós si cremos nas persoas maiores e queremos darlles benestar e calidade de vida.

Fíxense que sorte tiveron vostedes que o monitor do curso fíxoo sen orzamento. Nós

aprobamos un orzamento e polo tanto dura de decembro a decembro, de xaneiro a decembro ten que haber outro orzamento e mentres este non se pon en marcha o curso non se pode iniciar; é así de sinxelo. Como se fan os contratos ó longo do mes de xaneiro e en parte do mes de febreiro, por iso comezan aí as actividades. As actividades non duran tres meses, Sra. Iglesias, duran todo o ano. Iso é calidade de vida e benestar para os nosos maiores e o demais coido que é un brinde ó sol.

SRA. IGLESIAS BUENO: Eu non sei como é vostede tan rigorosa administrativamente cos contratos por un lado, que non poden empezar corenta maiores en xaneiro nun programa que se ven realizando dende hai dez anos e resulta que o 18 de decembro de 2008 asina un convenio coa Fundación Vide e dálle 150.000 euros para ese ano; iso pódese facer con anterioridade? Coido que se descualifica a si mesma coas súas argumentacións.

A realidade é que tardou un ano en poñer en marcha o programa “Avellentamento activo”, estivo un ano sen facer absolutamente nada cos maiores e agora a verdade é que para o volume de diñeiro que hai eu non vexo tanta actividade e máis cando se carga programas que estaban funcionando tan ben dende hai tanto tempo e con gobernos de todas as cores.

(Está ausente o Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, instando a continuación das clases de danza e percusión para maiores, así coma estender o programa a barrios e parroquias, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (57).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO RECTIFICACIÓN EN CIRCULAR REMITIDA Ó SERVIZO DE BOMBEIROS RELATIVA Ó USO DO IDIOMA GALEGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de marzo de 2009, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"Dende que o 17 outubro de 2008 se dirixe unha circular ao Suboficial do servizo de Bombeiros para que se elimine calquera lista nos vehículos e calquera documento redactado en castelán invocando o cumprimento dunhas supostas instrucións do Valedor do Pobo, comezou un periplo para o departamento correspondente.

Nestes momentos o departamento correspondente non sabe se ten que ter estes documentos só en galego ou poden telo tamén en castelán.

Con esta incógnita, o 20 de xaneiro de 2009 enviouse un escrito asinado polos sindicatos UGT e SICO dirixido ao señor Alcalde, co fin de que se aclarase en que lingua terían que ter os documentos dos vehículos de bombeiros, sen que ata a data se tivese recibido contestación.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo para a súa aprobación:

Que se realice unha rectificación da devandita circular, indicando a cooficialidade das dúas linguas, galego e castelán".

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 23 de marzo, tomou coñecemento do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Tentarei ser o máis breve posible pero coido que a importancia do tema require que me estenda só un pouco. Antes de nada, xa que a moción vai sobre bombeiros, felicitar pola medalla obtida o venres.

Cada vez que fago unha moción deste tipo atopo unha resposta por parte da oposición. Hai uns meses presentei unha moción sobre o "Plan Concilia" que non me aprobaron e ós catro días estaban realizando o que se pedía. Posteriormente presentei unha moción relacionada coa categoría profesional do funcionario. O concelleiro dixo que non sabía o que era pero catro días despois a estaba negociando no convenio que se está facendo. Presentei logo outra moción dicindo que era necesario axilizar por vía de urxencia o correspondente expediente do inventario municipal; se me dixo que si, que se estaba facendo e xustamente nesa semana se fixo aínda que logo se volveu parar. Finalmente presento unha moción e luns e empézase a funcionar novamente coa actuación por min solicitada.

Quero indicar que esta moción non está relacionada con política lingüística, pola

contra o está coa seguridade dos cidadáns de Vigo. Isto é así porque cada vez que hai un cambio de quenda os bombeiros teñen que realizar o oportuno control de todos os materiais e se a linguaxe que utilizan é o galego para algúns é bastante complicado, isto non quere dicir que non se use pero só unha das dúas linguas coido que non é apropiado e sobre todo cando se trata da seguridade dos cidadáns de Vigo. O día 18 de outubro de 2008 dirixíuselle unha circular ó suboficial de bombeiros indicándolle que os documentos se redactasen só en castelán e ó parecer isto viu por mor dunha orde do Valedor do Pobo quen logo dixo que non sabía nada. Isto sóubose a raíz dunha conversa con Gloria a representante de Galicia Bilingüe.

Efectivamente isto se puido dilucidar polas conversas pero o que está claro é que nestes momentos non saben en que idioma redactar os documentos, se en castelán ou en galego. Da prensa se desprende que xa está todo arranxado e o concelleiro responsable di que o culpable foi un funcionario por unha mera interpretación.

O que está claro é que o 20 de xaneiro de 2009 tanto UXT como SICO dirixiron un escrito ó Alcalde solicitando unha nova circular para saber que idioma tiñan que usar, se o galego ou o castelán. A data de hoxe, 30 de marzo, aínda non obtiveron resposta.

O que se solicita con esta moción é que se realice unha rectificación da antedita circular indicando a cooficialidade das linguas galega e castelán.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Non se preocupe, Sr. Martiño, en efecto foi un erro de interpretación. A demanda era que as listaxes de material dos camións de bombeiros estiveran en galego. Por mor dunha comunicación do Valedor do Pobo, en efecto houbo a mala interpretación de supoñer que tiñan que estar só en galego. Nada máis lonxe da realidade. Estamos nunha Comunidade Autónoma onde hai dous idiomas oficiais e obviamente van estar todas as listaxes nos dous idiomas. Non teña vostedes a máis mínima preocupación ó respecto.

Si houbo esa mala interpretación que en ningún momento vai pasar de aí porque obviamente vai estar nos dous idiomas sen ningún problema.

SRA. VELOSO RÍOS: Como concelleira de Normalización Lingüística a verdade é que me alegro tamén de que se presentara esta moción porque me dá pé a aclarar un par de cuestións das que xa se falou en anteriores ocasións sobre este tema concreto da listaxe de material que vai nos coches de bombeiros.

A orixe de toda esta situación supoño que é a solicitude que fixo un funcionario do Servizo de Extinción de Incendios en novembro de 2007 por non estaren as listaxes en galego. Solicitou que si o estivesen.

Dende o Servizo de Normalización indicouse que efectivamente, de acordo coa legalidade, de acordo coa ordenanza obrigatoriamente tiñan que estar en galego ademais de que puidesen estaren en español ou en calquera outro idioma. Así se contestou.

Ademais tamén dende o Servizo de Normalización posteriormente se realizou a tradución desas listaxes do español ó galego e a súa corrección para que o Servizo dispuxese desas listaxes en galego e as puidese colocar nos coches de bombeiros.

Si que parece ser que houbo durante todo este tempo, estamos falando de máis dun ano porque isto xa ven dende novembro de 2007, unha ausencia de resposta á demanda deste funcionario e non se colocaron as listaxes en galego o que deu lugar ás correspondentes demandas tanto ó Servizo de Normalización como ó Valedor do Cidadán por non se lle dar resposta. Repito que foi ó Valedor do Cidadán e non do Valedor do Pobo porque se está falando deste último e de feito nunha comunicación aparece a referencia ó Valedor do Pobo pero isto aínda non chegou ata esa instancia. En todo caso eu falo do expediente que figura no noso Servizo no que hai relación unicamente co Valedor do Cidadán e efectivamente dende este organismo se nos comunica que se segue sen cumprir coa legalidade neste sentido, pero o Servizo de Normalización non ten competencia neste tema, senón que depende do Servizo de Extinción.

Durante todo este tempo déronse todos estes trámites. Dende o Servizo de Normalización fixemos unha vez máis referencia ó necesario cumprimento da legalidade e demos resposta nese sentido.

Por outra banda en ningún momento se dixo dende o Servizo de Normalización, porque non respondería á legalidade, que non puidesen estaren as listas tamén en español. Por suposto que poden estar tamén en español e nese sentido coido que a liberdade de uso das dúas linguas, concretamente no caso dos bombeiros, non se coartou nunca e de feito quedou plenamente demostrada mesmo o venres pasado na recollida da Medalla de Ouro, pola que nós tamén felicitamos ós bombeiros da nosa cidade, na que o representante dos bombeiros fixo o seu discurso en español sen ningún tipo de problema. Coido que en ningún momento se fixo ningún tipo de coacción para que non se utilizase o español.

Si que é certo que a presidenta de Galicia Bilingüe dixo diante de min nun debate que esa circular saíra do Servizo de Normalización do Concello de Vigo e só tiveron ocasión de lle dicir que iso non era certo. En todo caso si que hai unha circular do suboficial pero nunca do Servizo de Normalización do Concello de Vigo.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Non me sorprende que o Sr. Calviño lle bote a culpa a un funcionario e diga que se equivocou. Xa sabía eu que ía facer iso en troques de asumir calquera tipo de responsabilidade.

Insisto en que é o Valedor do Pobo; o Valedor do Cidadán ten coñecemento disto pero é o Valedor do Pobo quen levou o expediente.

Vostede di que isto se vai solucionar pero dende o día 20 de xaneiro, data de entrada no Rexistro do escrito de bombeiros solicitando a rectificación non houbo resposta e por iso se dirixiron á oposición pedindo axuda para poder rectificar a circular, mesmo enviaron un escrito con firmas onde o que piden é unha revisión da circular.

Repito que aquí estamos falando dun tema de seguridade porque os bombeiros din que algún deles non son capaces de entender as instrucións ou de saberen se o están facendo correctamente cada vez que se incorporan ó seu posto porque o idioma que se está utilizando é o galego. Non queren dicir que non saiban o que están lendo, senón que a seguridade total a terían se puideran ler en castelán.

Logo desta moción espero, Sr. Calviño, que os papeis non só vaian e veñan, senón que esta circular saia xa para que estea nos camións de bombeiros. Doume por satisfeito con iso e, por favor, non lle bote a culpa a ningún funcionario porque pode haber malas interpretacións pero ó final somos nós os representantes políticos. Deixamos á parte ós funcionarios e tratemos nós de solucionar os temas.

Eu o único que quero é que, segundo me reclamaron os bombeiros, esta circular saia xa nos dous idiomas, tanto en galego como en castelán.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O primeiro que teño que dicir é que logo da sinatura do funcionario está o meu conforme e por iso asumo a miña responsabilidade política porque, en efecto, houbo un erro de interpretación. Na medida en que a reclamación era para que as instrucións estiveran en galego, entendíase do escrito do Valedor do Pobo daquela e tamén do Valedor do Cidadá. Estivo todo mesturado por haber expedientes e escritos abondo; houbo esa mala interpretación e dende hai tempo teñen a miña orde para que se corrixa.

Moi posiblemente hoxe xa estean nos camións as dúas listaxes pero o que non lle podo asegurar é canto poden durar os dun ou do outro idioma porque nestas situacións tamén se dan respostas especiais, hai “talibáns” lingüísticos tanto no galego como no castelán e obviamente hai moitas dificultades para que as cousas se manteñan no xusto punto onde deben estar. Pódolle asegurar que tamén xogaron un papel importante os que semella que están interesados en desatar unha guerra lingüística. Nada máis lonxe da realidade, pode ter a seguridade de que faremos o maior esforzo para que as instrucións estean nos dous idiomas e que faremos as revisións cada tempo que sexa necesario.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Nós non podemos entrar nesas guerras lingüísticas pero o que si é certo é que as responsabilidades son nosas e non dos funcionarios.

(Están ausentes os Sres. Alonso Pérez e Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, solicitando unha rectificación na circular remitida ó Servizo de Bombeiros relativa ó uso do idioma galego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (58).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas e corenta e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

S.Ordinaria 26.03.09

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.